



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL en Pleno o 25 de setembro de 2020

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 25 de setembro de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións anteriores, extraordinaria número 8/2020 de 9 de setembro e ordinaria número 9/2020, de 11 de setembro
2. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 5 de setembro de 2020 ata o 18 de setembro de 2020

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

4. Aprobación da modificación dos seguintes Pregos Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares: - Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeir para contratar mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais. - Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeir para contratar mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais
5. Aprobación da modificación do texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2020
6. Aprobación da rectificación anual do Inventario da Deputación Provincial da Coruña.
7. Ratificación do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Arzobispado de Santiago de Compostela para financiar o remate da restauración da obra pictórica a "Inmaculada Concepción" da parroquia de San Nicolás na cidade da Coruña e a achega provincial

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

8. Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto "Conservación e restauración do parque histórico o Pasatempo de Betanzos - Fase I"

9. Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excm. Deputación da Coruña e o concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras da fase I-Proxecto básico e de execución e rehabilitación do edificio "Casa das máquinas"

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

10. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintencidos e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2020.

11. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a agosto de 2020 e proxección a 31/12/2020.

12. Aprobación do convenio marco entre a Deputación Provincial da Coruña e as comunidades de usuarios de augas da provincia para a encomenda da xestión recadatoria dos seus ingresos de dereito público.

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

13. Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Carballo para financiar o proxecto "Deseño e creación dun espazo colaborativo no Concello de Carballo", dentro do PEL EMPRENDE 2018

14. Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para cofinanciar o Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: Para unha transición ecolóxica.

15. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2020"

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓN

Moción centros educativos.

Moción instando á Xunta de Galicia a exercer as súas competencias para garantir o desenvolvemento dun curso académico presencial, seguro e de calidade

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 25 de setembro de 2020.

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 26391/2020, de 7 de setembro, o 25 de setembro de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Actúa como secretaria accidental: Amparo Taboada Gil, oficial maior da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:05 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Aprobación das actas das sesións anteriores, extraordinaria número 8/2020 de 9 de setembro e ordinaria número 9/2020, de 11 de setembro

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións anteriores, extraordinaria número 8/2020 de 9 de setembro e ordinaria número 9/2020, de 11 de setembro.

2.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 5 de setembro de 2020 ata o 18 de setembro de 2020

Dáse conta das resolucións da Presidencia desde o 5 de setembro de 2020 ata o 18 de setembro de 2020

3.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobación da concesión da subvención nominativa ao Concello da Coruña, CIF P1503000J , para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)*, cunha

achega da Deputación por importe de 120.926,27 €, que representa unha porcentaxe do 28,61 % do total do gasto previsto que é de 422.674,43 €.

2.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento”.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2020*, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM).

Na Coruña, o ____ de _____ de 2020, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente”, e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de

conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...".Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Coruña no ámbito das súas competencias, ten unha rede municipal de acollida que conta con dous equipamentos de titularidade municipal:

* unha Casa de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orden do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as e os menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero,

* dous pisos de inclusión e transición a vida Autónoma (PITVA).

A Casa de Acollida e/ou pisos de inclusión e transición a vida autónoma forman parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero; o art. 48.1 establece que "Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero".

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Coruña ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, P1503000J, para financiar o ***Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM)***, por consideralos recursos especializados de carácter supracomarcal e que dan servizo aos concellos da provincia.

II.- CONDICIÓN XERAIS.

1.- Descrición dos recursos da rede.

A *casa de acollida para mulleres* (CAM) é un recurso especializado de carácter residencial e temporal que ofrece acollida, atención e recuperación ás mulleres e, no seu caso, ás persoas que dependen delas; o tempo de permanencia neste centro non será superior a tres meses, podendo establecerse una prórroga por un período igual, en circunstancias excepcionais.

Os dous *Pisos de Inclusión e Transición a Vida Autónoma* (PITVA) son un recurso especializado de carácter residencial e temporal que posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral ás mulleres e, no seu caso, persoas que dependen delas; o tempo de permanencia no poderá ser superior a un ano.

Estes recursos forman parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, regulada pola Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, e pola Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero.

2.- Perfil e requisitos das persoas usuarias.

Mulleres e persoas que dela dependan, que acrediten ser vítimas de violencia de xénero, nos termos establecidos no artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3.- Compromisos do Concello da Coruña.

3.1.- Manter o recurso en funcionamento, valorar a idoneidade das usuarias do recurso e garantir a atención e recuperación ás mulleres en situación de violencia de xénero e ás persoas que dela dependan.

3.2.- Manter adscrito á *casa de acollida* e aos *dous pisos de inclusión e transición a vida autónoma* ao seguinte persoal:

- 10 ordenanzas
- 1 directora
- 1 traballadora social

3.3.- Valorar as condicións de ingreso en cada centro, tanto de acceso como de permanencia, ou a necesidade de prórroga de acordo cos seus regulamentos internos e a normativa da Xunta ou lexislación vixente.

3.4.- Cumprir as normas e requisitos que se establecen segundo o tipo de recurso, garantir o cumprimento dos regulamentos de réxime interno, seguir as directrices marcadas pola Xunta así como dispor das autorizacións ou permisos pertinentes.

3.5.- Cumprir co procedemento de actuación, na forma e nos prazos, para a

tramitación das prazas segundo as directrices no marco do Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e co establecido no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña.

3.6.- Informar á Deputación Provincial da Coruña, sobre calquera modificación do Regulamento de réxime interno da casa de acollida e/ou dos pisos de inclusión e transición a vida autónoma.

3.7.- Comunicar á deputación Provincial da Coruña calquera tipo de cambio no recurso: ampliación ou redución de equipamentos ou das prazas, peche por obras, outras reformas etc.

3.8.- Remitir á Deputación Provincial da Coruña, en prazo e forma, a solicitude de prórroga do convenio, a memoria anual do recurso, a solicitude de novo convenio, e/ou informes de seguimento, de ser o caso, que se recollan no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña ou sexan solicitadas.

3.9.- Designar a unha persoa responsable do servizo ou sección da que dependan os recursos e a unha persoa responsable ou directora dos recursos para formar parte dunha comisión de seguimento. Esta comisión reunirase anualmente.

3.10.- Asistir ás reunións convocadas pola Deputación Provincial da Coruña.

3.11.- Publicitar no centro de acollida a colaboración da Deputación Provincial da Coruña, o financiamento do recurso a través dunha comunicación escrita colgada no taboleiro ou lugar visible que inclúa o logo da Deputación Provincial da Coruña e de Igualdade.

Así mesmo, estes logos incluíranse nas memorias xustificativas ou en calquera material que se edite.

4.- Obrigas da Deputación da Coruña.

4.1.- Colaborar no financiamento dos gastos de mantemento da casa de acollida e dos pisos de inclusión e transición a vida autónoma (gastos de persoal e gastos correntes) do Concello da Coruña.

4.2.- Cooperar na coordinación das dúas entidades que interveñen no convenio a nivel administrativo e técnico.

4.3.- Realizar, de acordo co PRAM, o seguimento e coordinación correspondentes coa dirección do recurso e cos servizos do Concello da Coruña, promovendo o desenvolvemento do proxecto de traballo individual de cada muller acollida.

4.4.- Constituír unha comisión de seguimento para á que designará unha persoa responsable do convenio, e convocar as reunións anualmente con alomenos unha semana de antelación.

4.5.- Convocar calquera outra reunión ou solicitar informes técnicos, en caso de considerarse oportuno.

4.6.- Avaliar os resultados e elaborar un informe anual de resultados e outro cuatrianual.

4.7.- Proporcionar formación anual para o persoal dos recursos, en función das necesidades detectadas sobre intervención en materia de violencia de xénero e xestión emocional.

III.- ORZAMENTO DE GASTOS.

O orzamento de gastos de mantemento da casa de acollida e dos pisos de inclusión e transición á vida autónoma do Concello da Coruña é o seguinte:

CONCEPTOS DE GASTO				IMPORTE
Gastos de persoal da rede		Retribucións	Seguridade Social	364.674,43
	10 Ordenanzas	206.604,02	63.365,77	269.969,79
	Directora	37.699,08	11.998,63	49.697,71
	Traballadora social	34.192,16	10.814,77	45.006,93
		Casa acollida - CAM	Pisos inclusión PITVA's	
Reparacións e mantemento de edificios		4.178,00	822,00	5.000,00
Reparación e mantemento de maquinaria		1.253,40	246,60	1.500,00
Subministracións				50.000,00
	Gas	8.356,00	1.644,00	10.000,00
	Alimentos e outros produtos	29.246,00	5.754,00	35.000,00
	Productos farmaceuticos e outro material sanitario	1.253,4	246,60	1.500,00
	Outras subministracións	2.924,6	575,40	3.500,00
Outros gastos diversos		1.253,40	246,60	1.500,00
TOTAL				422.674,43

IV.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación Provincial da Coruña financiará os gastos de mantemento da casa de acollida e dos pisos de inclusión e transición á vida autónoma incluídos no orzamento que figura na cláusula terceira cunha achega máxima de **120.926,27 €** o que representa unha porcentaxe do 28,61 %.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula

segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 28,61 %, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

2. Agora ben, aínda que se xustifique gasto suficiente, no caso de que non se mantivese o persoal sinalado no apartado 3.2 da cláusula II, reducirase proporcionalmente a aportación de Deputación Provincial da Coruña, en base ao orzamento achegado polo Concello.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega da Deputación Provincial da Coruña é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

V.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia necesarios para o mantemento da casa de acollida e dos pisos de inclusión e transición a vida autónoma.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

VI.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

VII.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1 - A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle abonada ao Concello de Coruña unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel)

a seguinte documentación:

***Certificación** do Concello de que o recurso está en funcionamento.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) establecida na cláusula segunda, apartado 3.11.

* **Memoria xustificativa** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, segundo consta no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero (PRAM).

* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ao ano a xustificar.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula novena.

VIII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A través do presente convenio fináncianse os gastos de mantemento da *casa de acollida para mulleres-CAM* e os *Pisos de Inclusión e Transición á Vida Autónoma-PITVA's* entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020**.

2. Unha vez rematado o ano, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima antes do **31 de marzo de 2021**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

IX.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial da Coruña determinarase de oficio por esta.

X.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas

as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XIII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da achega concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a achega ao Concello de Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2020, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2021**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Previa solicitude do Concello da Coruña, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, por períodos anuais sucesivos, por un máximo de catro anos, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.

Coa solicitude de prórroga anual o Concello da Coruña presentará o orzamento previsto.

A prórroga poderá dar lugar a modificacións, tanto da cantidade da achega provincial como da porcentaxe de financiamento, así como do procedemento e protocolo de actuación de ser o caso.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación da modificación dos seguintes Pregos Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares: - Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeir para contratar mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais. - Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeir para contratar mediante procedemento aberto (con unico criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

INTERVENCIONS

Sr. Penas Corral

Bo día a todos e a todas.

Hai sete meses xa desde a primeira xuntanza na que o Goberno desta Corporación informou a todos os Grupos e aos Servizos implicados a intención de modificar os pregos de contratación, unha intención que xa vén de lonxe, e que recolle eses primeiros traballos de persoas que mesmo hoxe xa non están nesta Corporación e que estiveron en postos en Contratación e noutros Servizos. Hoxe chegan a este Pleno, por fin, estes pregos, os de múltiples criterios e os de único criterio, no seguinte Pleno do mes de outubro chegarán, xa con moito máis traballo feito, os pregos simplificados que tamén me consta que están agardando os concellos.

Nestes sete meses pasaron moitas cousas, e non todas positivas, vémonos inmersos en medio dunha pandemia, unha pandemia que fixo que o que entón se entendía como urxente, hoxe sexa vital, urxente porque a necesidade inicial e final de modificar os pregos non é outra que a de adaptalos politicamente a unha realidade social e económica, así, a maioría das veces a sociedade, a empresa, a economía, en definitiva todas aquelas persoas e entidades que están fóra deste edificio, van moito máis rápido do que indican os BOES, os DOGAS, os BOPS, e outros documentos burocráticos, que non sempre reflicten máis que intencionalidade política e non sempre se axustan á cotiandade da sociedade que debemos representar.

Nós debemos adaptarnos a dar unha resposta e unha solución ao que pasa aí fóra, e non ao revés, a función da política debería ser sempre así, ou mellor dito, o problema é que case nunca é así.

Alguén dicía que o peor inimigo na toma de decisións é o inmovilismo, inmovilismo no técnico e no político, non hai nada para sempre, absolutamente nada, tomar decisións en liberdade implica equivocarse e gobernar tamén moitas veces implica equivocarse e asumir eses erros.

Estes pregos son un intento moito máis fiel de adaptar os tempos á realidade, á vella e agora á nova realidade, son pregos máis dinámicos, pregos onde se pon en valor cuestións que non só falan de prezos, ou de economía de consumo interna, falan de economía externa, á que nós debemos de contribuír a axilizar e priorizar, falan de melloras na calidade das obras, de mellorar redactados, de concreción eliminando cantidades inmensas de documentación que tiñamos ata agora, de

mellorar fórmulas que perseguen buscar un equilibrio entre prezo e calidade e non de fomentar o aforro a costa de rebaixar o tempo de execución, e a costa, en definitiva, da calidade, aumentando despois os custos de mantemento adicionais, ou das garantías que só favorecen ás entidades financeiras que despois nos cobran por eses mesmos apoios. Os cartos teñen que estar nas empresas e nos traballadores, aí é onde comeza a auténtica economía circular, e falan de mellorar aspectos sociais, de fomentar a contratación entre quen máis o necesita, pero con melloras reais, e non só mediante instrucións difíciles de executar, de controlar ás empresas fantasma que se constitúen para unha soa licitación, ou empresas que pretenden traballar con dous traballadores, de regular a subcontratación, de incentivar o bo traballo e as boas prácticas, falan de conciliación, de formación, de plans de igualdade reais, e non soamente redactados nunha folia de Word, sen contido, mais tamén falan de calidade, de medio natural, de seguridade e saúde, etc. E, como non, tamén falan de fórmulas, falan de baixas temerarias, de medidas aritméticas, e de toda esa parte aburrida que constitúen un núcleo importante nos cálculos, que marcan a delgada liña que establece a diferenza entre o real e o xusto. E como temos que ser legais, optamos polo máis xusto dentro da legalidade, agardando as decisións políticas máis aló da nosa institución acaben de comprender que a contratación debe de ser un mecanismo para colaborar co mercado de traballo, pero nunca para limitar ou ralentizar ese mesmo mercado ao que intentamos beneficiar, esa é a diferenza entre ir por diante e ir por detrás.

Pero os pregos non poden ser un documento de inmovilismo, como dicía antes, non poden ser unha especie de sagrada escritura que non evolucione ao mesmo tempo que todos e todas nós. É por iso que non se trae aquí para a súa aprobación un documento final, senón traemos un documento de partida, seremos todos e todas os que estamos aquí os que valoremos a súa avaliación, o seu valor e a súa adaptación efectiva á economía real. A nosa responsabilidade é axilizar a contratación, reducir os prazos, aumentar a execución e, insisto unha vez máis, poñer a economía ao servizo da sociedade. Posiblemente non sexan os pregos que nos gustaría a todos ter ao cen por cento, nin a nós, nin a moitos sectores dos que están fóra, pero son uns bos pregos coas circunstancias e legalidades que temos actualmente.

Estes pregos non terían sido posible sen a colaboración desde o primeiro momento de todo o equipo de Goberno, e teño que agradecerlo desde a miña área, pero tamén sobre todo teño que facer unha mención especial pola comprensión, achegas e posta ao noso servizo de propostas de todos os Grupos da oposición, do Partido Popular, da Marea Atlántica e de Alternativa dos Veciños. É por iso, insisto, que quero agradecer de forma especial a súa colaboración institucional en todo canto foi preciso, insisto, desde o primeiro día a colaboración foi total, construtiva, con achegas e colaborativa. Foi sempre intención do equipo de Goberno conseguir a unanimidade nese traballo, demostrar que cando se quere, se pode, e que cando se pensa nun resultado máis aló dos intereses partidistas que lexitimamente todos temos, pódese chegar moito máis lonxe, ou cando menos, máis rápido.

Son tempos de solucións, e agora máis ca nunca, sempre o son, non se entendería non chegar a acordos en tantos e tantos aspectos delicados, e este, aínda que non o parece moitas veces, é moi delicado. O meu agradecemento tamén a todos os colectivos e persoas que colaboraron desde fóra, desde a asociación, pasando

pola GEINCO, especialmente APECCO, empresas, sindicatos, profesionais doutras institucións, e administracións, en definitiva a todos e todas os que sumaron e que dedicaron parte do seu tempo e xuntanzas e xuntanzas das que, sen dúbida, aprendemos moito todos e todas, e concretamente eu tamén teño que dicir que aprendían moitísimo.

E quería deixar para o final o agradecemento, como non pode ser doutra forma, e tamén para todo o meu servizo, comezando polo xefe do Servizo, Luis Jaime, pero seguindo por todo o equipo, Cristina, Marina, Bea, María, etc., etc., non podo mencionar a todas as persoas, pero moitísimas grazas a todos e todas, por todas as veces que tiveron que redactar, por todas as modificacións miñas que tiveron que soportar, por todas as achegas técnicas, por poñer os seus coñecementos, que son moitos, por entender finalmente que as decisións políticas e técnicas non teñen por que ser confrontadas, senón que teñen que ser complementadas, e por suposto por todas as viaxes que tiveron que facer entre o terceiro e o quinto andar e cónstame que foron moitísimas. Moitísimas grazas a todo o Servizo.

Agardo, polo tanto, a aprobación destes pregos neste Pleno, que insisto, agardamos desde o equipo de Goberno sexan os pregos de todos e de todas e para todos e para todas. E, insisto, sobre todo, son uns pregos de partida e non uns pregos de final. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación dos seguintes Pregos Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares:

- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento aberto (con **pluralidade de criterios** de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das **obras** comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento aberto (con **único criterio** de adxudicación, factor prezo) das **obras** comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

ANEXO I

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS.

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

1) OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO

1.1) Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras a que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente Estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no art. 4 do decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co previsto no art. 4 do RD 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forma parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato.

Para os efectos do presente prego e da LCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 20.1 LCSP.

Neste sentido nos epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato e se está suxeito ou non a regulación harmonizada.

1.3) Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais

De conformidade co establecido no art. 1.3 e concordantes LCSP os criterios sociais e ambientais son recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial canto aos criterios de adxudicación e condicións especiais de execución , e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigacións de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais) normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación persoal) e ambiental.(adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc...

1.4) Principios.

De conformidade co art. 1 LCSP a presente contratación axústase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización das obras.

2) PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto a este.

Entenderase por presuposto base de licitación o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro destas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 102 1 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) FINANCIAMENTO.

3.1. Obras de carácter anual:

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).

3.2. Obras de carácter plurianual:

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3.B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego.

4) REVISIÓN DE PREZOS.

4.1. Obras de carácter anual:

De conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual:

Se o contrato tivese carácter plurianual, con xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no real decreto a que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 103 LCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se executase, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme a fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I do presente prego).

En consecuencia o primeiro vinte por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) PRAZO DE EXECUCIÓN.

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da sinatura da Acta de comprobación do *replanteo*, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, fíxense na aprobación do programa de traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, esta porcentaxe de baixa aplicarase a realizar máis obra en cada unha das anualidades, abonándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a Administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) APTITUDE PARA CONTRATAR.

6.1 Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo

1.- Plena capacidade de obrar (art 65 LCSP)

2.- Non estean incursas en prohibicións para contratar coa Administración a que se refiren os arts. 71 a 73 LCSP,

3.- E acrediten a súa solvencia económica e financeira (art 87) e técnica (art 88), (ou se atopen debidamente clasificadas, nos supostos a que se refire a cláusula seguinte e art 77).

A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

6.2 A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

6.3 Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA.

Para concorrer á presente licitación requírese dispor da clasificación ou da solvencia que se indica nos apartados seguintes da presente cláusula.

Os licitadores acreditarán a clasificación e/ou a solvencia a través da declaración que incluírán no documento único europeo de contratación a que se refire a cláusula 12.A.1

No entanto, o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar os documentos xustificativos da clasificación e/ou solvencia que se indican nos apartados 7.1 e 7.2, na forma en que se indica nos citados apartados.

7.1. Clasificación.

Para contratar coa Administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 77.1 a) LCSP, será requisito indispensable que o contratista obtivera previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato, caso de empresas españolas e estranxeiras non comunitarias.

Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea nin dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertenzan aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica,

financeira e técnica ou profesional.

En consecuencia os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica.

7.2. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; a empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 do presente prego) do seguinte modo:

A. Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea: Poderán optar:

A.1. Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión desta.

A.2. Mediante a acreditación da solvencia económico e financeira a que se refire o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refire o apartado 7.2.1.b).

B. Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade: No suposto de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.

7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

7.2.1.a.1 Medios

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior a 25% do valor estimado do contrato.

b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigaón de aprobación de contas anuais.

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c) xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato

Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.a.2. Acreditación documental

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a) Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no este rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art 86.1, parágrafo 3.LCSP).

7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán esta consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último desempeñe directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra esta condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración na que se indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para executar as obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente desta

d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no anexo V.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuado e proporcionado á natureza e orzamento da obra.

7.2.1.b. 2. Regra específica para as empresas de nova creación :

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e

e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

7.2.2. Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

7.3 O valor estimado.

Para os efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características

8) UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS.

A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 LCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 69.5 e 6, e 78.1 LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o NIF de unión temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a duración desta será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporal quedarán obrigados solidariamente perante a Administración.

II.- ADXUDICACIÓN

9) PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación)

10) ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE.

10.1.a) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente prego publicarase no perfil de contratante (art. 156.6 LCSP), integrado na plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

10.1.b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: De conformidade co disposto nos artigos 20 e 156.2 LCSP, o anuncio de licitación publicarase no Diario Oficial da Unión Europea. Publicarase, ademais no Perfil de Contratante, integrado na plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet no enderezo que se indica na epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

11) PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. CONTRATACIÓN E LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

11.1. Contratación e licitación electrónica.

A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características, no enderezo electrónico que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

11.1.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (art. 20 LCSP)

11.1.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican nos epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos vinte e seis días naturais contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante (art. 156.6 LCSP), en tres sobres ou arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

11.1.A.2.) De conformidade co artigo 119 LCSP, no suposto que o expediente se declare de tramitación urxente o prazo de presentación de proposicións será de trece días naturais, contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante.

11.1.A.3.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratante.

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de

presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do sector público , durante as 24 horas do día .O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída.

11.1. B) Contratos suxeitos a regulación harmonizada (art. 20 LCSP)

11.1.B.1.) Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será de 35 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio á oficina de publicacións da unión Europea (Diario Oficial da Unión Europea).

11.1.B.2.). Este prazo redúcese en 5 días máis por aceptación de ofertas por medios electrónicos.

11.1.B.3.) Este prazo reducirase a quince días, se se publicou o anuncio previo a que refire o parágrafo 1º do artigo 134 LCSP (156.3 LCSP).

11.1.B.5.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas no epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

Na epígrafe 10 indícase o prazo de presentación de proposicións, en función das variables anteriormente indicadas.

12) PROPOSICIÓN: DOCUMENTACIÓN.

12.A .-ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO A: Subtitulado "Documentación".

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación: (artigo 140 e 141 LCSP).

12.A .1.- Declaración responsable:

Axustada ao FORMULARIO DO DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN, cuxa ligazón figura na epígrafe 11 do cadro de características do contrato.

12.A .2.- Compromisos e declaracións

12.A .2.1. Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso (art. 76 LCSP).

12.A .2.2. Compromiso de levar a cabo durante a execución do contrato polo menos unha das condicións de execución que se detallan na cláusula 27

12.A.2.3. Declaración relativa a criterios de desempate.

Para estes efectos deberán presentar o documento que figura como anexo 7.

12.A .3. Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 69 LCSP e cláusula 8 do presente prego.

12.A.4. Empresas estranxeiras

Ademais da declaración responsable a que se refire a letra anterior, as empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia executarse en España, deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitante.

12.A.5. Empresas non comunitarias

12.A.5.1 Informe de reciprocidade e Sucursal en España.

Informe de reciprocidade: As empresas non comunitarias deberán presentar o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68.1 LCSP coas excepcións previstas neste.

12.A.5.2 Sucursal en España e designación de apoderados: Ademais da declaración responsable a que se refire os apartados anteriores, as empresas non comunitarias, deberán achegar un compromiso de apertura dunha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2)

12.A.6. Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.B. SOBRE B: Subtitulado "Referencias técnicas". Criterios non avaliados de forma automática.

Conterá a seguinte documentación de referencias técnicas :

12.B.1) Programa de traballo:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se van realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características.

Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra, e en especial:

- plano de distribución das casetas de obra, contedores, provisións, guindastres e outra maquinaria
- plano de circulacións na parcela durante os traballos, peonís e motorizadas
- plano de servizos afectados e demais afeccións á contorna
- diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da execución

- listaxe de medios humanos e maquinaria que se vai utilizar na obra
- Perfil ou listaxe, no seu caso, das empresas subcontratadas e subministradoras de materiais.
- b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en porcentaxes de tempo).

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Neste apartado non se valorará a redución do prazo, posto que neste apartado valorarase a forma de organizar, planificar, programar e coordinar os medios materiais e persoais e a forma de execución, sistemas construtivos, etc

12.B.2) Actuación ambiental:

Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.
- Rexeneración de espazos.
- Indicación de entulleiras autorizadas onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.
- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do RD 105/2008.
- Medidas de aforro enerxético.

A documentación anterior irá acompañada de:

- Plano de áreas protexidas afectadas, no seu caso
- Plano de ordenación dos materiais sobre a parcela
- Plano de situación de entulleiras e puntos limpos que se van utilizar durante a obra
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da actuación ambiental
- Copias dos certificados de xestión ambiental de que dispoña a empresa
- Copias dos certificados de adecuación ambiental dos materiais que se van empregar na obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras en materia ambiental, no seu caso

12.B.3) Plan de control de calidade:

Plan de control interno de calidade

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- Control de calidade nos materiais que se van empregar
- Control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- Control de calidade nas probas finais de instalacións
- Calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos previstos no apartado anterior o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade:

- a) Medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade
- b) Sistemas de control: O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete que vai realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

Neste sentido deberánse incluír os seguintes documentos:

- Fichas de control en materiais e procesos: criterios de aceptación, rexeitamento e corrección
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable do control de calidade na obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras no control de calidade, no seu caso

Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerárase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 211.1.f LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego. A dirección de obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes e cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade

12.B.4.) Esquema do plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se van adoptar

- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto dos resultados en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

12.B.5 .- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.C. SOBRE C: "Oferta económica e referencias valorables automaticamente"

Conterá a proposición económica e referencias valorables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:

12.C.1.- Oferta económica: formulada estritamente conforme o modelo do anexo II do presente prego.

12.C.2.- Declaración responsable de estabilidade no emprego de mulleres traballadoras

12.C.3.- Plan de igualdade

13) SINATURA ELECTRÓNICA DA PROPOSICIÓN E DOCUMENTOS

As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañan á oferta deberán asinalos electrónicamente o administrador ou persoa apoderada con poder suficiente .

14) GARANTÍA PROVISIONAL.

En consonancia co disposto no art. 106 LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e apertura do arquivo ou sobre electrónico contendo as referencias técnicas, e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 146 e segs. LCSP, e regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a Administración comunicarlle ao contratista os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura e valoración das ofertas.

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas

1ª Fase: Valoración dos criterios non avaliados mediante fórmulas

O Comité de Expertos ou Organismo Técnico Especializado (cuxa composición a designará o órgano de contratación, a proposta da Mesa de Contratación), emitírase informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non avaliados de forma automática, á vista da documentación incluída polos licitadores no arquivo ou sobre electrónico B: "Referencias técnicas", criterios de valoración non avaliados de forma automática mediante fórmulas.

1. CRITERIOS DE CALIDADE: Plan de Control Interno de Calidade.
2. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN, PROGRAMACIÓN E DE EXECUCIÓN: Programa de traballo:
3. CRITERIOS AMBIENTAIS E ECOLÓXICOS: Programa de actuación ambiental
4. CRITERIOS LABORAIS: Esquema del Plan de seguridade e saúde:

Baremo: Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV

PUNTUACIÓN MÍNIMA. As empresas que non superen a puntuación mínima que se indica no anexo IV na FASE 1 non continuarán no proceso selectivo.

2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliados de forma automática

- Oferta económica

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

- **Criterios Sociais** : A estabilidade no emprego, porcentaxe de mulleres en relación co persoal, e plans de igualdade.

Baremo: Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV

Procedemento:

Unha vez emitido o correspondente informe relativo ao arquivo ou sobre electrónico B,

para os efectos previstos na segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do arquivo ou sobre electrónico C (ofertas económicas e demais criterios avaliábles de forma automática). Celebrarase no lugar e día que se sinale no perfil de contratante.

O presidente da mesa manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaranse os licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición fose presentada fóra de prazo ou en formato papel ou non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que ten erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación motivada dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

15.3.- Criterios de valoración:

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

Os criterios para a adxudicación son os seguintes:

15.4.- Ofertas anormalmente baixas.

15.4.1.- Cando o órgano de contratación presuma fundadamente de que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art 149 LCSP) notificaralles esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.4.2.- Consideraranse, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta resulta anormalmente baixa se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 4% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 4%
- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormalmente baixos se é inferior a outra en máis dun 3%
- Número de ofertas: 3. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 2% desta media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 2%
- Número de ofertas: 4 ou máis. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 1% desta media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.4.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta :

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

e, en particular, no que se refire a os seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras.
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

15.4.4 Documentación que se ha achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro

do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar ou non a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A. Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso deberá xustificalo o licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custo laboral fixo e volume de obra contratada:

Xustificarase mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.

4. Cumprimento obrigacións salariais.

Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigacións salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos

5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

En todo caso, o órgano de contratación, co informe previo dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

15.5 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

De acordo coa Disposición Adicional primeira do Real Decreto 20/2020 de 29 de maio, polo que se aproba o ingreso mínimo vital, na que se establece que a condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá aos efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no caso de persistir o empate terán preferencia as empresas que teñan unha maior porcentaxe de contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

O sorteo no caso de que os anteriores criterios non dese lugar a desempate.

15.6 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do *replanteo*, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas na LCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais a que se refire a cláusula 12.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir este importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a Administración non acordase a adxudicación no prazo de 3 meses, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 158 LCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o art. 149.4 do LCSP.

15.7. Designación de director de obra:

No acordo ou resolución de adxudicación concretará o órgano competente da Corporación a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, despois da tramitación do correspondente expediente de contratación.

De igual maneira actuarase para a designación de coordinación de seguridade e saúde e aqueles contratos conexos que fosen necesarios para executar as obras.

16) ADXUDICACIÓN

16.1. Requirimento de documentación ao licitador que presentase a mellor oferta

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentase a mellor oferta para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente, por medios electrónicos e con sinatura electrónica:

O licitador que presente a mellor oferta deberá presentar a documentación que se indica a continuación salvo que se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, para cuxos efectos deberá indicar esta circunstancia e número de inscrición, sempre que a citada documentación se corresponda coa esixida na presente cláusula e se atope vixente. En todo caso deberá constituírse a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria. Ademais deberá presentarse a documentación indicada nos apartados 11, 12, 13 ,14 da presente cláusula.

16.1.1.- Acreditativo da personalidade e capacidade.

1. a).- Persoas físicas: documento nacional de identidade/ NIF, pasaporte, NIE ou documento equivalente.

1. b).- Persoas xurídicas: Escritura de constitución e /ou no seu caso de modificación, inscrita no rexistro mercantil, no caso das persoas xurídicas.

16.1.2.- Representación

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que esta inscrición sexa esixida polo Regulamento do rexistro mercantil.

No entanto será suficiente se o poder está inscrito no Rexistro de Apoderamento correspondente, ou ben no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas

do sector público (ROLECSP) ou nunha base de datos nacional dun estado membro da Unión Europea.

Verificación

Os poderes a que se refire o apartado anterior, deberá verificalos previamente o secretario da Corporación ou funcionario habilitado, no caso de non estar inscritos nos citados rexistros.

16.1.3.- Clasificación

No caso de que sexa esixible a clasificación, documento acreditativo de que conta coa correspondente clasificación, nos grupos, subgrupos e categorías que se detallan na epígrafe 7 do catro de características.

16.1.4.- Solvencia, cando non sexa esixible a clasificación e, en todo caso, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea

16.1.4.1 SOLVENCIA TÉCNICA ECONÓMICA E FINANCEIRA

No caso de que non sexa esixible clasificación, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica, alternativamente por medio do documento acreditativo de que se atopa clasificado no grupo, subgrupo e categoría que se indica na epígrafe 8 do cadro de características ou mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira e a solvencia técnica que se indican na cláusula 7.

16.1.4.2. SOLVENCIA TÉCNICA

No caso de que non sexa esixible clasificación, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia técnica, alternativamente por medio do documento acreditativo de que se atopa clasificado no grupo, subgrupo e categoría que se indica na epígrafe 8 do cadro de características ou mediante os requisitos específicos de solvencia económica técnica que se indican na cláusula 7.

16.1.5.- Inexistencia de prohibición para contratar

Tendo en conta que na cláusula 12.A.1 esíxese que os licitadores cubran o Documento Europeo Único (DEUC), onde se inclúe a declaración relativa a non estar incurso en prohibicións para contratar coa Administración, o licitador que presente a mellor oferta non terá que volver presentar esta declaración.

16.1.6.- Dirección electrónica habilitada para notificacións

Designarase unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións, que deberá ser «habilitada» de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta, nos casos en que o órgano de contratación optara por realizar as notificacións a través desta.

16.1.7.- Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da lei, cada unha delas tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 6 desta cláusula.

16.1.8.- En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada unha das empresas integrantes da UTE tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 7 desta cláusula.

16.1.9 A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación destas.

16.1.10.- Garantías:

- **Garantía definitiva:** O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe do prezo final do contrato , excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 LCSP.
- **Garantía complementaria:** Naqueles casos nos que a proposta da mesa de contratación sexa a oferta presentada polo licitador que estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle de conformidade co art. 107.2 LCSP que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, préstese unha complementaria dun cinco por cento do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nestes casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe do prezo final do contrato excluído o imposto sobre o valor engadido

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren non pagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibido na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar a entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola Administración.

16.1.11.- Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometa a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERÍSTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓN
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou Relación Nominal de Traballadores (RNT)

Medios materiais:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou *leasing*, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.
- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.
- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.
- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

16.1.12.- Estabilidade no emprego:

Acreditación documental dos requisitos esixidos na cláusula 12.C.2

- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) que compoñen o persoal da empresa
- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal,
- Do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal.

16.1.13.- Plan de igualdade.

Documento acreditativo da aprobación do Plan de igualdade, e solicitude de inscrición no correspondente rexistro, se é o caso.

16.1.14.- Nos supostos previstos na cláusula 15.5 xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados, contratación de

traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación

16.1.15.- Ratificación dos compromisos indicados na cláusula 12.A.2 e no seu caso do persoal que se vai subcontratar

16.1.16 Índice de documentos presentados

16.2 Consecuencias da non presentación ou presentación inadecuada da documentación

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar esta documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 71, 72, 73 LCSP

16.3 Adxudicación

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 Notificación

A adxudicación notificaráselles aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

16.5 Empresas non comunitarias

As empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias do contrato deberán abrir unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2).

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 44 e 153 LCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao

adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, é dicir se o contrato non é susceptible do recurso especial, a formalización do contrato deberá efectuarse como máis tarde nos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, e na data que sinale a Administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíra, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Se a causa da non formalización fose imputable á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.

18.1.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do *replanteo*, na data en que a Administración sinale, quedando obrigado o contratista, despois da notificación á dirección do correo electrónico que figura na súa oferta, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 236 LCSP.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de Comprobación de *replanteo* a súa ausencia considerárase como incumprimento do contrato, co carácter de incumprimento de obrigación esencial, dando lugar á tramitación dun expediente de resolución de contrato.

18.2.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da sinatura do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo, o plan de seguridade e saúde, o plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do RD 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se vai realizar.

A aprobación do plan de seguridade e saúde, corresponderalle ao Presidente da Corporación despois do informe do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo corresponderalle ao Presidente da Corporación a aprobación do plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza e duración da obra, o Presidente da Corporación, por proposta do

técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso dispensarase a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

18.3.- Comezo das obras e comunicación apertura centro de traballo

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura da Acta de comprobación de *replanteo*.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.4.- Cando o resultado da comprobación do *replanteo* demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, dará a autorización para inicialas, facéndose constar este aspecto explicitamente na acta estendida, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da sinatura da acta.

19) CARTEIS E SINAIS.

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a Administración provincial (anexo I.20 “cadro de características”). Este cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante este prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido este prazo o contratista deberá proceder á retirada do cartel pola súa costa.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías.

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- a) Do cartel da obra.
- b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os casos deberá levar ao dorso a sinatura do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregarlle á Administración en formato dixital, acompañada de breve memoria explicativa asinada electronicamente, a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderá utilizala a Administración libremente e sen limitación temporal.

20) OCUPACIÓN DE TERREOS.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 126.5 LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra despois do exame e aceptación do técnico-director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da Administración examinaran ou recoñeceran, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contados desde a recepción. Así mesmo, o contratista responderá durante este prazo dos danos materiais causados na obra por

vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a emenda destas

Transcorrido este prazo sen que se manifestara ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 244 LCSP.

22) DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS.

A dirección e inspección das obras correspóndelle ao técnico-director destas (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de ordes, que se levará por medios ou formato electrónico, ou se non fora posible en formato papel.

Para o desempeño da súa función poderá contar con colaboradores ás súas ordes, que desenvolverán o seu labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos e que integrarán a “Dirección da obra”.

A Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar estas funcións aos técnicos da Corporación.

23) NORMATIVA LABORAL, PROTECCIÓN DE DATOS, IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E PERSOAL. IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUALES

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

De igual modo deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril ,pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero , considerándose o seu cumprimento condición especial de execución , e o seu incumprimento considerárase incumprimento de obrigación esencial e causa de resolución de contrato (art 12.8 Lei 2/2014).

O contratista está obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a Administración, o director de obra ou o órgano de contratación. En todo caso, o contratista e a Administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade á mesma, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción da mesma, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 na súa redacción dada pola Real Decreto Lei 14/2019 do 31 de outubro.

24) PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

Neste sentido, deberá presentarlle ao director de obra toda a documentación relativa ao cumprimento das obrigacións derivadas da citada normativa

.

25) RESPONSABILIDADE. DANOS.

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) GASTOS DE TRANSPORTE E ALMACENAXE. CUSTODIA E CONSERVACIÓN

26.1. Almacenaxe.

.O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convindo e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

26.2.Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións,

sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento destas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso deriven

27) CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DE CARÁCTER LABORAL E SOCIAL .

No presente prego establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias as seguintes condicións de execución :

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos una das condicións de execución que se detallan a continuación :

1) Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do **50%**, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

- unha muller traballadora demandante de emprego
- unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante o dezoito meses anteriores á súa contratación
- unha persoa xoven, menor de 30 anos, en situación de desemprego, sempre e cando se atope en situación de desemprego al menos nos tres meses anteriores a data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación.

2) Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albañilería, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, hormigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un

programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Poderanse impor penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cen do prezo do contrato.

No presente contrato aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerárase incumprimento de obrigación esencial , e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar .

28) TRIBUTOS E PROXECTOS DE INSTALACIÓNS

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procedese, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación perante estes organismos e pago das taxas correspondentes.

29) CONTROL DE CALIDADE.

A Administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola Administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. Esta Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o prego de prescricións técnicas particulares ou outros documentos do proxecto. Os gastos deste control serán por conta da Administración e non se reterán ao contratista.

Este control é independente do control interno que realice o contratista, cuxa realización deberá acreditarse en todo caso xunto con cada certificación mensual e, ademais, cando llo requira o director da obra.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra fosen desfavorables e que os ditos ensaios ou controis de calidade deban de

repetirse para verificar se se emendaron os defectos observados, este custo será asumido polo contratista, ao que se lle descontará este importe da última certificación ou liquidación.

30) DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme ao proxecto aprobado e ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade. De acordo co disposto no artigo 198 LCSP, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura:

Unha vez expedida a certificación de obra, este documento deberá presentarse polo director de obra ante a entidade contratante e o contratista deberá proceder á emisión e presentación da factura correspondente e do resto da documentación requirida (fotografías, acreditación do control interno de calidade, da contratación de traballadoras desempregadas, xestión de residuos, etc.), incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento desta obrigaón formal. Unha vez cumprido integramente este requisito, iniciárase o cómputo de trinta días naturais para que a Administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigaón; no entanto, se a documentación presentada adoecece dalgún defecto, devolveráselle ao contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que os documentos se presentaran de novo en punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) debidamente emendados.

O contratista terá a obrigaón de presentar a factura electrónica que expedira as obras realizadas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) para efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación desta.

Na epígrafe 21 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego), inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigaón de pago, a Administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobro nos termos dispostos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as Medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art.

198 LCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a existencia deste, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou á entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no art. 198 LCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da Administración fose superior a **seis meses**. (art. 198.6 LCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobro, nos termos do artigo 200 do LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) ABOAMENTO DA OBRA EXECUTADA.

31.1. Medicións.- A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características vaian quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar a dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da Administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas a dirección facultativa nos cinco días seguintes do período que

correspondan despois da audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

A presentación da factura e certificación de obra deberá realizarse dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ao período que corresponda, co fin de garantir o seu pronto pago, especialmente en períodos de peche de exercicio.

31.4.- Pagos.

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, achegaranse as fotografías do cartel de obra a que se refire a cláusula 19.2. e declaración responsable de que o contratista cumpriu as condicións establecidas nas cláusulas 23 , 24, 27 e 35.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarse no rexistro da entidade correspondente, no período comprendido entre os días 1 e 10 do mes seguinte a aquel ao que corresponda a certificación de obra .

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego, e aquel outros que resulten de aplicación conforme a Resolución de Presidencia nº 2017/ 41284 , e que pode consultarse na seguinte ligazón: <https://www.dacoruna.gal/files/6815/1445/4566/3149284.pdf>

As certificacións mensuais terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

Canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 198 LCSP.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais amoreados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra coa autorización previa do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata destes materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que exista petición expresa do contratista, na que acompañe documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

- b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.
- e) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra, non podendo exceder o 50 por 100 do prezo desta unidade de obra.

4. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

- a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.
- b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.
- c) O cálculo da cantidade que se vai aboar acompañarase dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.
- d) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar este aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 240 LCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que teñan dereito de cobro fronte á Administración, poderán cedelo conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante diligencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de Rexistro de Transmisións de Certificacións.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobro non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opor fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

32) PRÓRROGAS.

Se o atraso na execución das obras fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso de darlle unha prórroga do tempo que se lle sinalou o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución

do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

No caso de que o adxudicatario houber ofertado redución de prazo de execución e a demora fose imputable ao contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes:

REDUCCIÓN (% sobre o prazo de execución)	Penalidades
Ata un 5%	0,65 por cada 1.000 euros
Ata un 10%	0,70 por cada 1.000 euros
Ata un 15%	0,75 por cada 1.000 euros
Ata un 20%	0,80 por cada 1.000 euros
Ata un 25%	0,85 por cada 1.000 euros
Ata un 30%	0,90 por cada 1.000 euros
Ata un 35%	1,00 por cada 1.000 euros
Ata un 40%	1,05 por cada 1.000 euros
Ata un 45%	1,10 por cada 1.000 euros
Ata un 50%	1,15 por cada 1.000 euros
Ata un 55% ou máis	1,20 por cada 1.000 euros

A Administración terá esta facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) MODIFICACIÓNS DE OBRAS.

34.1. Supostos .

O presente contrato administrativo só poderá modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no presente prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 LCSP;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no presente prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205 LCSP

34.2.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia

ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se prepararon por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación, despois de audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito, e existencia de razóns de interese público, de acordo co previsto nos artigos 203 a 207 e 242 LCSP.

34.3. Non terán a consideración de modificacións (art 242.4 LCSP):

34.3.1. O exceso de medicións

Significa isto, a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. Este exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.

34.3.2. A inclusión de prezos novos

Fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta Lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que:

1.- Non supoñan incremento do prezo global do contrato

2.- Nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do seu orzamento primitivo.

34.4 A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

34.5. En todo caso as modificacións realizaranse de forma xustificada, por razóns de interese público e sempre que sexan estritamente necesarias, tendo en conta os principios de austeridade ,e control do gasto, eficiencia e boa administración, así como o de proporcionalidade

34.6. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato

34.6.1. Límite cuantitativo. O presente contrato poderá modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial, na forma e co contido seguintes:

34.6.2. Condicións .A modificación versará sobre os aspectos que se especifican no anexo VI, relativo a modificacións do contrato previstas ,onde se indican de forma clara, precisa e inequívoca o seu contido con detalle suficiente, o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso desta por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva;

O procedemento que vaia seguirse para realizar a modificación será o seguinte:

- 1.-proposta motivada do redactor do proxecto ou no seu caso do director .
- 2.-Autorización do órgano de contratación.
- 3.-Redacción do proxecto. Audiencia ,no seu caso, ao redactor do proxecto e ao contratista no prazo mínimo de 3 días
- 4.- Informe de Secretaría (ou Asesoría Xurídica en municipios do título X Lei 7/85, de bases de réxime local)
- 5.- Fiscalización por Intervención.
- 6.-Existencia de crédito adecuado e suficiente.
- 7.- Aprobación polo órgano de contratación.
- 8.- Formalización en documento administrativo da modificación.

34.6.3. Imposibilidade de establecer novos prezos unitarios non previstos.

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato, salvo nos supostos previstos na cláusula 34.3.2

34.6.4. Non alteración da natureza global.

En ningún caso as modificacións poderán alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera este se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.

34.7. Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación

As modificacións non previstas no presente prego , ou que sendo previstas , non se axusten ao establecido no art 205 LCSP só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

34.7.1. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, , son os seguintes:

34.7.1.A) Cando devíñese necesario engadir obras, adicionais aos inicialmente contratados, a condición de que se dean os dous requisitos

seguintes:

34.7.A .1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico,

Por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerara inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

34.7.1.A .2.º Modificación cuantitativa.

Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1.B) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato.

Sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

34.7.1.B.1º Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever.

34.7.1.B. 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

34.7.1.B. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1.C) Cando as modificacións non sexan substanciais.

Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade destas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias

das condicións seguintes:

34.7.1.C.1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

34.7.1.C.2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciranse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

34.7.1.C.3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, ou ben que supere o limiar sinalado no artigo 20

(ii) As obras, obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciara a tramitación do expediente de contratación.

34.7.2) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria

34.8. Obrigatoriedade.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído. (art. 206).

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de contratación

despois da conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.9 Regra específica neste contrato de obras

34.9.1 No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

34.9.2 Modificacións que supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación

Os prezos aplicables a estas fixaraos a Administración, logo da audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

34.9.3. Modificacións que contemplen unidades de obra que haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas

Antes de efectuar a medición parcial destas, deberá comunicarse á Intervención da Administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir a este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210.LCSP.

34.10 . Tramitación.

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula LCSPE, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará de acordo coas condicións da cláusula 34.6.2.

34.11. Tramitación dunha modificación que esixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para o interese público

O órgano de contratación poderá acordar que estas continúen provisionalmente tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que

1.- O importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído,

2.- E exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente de continuación provisional que se vai tramitar para o efecto esixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

a) Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que vai realizar e a xustificación de que a modificación se atopa nun dos supostos previstos no apartado 2 do artigo 203.

b) Audiencia do contratista.

c) Conformidade do órgano de contratación.

d) Certificado de existencia de crédito.

e) Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que na proposta técnica motivada se introducisen prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 102.

No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente da modificación do contrato.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non vaian quedar posterior e definitivamente ocultas. As obras executadas dentro do prazo de oito meses, serán obxecto de certificación e aboamento nos termos previstos na presente lei coa seguinte singularidade:

34.12. Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de contratación despois da conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.:

34.13 Reaxuste de garantía.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo final ofertado (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola

Deputación.

35) CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS.

35.1. Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

35.2. Subcontratación

35.2.1 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando:

- 1.- A parte da prestación que se pretende subcontratar
- 2.- E a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista,
- 3.- E xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que este non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71. O contratista principal deberalle notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso de que o subcontratista tivese a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

Os licitadores terán a obrigaón de comunicar os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nesta ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, e non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegado as xustificacións a que se refire o apartado 35.2.1 deste apartado, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a Administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

35.2.2. Efectos do incumprimento en materia de subcontratación

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se previu nos pregos:

- a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.
- b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

35.2.3. Obrigacións

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con arranxo estrito ao presente prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201. O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refire esta cláusula non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán en todo caso natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

35.3. Obrigación de cumprimento de prazos de pago a subcontratistas

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 216. LCSP.

35.4. Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores:

A Administración contratante, a través da dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitiranlle á Administración contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estas obrigacións considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades do 10% do prezo do contrato, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

No presente prego aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

35.5. Execución directa polo contratista principal de tarefas críticas, que non poderán ser obxecto de subcontratación.

De conformidade co disposto no art. 215.2, e) no anexo IX do presente prego determínanse as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e que deberán ser executadas directamente polo contratista principal.

36) RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL.

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras.

O contratista deberá entregar neste acto de recepción o soporte electrónico no que se recollan as fotografías e/ou reportaxe en vídeo da execución da obra a que se refire a cláusula 19.3.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da Administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción levantarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o director destas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido este prazo o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto na lei. En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contados desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigaón, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a Administración contratante, á conta do contratista.

38) LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

A) Obras contratadas pola Deputación.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 241 LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigaóns pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de contratación poderá ordenar a execución destas a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixírase o aboamento destes gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos concellos.

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá financialo integramente o concello contratante.

39) CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán as dispostas nos artigos 211 LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212,213 e 246.LCSP.

Serán así mesmo causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12,18, 23,27 e 35 do presente prego.

40) RÉXIME XURÍDICO.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes poderá interporse recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 44 da LCSP, os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN		
	Vocabulario común de contratos (CPV)	
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	A.-Obras anuais Base imponible Importe IVE Total	 Euros (IVE INCLUÍDO)
	B.- Obras plurianuais Base imponible Importe IVE Total	Exercicio orzamentario importe (IVE INCLUÍDO) 202... 202...
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible: 20% (modificacións previstas de proxecto): 10% (aumento de medicións, certificación final): Total VALOR ESTIMADO	
4.BIS. REGULACION HARMONIZADA	☐ a) contrato non suxeito a regulación harmonizada ☐ b) contrato suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: Non se aplicará en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	☐ Non se esixe ☐ Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) Grupo subgrupo categoría _____ _____ _____ _____	
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE	Grupo subgrupo categoría _____	

ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A) ☐ Plataforma de contratación do sector público https://contrataciondelestado.es B) ☐ Plataforma de contratos públicos de Galicia
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	☐ A) Tramitación ordinaria: _____ días (cláusula 11) ☐ B) Tramitación urgente: _____ días .
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACION	https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espd-web/filter?lang=es
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	Non se establece
13.CONDICIÓN DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Dirección páxina web: www.dacoruna.gal
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo de final ofertado , IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE B) Obras plurianuais, con prazo superior a dous anos: (cláusula 4.2) B2. PROCEDE ☐ FÓRMULA_____
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	NON SE ESIXE. Non obstante a Administración co fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de comunicación, correndo no seu caso a Administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE:

TELÉFONO:.....

CORREO ELECTRÓNICO.....

CARTEL DE OBRA.....

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL.....
NIF.....
CÓDIGO.....

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE.....
CÓDIGO.....

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE
CÓDIGO.....

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA
CÓDIGO.....

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE.....
CÓDIGO DE PROXECTO.....

**22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E
PREGO.....Perfil de contratante integrado en plataforma de contratación
que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.**

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. _____
con domicilio no municipio de
rúa _____
nº _____ provincia _____
país.....
teléfono _____
con DNI/NIF (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____).
DNI ou NIF núm. _____
e con domicilio no municipio de _____.
rúa _____
nº _____, provincia....., país.....
teléfono _____

Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adxudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de

_____ e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta as obrigacións derivadas dos pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación (*indique o que proceda*):

a) _____ Non concorre con empresas vinculadas.

b) _____ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
NIF

4º.- Prezo

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS ,NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE..... euros).

B) imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :..... %. Importe.....
...euros

C) TOTAL (A+ B).....euros

5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras

Declara responsablemente que na data de publicación da licitación:

5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal é de ____ persoas.

5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de finalización de prazo de presentación de ofertas é de ____ persoas, o que representa un ____ % sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal..

5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de ____ mulleres, o que representa un ____ % sobre o número global de persoas traballadoras fixas de persoal.

5.4.- O número de traballadores procedentes de situación de desemprego contratados nos 12 meses anteriores á data de finalización de prazo de presentación de ofertas é de ----, o que representa un ----% sobre a plantilla global da empresa.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

6º.- PLAN DE IGUALDADE (marque o que proceda)

A empresa ten implantado un plan de igualdade	
A empresa non ten implantado un plan de igualdade	

7º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAI SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
TOTAL		

_____ o _____ de _____ de 20__

O licitador (asinado)

ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

C.1 IDENTIFICACIÓN DE ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO (1)

- A. DOCUMENTACIÓN (ARQUIVO OU SOBRE A)
- B. REFERENCIAS TÉCNICAS. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO B)
- C. OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

(1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que o presente prego ten o carácter de prego tipo que rexerá as obras tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

1º.- Para cada criterio de valoración establécese unha pinza de puntuación mínima e máxima, que determinará o órgano de contratación.

2º.- Para cada contrato específico o órgano de contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración, que se detallará no anexo nº IV.II.

3º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida a 125 puntos. Os criterios non avaliados mediante fórmulas non poderán exceder do 44% do total de puntos, e os avaliados mediante fórmulas do 56%, e dentro deste o prezo deberá representar a lo menos un 50% dos criterios avaliados mediante fórmulas.

FASE I

A) CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

a) Plan de control de calidade (cláusula 12 e 15) **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSION SUSPERIOR A 10 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (10 PAXINAS)**

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra

Idoneidade do plan de control de calidade proposto para a obra.

- Evitar duplicidades nos controis dos ensaios a realizar pola propia empresa e pola administración.

- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos

- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Abano: **de 0 a 15 puntos**

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

b) Programa de traballo (cláusula 12 e 15): **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSION SUSPERIOR A 25 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (25 PAXINAS)**

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación
- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos que se van realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- Descrición posibles problemáticas ou desviacións durante a execución

Abano: de 5 a 20 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenten unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenten unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenten unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenten unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

c) Programa de actuación ambiental (cláusula 12 e 15): **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSION SUSPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PAXINAS)**

Valorarase

- análise correcta da relación da obra co medio ambiente
- análise correcta das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra
- Informe completo da xestión dos residuos na súa trazabilidade e procesos
- Emprego de materiais con certificados sostibles, reciclados ou reciclables
- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se van realizar
- descrición adecuada das entulleiras e centros de xestión de residuos
- axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra

Abano: de 0 a 10 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN AMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

d) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 12 e 15): **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSION SUSPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PAXINAS)**

Abano: de 0 a 10 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente	Ata 30%

adaptación á obra	
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

EXCLUSIÓN

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental , esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:

II.1. OFERTA ECONÓMICA

Oferta económica:

Abano: de 0 a 40 puntos

De acordo coa fórmula elaborada , por pedimento da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO

II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Abano: de 0 a 10 Puntos

Segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa a lo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de ofertas, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal.

Para valorar este criterio a plantilla deberá estar formada por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obra.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe maior do 75%

O resto valorarase proporcionalmente.

As empresas que contén cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán.

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Abano de 0 a 10 puntos

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha porcentaxe de **mulleres traballadoras** con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do **persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:**

- **Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: máxima puntuación co 12%, senon proporcionalmente**
- **Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa máxima puntuación con 10%, senon proporcionalmente**
- **Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa, máxima puntuación 8%, senon non se puntúan.**

II.2.3.- Contratación desempregados

Abano de 0 a 5

O licitador que teña a maior porcentaxe de contratación de traballadores desempregados cunha antigüidade mínima dun ano no Servizo Público de Emprego no momento de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación, en relación coa plantilla global da empresa, acadará a máxima puntuación. As demais porcentaxes se valorarán proporcionalmente.

II.3 IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación

Abano de 0 a **5** puntos

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.

A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

ANEXO IV.II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA EL PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Plan de control de calidade		
	Programa de traballo		
	Programa de actuación ambiental		
	Esquema do Plan de seguridade e saúde		
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	
		Contratación desempregados	
	IGUALDADE		

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA EXECUTAR A OBRA. DOCUMENTO PARA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .

(cláusula 12 e 16)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERÍSTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIONES
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Os licitadores deberán presentar unicamente a declaración, axustada ao modelo indicado na cláusula 12.A.2 e o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar este documento , coa documentación xustificativa, de acordo co previsto na cláusula 16 e 12.A.2..

Anexo VI.

ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO PREVISTAS NO PRESENTE PREGO. DOCUMENTO PARA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .

De acordo co establecido no art 204 LCSP poderán ser obxecto de modificación,

1.-por razóns de interese público,

2.- ata un máximo do 20%,do prezo inicial,

as seguintes unidades de obra:

Unidade de obra modificabl	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato

Anexo VII

COMPROMISOS E DECLARACIÓNS

Nome e apelidos _____
con domicilio no municipio de _____
provincia de _____ país _____ rúa _____
nº _____ teléfono _____
correo electrónico _____
con DNI/NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____
con DNI/NIF _____ e domicilio no municipio de _____
rúa _____
nº _____ provincia de _____ país _____
teléfono _____, correo electrónico _____
á que representa no procedemento de
adxudicación do contrato de -
Título: _____

1º) Declara que se compromete a adscribir á obra..... os medios persoais e materiais esixidos no anexo V e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa disto a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa. ¹

2º) Comprométese a levar a cabo durante a execución do contrato polo menos unha das condicións de execución que se detallan na cláusula 27

3º) Declara:

3.1) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior en.... % , ao mínimo legal establecido)

3.2) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

3.3) Que a porcentaxe de contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación é de -----%

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

1 O incumprimento deste compromiso de adscripción considerárase incumprimento de obrigação esencial para os efectos dispostos no art. 211 e 192.2.LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

Anexo VIII



Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela²

FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS 2018

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- P_e : prezo de licitación,
- n : número de ofertas,
- $O_1, O_2, \dots, O_n$: valor das n ofertas,
- $R_1, R_2, \dots, R_n$: redución de prazos das n empresas (en días naturais),
- O_m : media das ofertas presentadas ($O_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n O_i$),
- R_m : media das reducións de prazos presentadas ($R_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n R_i$),
- R_{max}, R_{min} : redución de prazos máxima e mínima,
- $B_1, B_2, \dots, B_n$: baixas absolutas ($B_i = P - O_i, i = 1, \dots, n$),
- B_m : baixa porcentual media ($B_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n B_i = P - O_m$),

2 Investigadores

Juan M. Viaño Rey – Catedrático de Matemática Aplicada - USC

José R. Fernández García – Profesor Titular de Matemática Aplicada - UVigo

- $b_1, b_2, \dots, b_n$: baixas porcentuais con respecto a P ($b_i = \frac{B_i}{P} 100$, $i = 1, \dots, n$),
- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,
- b_m : baixa porcentual media ($b_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n b_i = \frac{B_m}{P} 100$),
- V_{max} : máxima valoración posible,
- W_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- Vr_{max} : máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentadas,
- V_i : valoración económica da oferta i -ésima entre 0 e W_{max} , $i = 1, \dots, n$,
- Vr_i : valoración da redución de prazos i -ésima entre 0 e Vr_{max} , $i = 1, \dots, n$.

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as baixas b_i son iguais ou maiores ca cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as reducións de prazos R_i son iguais ou maiores ca cero e menores ca o prazo de execución Pe .

2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

2.1. Valoración máxima inicial de acordo coa baixa máxima

- Se $b_{max} < 15$ entón $W_{max} = 0,7V_{max} \frac{b_{max}}{15}$.
- Se $15 \leq b_{max} < 25$ entón $W_{max} = 0,7V_{max} + 0,3V_{max} \frac{b_{max} - 15}{10}$.
- Se $b_{max} \geq 25$ entón $W_{max} = V_{max}$.

2.2. Valoración económica entre 0 e W_{max}

A puntuación V_i da oferta i -ésima calcúlase, en función da baixa máxima, por interpolación a cachos do xeito seguinte (vexan as figuras 1 a 3):

- Se $b_{max} \leq 10^{-6}$ entón $V_i = 0$.
- Se $10^{-6} \leq b_{max} < 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} \frac{b_i}{15}$.
- Se $15 \leq b_{max} < 25$ entón
 1. Se $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} \frac{b_i}{15}$,
 2. Se $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} + 0,3V_{max} \frac{b_i - 15}{10}$.
- Se $b_{max} > 25$ entón
 1. Se $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} \frac{b_i}{15}$,
 2. Se $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} + 0,3V_{max} \frac{b_i - 15}{b_{max} - 15}$.

Nótese que a puntuación máxima V_{max} só se atinxe se a baixa máxima (b_{max}) é igual ou superior ao 25% e que, cunha baixa do 15%, sempre se obtén o 70% da valoración máxima.

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense $b_1 = b_2 = \dots = b_n = b_m = b_{max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$). Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propoñemos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que $b_{max} \leq 10^{-6}$.




Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{\max} < 15$.




Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $15 \leq b_{\max} < 25$.




Figura 3: Representación gráfica das puntuacións se $b_{\max} \geq 25$.

Anexo IX

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e LCSP e cláusula 35.5 do presente prego)



Non esixible neste contrato

Esixible neste contrato ☐ con arreglo ao seguinte cadro

UNIDADE DE OBRA	IMPORTE A PREZOS DE PROXECTO

ANEXO II

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO (CON UNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN, FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

2) OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO

1.1) Obxecto do contrato

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras ás que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde, de acordo co establecido no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co establecido no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, polo que ten carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato

Para os efectos do presente prego e da LCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 20.1 LCSP.

Neste sentido nas epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato e se está suxeito ou non a regulación harmonizada.

1.3) Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais

De conformidade co establecido no art 1.3 e concordantes LCSP os criterios sociais e ambientais son recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial canto aos criterios de adxudicación e condicións especiais de execución, e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigas de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais) normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación de persoas) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc.

1.4) Principios

De conformidade co art. 1 LCSP a presente contratación axústase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non

discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización das obras.

2) PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN

Sínálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Entenderase por presuposto base de licitación o límite máximo de gasto que, en virtude do contrato, pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 102 1 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) FINANCIAMENTO

3.1. Obras de carácter anual

Para atender as obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).

3.2. Obras de carácter plurianual

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3.B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta, en todo caso, o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego.

4) REVISIÓN DE PREZOS

4.1. Obras de carácter anual

De conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e por tanto non se

aplicará ningunha fórmula de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual

Se o contrato ten carácter plurianual, logo da xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto a que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 103 LCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se execute, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorran dous anos desde a súa formalización, e conforme a fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I do presente prego).

En consecuencia o primeiro vinte por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) PRAZO DE EXECUCIÓN

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, esta porcentaxe de baixa aplicarase a realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) APTITUDE PARA CONTRATAR

6.1.- Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo

1.- Plena capacidade de obrar (art. 65 LCSP)

2.- Non estean incursas en prohibicións para contratar coa administración a que se refiren os arts. 71 a 73 LCSP.

3.- E acrediten a súa solvencia económica e financeira (art. 87) e técnica (art. 88), (ou estean debidamente clasificadas, nos supostos a que se refire a cláusula seguinte e art. 77).

A capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

6.2 A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

6.3 Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. SOLVENCIA ECONOMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA

Para concorrer á presente licitación requírese dispor da clasificación ou da solvencia que se indica nos apartados seguintes da presente cláusula.

Os licitadores acreditarán a clasificación e/ou a solvencia a través da declaración que incluírán no documento único europeo de contratación a que se refire a cláusula 12.A.1

No entanto, o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar os documentos xustificativos da clasificación e/ou solvencia que se indican nos apartados 7.1 e 7.2, na forma en que se indica nos citados apartados.

7.1. Clasificación

Para contratar coa administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 77.1 a) LCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato, caso de empresas españolas e estranxeiras non comunitarias.

Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea nin dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertenzan aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten perante o órgano de Contratación correspondente a súa solvencia

económica, financeira e técnica.

7.2. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; a empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos Estados Signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 do presente prego) do seguinte modo:

A. Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea: Poderán optar:

A.1. Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión desta.

A.2. Mediante a acreditación da solvencia económico e financeira a que se refira o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refira o apartado 7.2.1.b).

B. Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade: No suposto de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.

7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

7.2.1.a .1Medios

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais.

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.a.2. Acreditación documental

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a) Volume de negocios e patrimonio neto: a achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3.LCSP).

7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e

precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último teña directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración na que se indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras, así como dos técnicos encargados directamente dela.

d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato sen prexuízo do disposto no anexo V.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de Contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuada e proporcionada á natureza e orzamento da obra.

7.2.1.b. 2. Regra específica para as empresas de nova creación

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

7.2.2. Integración da solvencia con medios externos

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o

empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

7.3 O valor estimado

Para os efectos do cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características

8) UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 LCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constituán e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 69.5 e 6, e 78.1 LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o NIF da unión temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporal quedarán obrigados solidariamente ante a administración.

II.- ADXUDICACIÓN

9) PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo)

10) ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

10.1.a) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente prego publicarase no Perfil de Contratante (art. 156.6 LCSP),

integrado na plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

10.1.b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: De conformidade co disposto nos artigos 20 e 156.2 LCSP, o anuncio de licitación publicarase no Diario Oficial da Unión Europea. Publicarase, ademais no Perfil de Contratante, integrado na plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet no enderezo que se indica na epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

11) PROPOSICIÓN: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. CONTRATACIÓN E LICITACIÓN ELECTRONICA

11.1. Contratación e licitación electrónica

A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características, no enderezo electrónico que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

11.1.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (ART. 20 LCSP)

11.1.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos vinte e seis días naturais contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante (art. 156.6 LCSP), en DOUS sobres ou arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

11.1.A .2.) De conformidade co artigo 119 LCSP, no suposto que o expediente se declare de tramitación urxente o prazo de presentación de proposicións será de trece días naturais, contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil do contratante.

11.1.A.3.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil de contratante.

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na plataforma de contratación do sector público, durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída.

11.1. B) Contratos suxeitos a regulación harmonizada (ART. 20 LCSP)

11.1.B.1.) Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será de 35 naturais, contados desde a data de envío do anuncio á oficina de publicacións da Unión Europea (Diario Oficial da Unión Europea).

11.1.B.2.) Este prazo redúcese en 5 días máis por aceptación de ofertas por medios electrónicos.

11.1.B.3.) Este prazo reducirase a quince días, se se publicou o anuncio previo a que refire o parágrafo 1º do artigo 134 LCSP (156.3 LCSP).

11.1.B.5.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

Na epígrafe 10 indícase o prazo de presentación de proposicións, en función das variables anteriormente indicadas.

12) PROPOSICIÓN: DOCUMENTACIÓN

12.A .-ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO A: Subtitulado "Documentación"

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación: (Artigo 140 e 141 LCSP).

12.A .1.- Declaración responsable: Axustada ao FORMULARIO DO DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN, cuxa ligazón figura na epígrafe 11 do cadro de características do contrato.

12.A .2.- Compromisos e declaracións

12.A .2.1. Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso (art. 76 LCSP).

12.A .2.2. Compromiso de levar a cabo durante a execución do contrato alo menos unha das condicións de execución que se detallan na cláusula 27

12.A.2.3. Declaración relativa a criterios de desempate.

Para estes efectos deberán presentar o documento que figura como anexo 7.

12.A .3. Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 69 LCSP e cláusula 8 do presente prego.

12.A.4. Empresas estranxeiras

Ademais da declaración responsable a que se refire a letra anterior, as empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia executarse en España, deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que

puidese corresponder ao licitante.

12.A.5. Empresas non comunitarias

12.A.5.1 Informe de reciprocidade e sucursal en España

Informe de reciprocidade: As empresas non comunitarias deberán presentar o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68.1 LCSP coas excepcións previstas nel.

12.A.5.2 Sucursal en España e designación de apoderados: Ademais da declaración responsable a que se refire os apartados anteriores, as empresas non comunitarias, deberán achegar un compromiso de apertura dunha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2)

12.A.6. Índice de documentos que integran o sobre

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.B. SOBRE B: Os licitadores non terán que presentar este sobre ao ser todos os criterios avaliados de forma automática.

12.C. SOBRE C: "Oferta económica"

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:

12.C.1.-) Oferta económica: formulada estritamente conforme o modelo do anexo II do presente prego.

13) FIRMA ELECTRÓNICA DA PROPOSICIÓN E DOCUMENTOS

As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañan á oferta deberán ser asinados electronicamente polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente .

14) GARANTÍA PROVISIONAL

En consonancia co disposto no art. 106 LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN

15.1 Actuación da Mesa

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 146 e ss LCSP, e regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará ao contratista os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

O presidente da mesa manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, a mesa fará as aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregaran durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións

Se algunha proposición se presentara fóra de prazo ou en formato papel ou non garde concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, ou declarar deserta a licitación cando non exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible, motivando, en todo caso, a súa resolución.

15.3.- Criterios de valoración

A adxudicación do contrato realizarase utilizando un único criterio de adxudicación, factor prezo, adxudicándose á oferta máis económica sen prexuízo do establecido no presente prego para as ofertas anormalmente baixas.

15.4.- Ofertas anormalmente baixas

15.4.- Ofertas anormalmente baixas.

15.4.1.- Cando o órgano de contratación presuma fundadamente de que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art 149 LCSP) notificaralles esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a

informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.4.2.- Consideraranse, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta resulta anormalmente baixa se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 4% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 4%
- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormalmente baixos se é inferior a outra en máis dun 3%
- Número de ofertas: 3. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 2% desta media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 2%
- Número de ofertas: 4 ou máis. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 1% desta media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.4.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta :

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras,
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.
- d) O respecto de obrigas que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

15.4.4 Documentación que se ha achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro

do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar ou non a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

D. Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

E. Maquinaria

B.1 Alugueiro e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

F. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarase mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.

4. Cumprimento obrigas salariais.

Presentarase a declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.

5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

En todo caso, o órgano de Contratación, logo do informe previo dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.

Entenderase, en todo caso, que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

15.5 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

De acordo coa Disposición Adicional primeira do Real Decreto 20/2020 de 29 de maio, polo que se aproba o ingreso mínimo vital, na que se establece que a condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá aos efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no caso de persistir o empate terán preferencia as empresas que teñan unha maior porcentaxe de contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

O sorteo no caso de que os anteriores criterios non dese lugar a desempate.

15.6 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias disposta na LCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais a que se refire a cláusula 12.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir este importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acorde a adxudicación no prazo de 3 meses, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 158 LCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o art. 149.4 do LCSP.

15.7. Designación de director de obra

No acordo ou resolución de adxudicación concretarase polo órgano competente da Corporación a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, logo da tramitación previa do correspondente expediente de contratación.

Actuarase de igual maneira para a designación de coordinación de seguridade e saúde e aqueloutros contratos conexos que fosen necesarios para a execución das obras.

16) ADXUDICACIÓN

16.1. REQUIRIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN AO LICITADOR QUE PRESENTASE A MELLOR OFERTA

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentase a mellor oferta para que dentro do prazo de dez días hábiles, contado desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente, por medios electrónicos e con firma electrónica:

O licitador que presente a mellor oferta deberá presentar a documentación que se indica na continuación salvo que estea inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, para cuxos efectos deberá indicar esta circunstancia e número de inscrición, sempre que a citada documentación se corresponda coa esixida na presente cláusula e estea vixente. En todo caso deberá constituír a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria. Ademais deberá presentar a documentación indicada nos apartados 11, 12, 13 ,14 da presente cláusula.

16.1.1.- Acreditativo da personalidade e capacidade

1. a).- Persoas físicas: Documento nacional de identidade/ NIF, pasaporte, NIE ou documento equivalente.

1. b).- Persoas xurídicas: Escritura de constitución e /ou no seu caso de modificación, inscrita no rexistro mercantil, no caso das persoas xurídicas.

16.1.2.- Representación

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañar poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo regulamento do Rexistro Mercantil.

No entanto será suficiente se o poder está inscrito no Rexistro de Apoderamento correspondente, ou ben no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou nunha base de datos nacional dun estado membro da Unión Europea.

Bastanteo

Os poderes a que se refire o apartado anterior, deberaos bastantear previamente o secretario ou secretaria da Corporación ou funcionario/a habilitado/a, no caso de non estar inscritos nos citados Rexistros.

16.1.3.- Clasificación

No caso de que sexa esixible a clasificación, documento acreditativo de que conta coa correspondente clasificación, nos grupos, subgrupos e categorías que se detallan na epígrafe 7 do catro de características.

16.1.4.- Solvencia, cando non sexa esixible a clasificación e, en todo caso, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea

16.1.4.1 SOLVENCIA TÉCNICA ECONÓMICA E FINANCEIRA

No caso de que non sexa esixible clasificación, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica, alternativamente por medio do documento acreditativo de que está clasificado no grupo, subgrupo e categoría que se indica na epígrafe 8 do cadro de características ou mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira e a solvencia técnica que se indican na cláusula 7.

16.1.4.2. SOLVENCIA TÉCNICA

No caso de que non sexa esixible clasificación, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia técnica, alternativamente por medio do documento acreditativo de que está clasificado no grupo, subgrupo e categoría que se indica na epígrafe 8 do cadro de características ou mediante os requisitos específicos de solvencia económica técnica que se indican na cláusula 7.

16.1.5.- Inexistencia de prohibición para contratar

Tendo en conta na cláusula 12.A.1 esíxese que os licitadores cubran o Documento Europeo Único (DEUC), onde se inclúe a declaración relativa de non estar incurso en prohibicións para contratar coa administración, o licitador que presente a mellor oferta non terá que volver presentar a dita declaración.

16.1.6.- Dirección electrónica habilitada para notificacións

Designarase unha dirección de correo electrónico no que efectuar as notificacións, que deberá ser «habilitada» de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta, nos casos en que o órgano de Contratación opte por realizar as notificacións a través dela.

16.1.7.- Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da lei, cada unha delas tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 6 desta cláusula.

16.1.8.- En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada unha das empresas integrantes da UTE tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 7 desta cláusula.

16.1.9.- A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da seguridade social ou autorice ao órgano de Contratación para obter de forma directa esa acreditación.

16.1.10.- Garantías

- **Garantía definitiva:** O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe do prezo final do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 LCSP.
- **Garantía complementaria:** Naqueles casos nos que a proposta da Mesa de Contratación sexa a oferta presentada polo licitador que estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle de conformidade co art. 107.2 LCSP que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, se preste unha complementaria dun cinco por cento do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nestes casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe do prezo final do contrato excluído o imposto sobre o valor engadido.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveran impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar, en consecuencia, descoñecemento, no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

16.1.11.- Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

1. MEDIOS PERSOAIS

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3.MEDIOS AUXILIARES			

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou TCs

Medios materiais:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.
- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.
- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.
- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

16.1.12.- Ratificación dos compromisos indicados na cláusula 12.A.2 e no seu caso do persoal que se ha subcontratar.

16.1.13.- Nos supostos previstos na cláusula 15.5 xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados, contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación

16.1.14.- Índice de documentos presentados

16.2 CONSECUENCIAS DA NON PRESENTACIÓN OU PRESENTACIÓN INADECUADA DA DOCUMENTACIÓN

De non atenderse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, solicitándose, nese caso, esta documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art.71, 72, 73 LCSP

16.3 ADXUDICACIÓN

O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 NOTIFICACIÓN

A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicárase no perfil de contratante.

16.5 EMPRESAS NON COMUNITARIAS

As empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias do contrato deberán abrir unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2).

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

17) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 44 e 153 LCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de Contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, é dicir se o contrato non é susceptible do recurso especial, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, e na data que sinala a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíse, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Se a causa da non formalización fose imputable á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

18) ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO,

18.1.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do *replanteo*, na data en que a Administración sinale, quedando obrigado o contratista, despois da notificación á dirección do correo electrónico que figura na súa oferta, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 236 LCSP.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de Comprobación de *replanteo* a súa ausencia considerárase como incumprimento do contrato , co carácter de incumprimento de obrigaón esencial, dando lugar á tramitación dun expediente de resolución de contrato.

18.2.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se ha realizar.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderá ao presidente da Corporación logo do informe previo do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo corresponderá ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza e duración da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

18.3.- Comezo das obras e comunicación da apertura do centro de traballo

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da firma da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.4.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquela autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila,

e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

19) CARTEIS E SINAIS

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar, pola súa conta, un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a administración provincial (anexo I.20 “cadro de características”). Este cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o prazo en que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido este prazo o contratista deberá retirar, pola súa conta, o cartel.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar, pola súa conta, os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- a) Do cartel da obra.
- b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os dous casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato dixital, acompañada de breve memoria explicativa asinada electronicamente, a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderá utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

20) OCUPACIÓN DE TERREOS

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos

establecidos no artigo 126.5 LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación do técnico-director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non acepta os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinaran ou recoñeceran, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contados desde a recepción. Así mesmo, o contratista responderá durante este prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a súa emenda.

Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 244 LCSP.

22) DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS

A dirección e inspección das obras corresponde ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes, que levará por medios ou formato electrónico, ou se non é posible en formato papel.

Para o desempeño da súa función poderá contar con colaboradores ás súas ordes, que desenvolverán o seu labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos

profesionais ou dos seus coñecementos específicos e que integrarán a “Dirección da obra”.

A Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

23) NORMATIVA LABORAL, PROTECCIÓN DE DATOS IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E PERSOAL. IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

De igual modo deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril ,pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, considerándose o seu cumprimento condición especial de execución, e o seu incumprimento considerárase incumprimento de obriga esencial e causa de resolución de contrato (art. 12.8 Lei 2/2014)

O contratista está obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a administración, o director de obra ou o órgano de Contratación. En todo caso, o contratista e a administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade á mesma, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción da mesma, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 na súa redacción dada pola Real Decreto Lei 14/2019 do 31 de outubro.

24) PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

Neste sentido, deberá presentar ao director de obra toda a documentación relativa ao cumprimento das obrigas derivadas da citada normativa.

25) RESPONSABILIDADE. DANOS

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, esta será responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) GASTOS DE TRANSPORTE E ALMACENAXE. CUSTODIA E CONSERVACIÓN

26.1. Almacenaxe

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

26.2.Custodia e conservación

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o seu mantemento ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso se deriven

27) CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DE CARÁCTER LABORAL E SOCIAL .

No presente prego establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto , no sentido do artigo 145LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias as seguintes condicións de execución :

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos una das condicións de execución que se detallan a continuación :

1) Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

- unha muller traballadora demandante de emprego
- unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante o dezoito meses anteriores á súa contratación
- unha persoa xoven, menor de 30 anos, en situación de desemprego, sempre e cando se atope en situación de desemprego al menos nos tres meses anteriores a data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación.

2) Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albañilería, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, hormigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Poderanse impor penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cen do prezo do contrato.

No presente contrato aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerárase incumprimento de obrigação esencial , e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar .

28) TRIBUTOS E PROXECTOS DE INSTALACIÓNS

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre

a obtención da licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, de proceder, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación perante estes organismos e pago das taxas correspondentes.

29) CONTROL DE CALIDADE

A administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares ou outros documentos do proxecto. Os gastos deste control serán por conta da administración e non se reterán ao contratista.

Este control é independente do control interno que realice o contratista, cuxa realización deberá acreditarse, en todo caso, xunto con cada certificación mensual e, ademais, cando llo requira o director da obra.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra fosen desfavorables e que os ditos ensaios ou controis de calidade deban de repetirse para verificar se se emendaron os defectos observados, este custo será asumido polo contratista, ao que se lle descontará este importe na última certificación ou liquidación.

30) DEREITOS DO ADXUDICATARIO

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute con arranxo ao proxecto aprobado e ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade. De acordo co disposto no artigo 198 LCSP, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura: Unha vez expedida a certificación de obra, este documento deberá presentalo o director de obra ante a entidade contratante e o contratista deberá emitir e presentar a factura correspondente e o resto da documentación requirida (fotografías, acreditación do control interno de calidade, da contratación de traballadoras desempregadas, xestión de residuos, etc.), incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento desta obriga formal. Unha vez cumprido integramente este requisito, iniciárase o cómputo dos trinta días naturais para que a administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de

recoñecemento da obriga; no entanto, se a documentación presentada adoece dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, polo que non se iniciará o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) debidamente emendados.

O contratista terá a obriga de presentar a factura electrónica que expedira polas obras realizadas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Na epígrafe 21 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego), inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de Contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obriga de pago, a administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais art. 198 LCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, polo tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contén algún erro ou omisión ou esta non se presentou á entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que conteña a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarse no rexistro da entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, deberalle comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no art. 198 LCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da administración é superior a **seis**

meses. (Art. 198.6 LCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 200 do LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) ABOAMENTO DA OBRA EXECUTADA

31.1. Medicións.- A Dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A Dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas a Dirección facultativa nos cinco días seguintes do período que correspondan, logo da audiencia previa ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

A presentación da factura e certificación de obra deberá realizarse dentro do primeiros dez días do mes seguinte ao período que corresponda, a fin de garantir o seu pronto pago, especialmente en períodos de peche de exercicio.

31.4.- Pagos

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola Dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, achegaranse as fotografías do cartel de obra a que se refire a cláusula 19.2. e declaración responsable de que o contratista cumpriu as condicións establecidas nas cláusulas 23 , 24, 27 e 35.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, no período comprendido entre os días 1 e 10 do mes seguinte a aquel ao que corresponda a certificación de obra .

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACE) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarse no rexistro da entidade correspondente, no período comprendido entre os días 1 e 10 de cada mes.

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego, e aqueloutros que resulten de aplicación conforme a Resolución de Presidencia nº 2017/ 41284 , e que pode consultarse na seguinte ligazón:
<https://www.dacoruna.gal/files/6815/1445/4566/3149284.pdf>

As certificacións mensuais terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor de ningunha forma a aprobación e recepción das obras que comprenden.

Canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 198 LCSP.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais amoreados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra logo da autorización previa do órgano de Contratación que terá por único obxecto controlar que se trata destes materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.
- e) Que o contratista constitúa aval de acordo con disposto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non ten a regulamentaria descomposición de prezos e non figura no proxecto o custo inicial

este fixarao Dirección da obra, e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da unidade de obra.

4. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c) O cálculo da cantidade que se ha aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar este aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 240 LCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a súa notificación irrefutable do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de rexistro de transmisións de certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de

pago terá que ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobranza non producirán efectos fronte á administración. En todo caso, a administración poderá opor fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

32) PRÓRROGAS

Se se produce un atraso na execución das obras, por motivos non imputables ao contratista, e este ofrece cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que lle sinale o órgano de Contratación, este poderá concedela por un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista por causas imputables a el, incorrese en demora respecto do cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) MODIFICACIÓNS DE OBRAS

34.1. Supostos

O presente contrato administrativo só poderá modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se prevexa no presente Prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 LCSP.

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no presente Prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205 LCSP.

34.2.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes foron preparados por un terceiro alieo ao órgano de Contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de Contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito, e existencia de razóns de interese público, de acordo co sinalado nos artigos 203 a 207 e 242 LCSP.

34.3. Non terán a consideración de modificacións (ART 242.4 LCSP)

34.3.1. O exceso de medicións

Entendendo por tal, a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. Este exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.

34.3.2. A inclusión de prezos novos

Fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que:

- 1.- non supoñan incremento do prezo global do contrato
- 2.- nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do seu orzamento primitivo.

34.4 A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

34.5. En todo caso as modificacións realizaranse de forma xustificada, por razóns

de interese público e sempre que sexan estritamente necesarias, tendo en conta os principios de austeridade,e control do gasto, eficiencia e boa administración, así como o de proporcionalidade.

34.6. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato

34.6.1. Límite cuantitativo. O presente contrato poderá modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial, na forma e co contido seguintes:

34.6.2. Condicións .A modificación versará sobre os aspectos que se especifican no anexo VI, relativo a modificacións do contrato previstas, onde se indican de forma clara, precisa e inequívoca o contido con detalle suficiente, o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso desta por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.

O procedemento que haberá que seguir para realizar a modificación será o seguinte:

- 1.-Proposta motivada do redactor do proxecto, ou no seu caso do director .
- 2.-Autorización do órgano de Contratación.
- 3.-Redacción do proxecto. Audiencia, no seu caso, ao redactor do proxecto e ao contratista no prazo mínimo de 3 días.
- 4.- Informe de Secretaría (ou Asesoría xurídica en municipios, título X Lei 7/85, de bases de réxime local)
- 5.- Fiscalización por Intervención.
- 6.-Existencia de crédito adecuado e suficiente.
- 7.- Aprobación polo órgano de Contratación.
- 8.- Formalización en documento administrativo da modificación.

34.6.3. Imposibilidade de establecer novos prezos unitarios non previstos

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato salvo nos supostos previstos na cláusula 34.3.2

34.6.4. Non alteración da natureza global

En ningún caso as modificacións poderán alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera este se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.

34.7.MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS NA DOCUMENTACIÓN QUE REXE A LICITACIÓN

As modificacións non previstas no presente prego, ou que estando previstas, non se axusten ao establecido no art. 205 LCSP só poderán realizarse cando a modificacións en cuestión cumpran os seguintes requisitos:

34.7.1. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista son os seguintes

34.7.1.A) Cando sexa necesario engadir obras, adicionais aos inicialmente contratados, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes

34.7.A.1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico

Por exemplo que se obrigase ao órgano de Contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xere inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de Contratación. En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

34.7.1.A.2.º Modificación cuantitativa

Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1.B) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivera lugar a licitación do contrato

A condición de que se cumpran as tres condicións seguintes:

34.7.1.B.1º Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever.

34.7.1.B. 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

34.7.1.B. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1.C) Cando as modificacións non sexan substanciais

Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

34.7.1.C.1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, se esixiu no procedemento de licitación orixinal.

34.7.1.C.2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, se introducirían unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

34.7.1.C.3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial deste, IVE excluído, ou ben que supere o limiar sinalado no artigo 20

(ii) As obras, obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do

expediente de contratación.

34.7.2) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

34.8. Obrigatoriedade.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de Contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído. (ART 206).

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista esta só será acordada polo órgano de Contratación previa conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211 LCSP.

34.9 REGRA ESPECIFICA NESTE CONTRATO DE OBRAS

34.9.1 No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

34.9.2 Modificacións que supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación.

Os prezos aplicables a estas serán fixados pola administración, logo da audiencia previa do contratista polo prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non acepte os prezos fixados, o órgano de Contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

34.9.3. Modificación que contemple unidades de obra que teñan quen quedar posterior e definitivamente ocultas

Antes de efectuar a súa medición parcial deberá comunicarse á Intervención da administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir a este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210.LCSP.

34.10. Tramitación

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula esta lei, solicitará do órgano de Contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará de acordo coas condicións da cláusula 34.6.2.

34.11. Tramitación dunha modificación que esixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para o interese público.

O órgano de Contratación poderá acordar que continúen provisionalmente estas tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que

1.- O importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

2.- E exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente de continuación provisional a tramitar para o efecto esixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

a) Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que se van realizar e a xustificación de que a modificación está nun dos supostos establecidos no apartado 2 do artigo 203.

b) Audiencia do contratista.

c) Conformidade do órgano de Contratación.

d) Certificado de existencia de crédito.

e) Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que na proposta técnica motivada se introducisen prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 102.

No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente da modificación do contrato.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de

obra previstas, aquelas partes que non teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas. As obras executadas dentro do prazo de oito meses, serán obxecto de certificación e aboamento nos termos previstos na presente lei coa seguinte singularidade:

34.12. Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de Contratación previa conformidade por escrito del, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.13 Reaxuste de garantía.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo final ofertado (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS

35.1. Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de Contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

35.2. Subcontratación

35.2.1 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de Contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando:

- 1.- a parte da prestación que se pretende subcontratar
- 2.- a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista,
- 3.- xustificará suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que este non está incurso en prohibición de contratar de acordo con o artigo 71. O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de Contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso que o subcontratista teña a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto

da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

Os licitadores terán a obriga de comunicar os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nela ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, e non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegadas as xustificacións a que se refire o apartado 35.2.1 deste apartado, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

35.2.2. Efectos do incumprimento en materia de subcontratación

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras as dispostas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se preveña nos pregos:

- a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.
- b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

35.2.3. Obrigas

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á administración, con arranxo estrito ao presente Prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201. O coñecemento que teña a administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refire esta cláusula non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de

acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán, en todo caso, natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP os subcontratistas non terán acción directa fronte á administración contratante polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

35.3. Obriga de cumprimento dos prazos de pago a subcontratistas

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 216. LCSP.

35.4. Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores

A administración contratante, a través da Dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de Contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán á administración contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estas obrigas considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades do 10% do prezo do contrato, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

No presente prego aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

35.5. Execución directa polo contratista principal de tarefas críticas, que non poderán ser obxecto de subcontratación.

De conformidade co disposto no art. 215.2, e) no anexo VIII do presente prego determínanse as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e que

deberán ser executadas directamente polo contratista principal.

36) RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras.

O contratista deberá entregar neste acto de recepción o soporte electrónico no que se recollan as fotografías e/ou reportaxe en vídeo da execución da obra a que se refire a cláusula 19.3.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de Contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido este prazo o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de Contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo establecido na lei. En canto ao prazo dos xuros de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos Concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contados desde a recepción das obras

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deterioran por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a administración contratante, por conta do contratista.

38) LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

A) Obras contratadas pola Deputación

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 241 LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), devolvéndose ou cancelándose a garantía e liquidándose, no seu caso, as obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se deban a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo ditará as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir ningunha cantidade por ampliación do prazo de garantía.

No entanto no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de Contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo por conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixírase o aboamento destes gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos Concellos

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo Concello contratante.

39) CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as establecidas nos artigos 211 LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212,213 e 246.LCSP.

Serán así mesmo causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12, 18, 23, 27 e 35 do presente prego.

40) RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 44 da LCSP, os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN		
	Vocabulario común de contratos (CPV)	
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	A.-Obras anuais Base imponible Importe IVE Total	 Euros (IVE INCLuíDO)
	B.- Obras plurianuais Base imponible Importe IVE Total	Exercicio orzamentario importe (IVE INCLuíDO) 202... 202....
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible: 20% (modificacións previstas de proxecto): 10% (aumento de medicións, certificación final): Total VALOR ESTIMADO	
4.BIS. REGULACION HARMONIZADA	☐ a) contrato non suxeito a regulación harmonizada ☐ b) contrato suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO:	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	☐ Non se esixe ☐ Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) Grupo subgrupo categoría _____ _____ _____ _____	
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	Grupo subgrupo categoría _____ _____ _____ _____	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE	Con carácter exclusivo e excluínte: A) ☐ Plataforma de contratación do Sector Público	

OFERTAS	https://contrataciondelestado.es B) ☐ Plataforma de contratos públicos de Galicia
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	☐ A) Tramitación ordinaria: _____ días (Cláusula 11) ☐ B) Tramitación urgente: _____ días .
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACION	https://ec.europa.eu/tools/espd/filter?lang=es
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	Non se establece
13.CONDICIÓN DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Dirección páxina web: www.dacoruna.gal
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo final ofertado , IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE B) Obras plurianuais, con prazo superior a dous anos: (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE ☐ FORMULA _____
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	NON SE ESIXE. Non obstante a administración coa fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de comunicación, correndo no seu caso a administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE:

TELÉFONO:.....

CORREO ELECTRÓNICO.....

CARTEL DE OBRA.....

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL.....

	NIF.....
	CÓDIGO.....
21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR.	ALCALDE/PRESIDENTE.....
	CÓDIGO.....
21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE	
	CÓDIGO.....
21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA	
	CÓDIGO.....
21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE.....	
CÓDIGO DE PROXECTO.....	
22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO..... Perfil	
de Contratante integrado na plataforma de Contratación que se indica na epígrafe 9	
do cadro de características.	

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. D^a _____
con domicilio no municipio de _
rúa _____
nº _____ provincia ----- país.....
teléfono _____
con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) N° _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____).

DNI ou NIF N° _____
e con domicilio no municipio de _____.
rúa _____
nº _____, provincia....., país.....
teléfono _____

Toma parte no procedemento aberto con único criterio para a adxudicación, factor prezo, da
execución das obras comprendidas no proxecto de

_____ e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

c) ____ Non concorre con empresas vinculadas.

d) ____ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
NIF

4º.- Prezo

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS ,NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE..... Euros).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :..... %. Importe..... euros

C) TOTAL (A+ B).....EUROS

5º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAI SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
TOTAL		

_____ de _____ de 202_
O LICITADOR (Asinado)

ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

F.1 IDENTIFICACIÓN DE ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO (1)

- A. DOCUMENTACIÓN (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO A)
- C. OFERTA ECONÓMICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

(2) *Indicar sobre A ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.*

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Será exclusivamente a oferta máis económica sen prexuízo do disposto neste Prego para as ofertas anormalmente baixas.

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCION DA OBRA. DOCUMENTO QUE HA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .

(Cláusula 12 e 16)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Os licitadores deberán presentar unicamente a declaración, axustada ao modelo indicado na cláusula 12.A.2 e o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar este documento, coa documentación xustificativa, de acordo co establecido na cláusula 16 e 12.A .2..

Anexo VI.

ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO PREVISTAS NO PRESENTE PREGO. DOCUMENTO QUE HA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN.

De acordo con o establecido no art. 204 LCSP poderán ser obxecto de modificación,

1.-por razóns de interese público,

2.- ata un máximo do 20%, do prezo inicial,

as seguintes unidades de obra:

Unidade de obra modificable	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato

Anexo VII

COMPROMISOS E DECLARACIÓNS

Nome e apelidos _____
con domicilio no municipio de _____
provincia de _____ país _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____
correo electrónico _____ con
DNI/NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con DNI/NIF _____
e domicilio no municipio de _____ rúa _____ nº _____ provincia de _____
país _____ teléfono _____, correo electrónico _____ á que representa no procedemento de
adxudicación do contrato de -
Título: _____

1º) Declara que se compromete a adscribir á obra..... os medios persoais e materiais esixidos no anexo V e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa. ³

2º) Comprométese a levar a cabo durante a execución do contrato alo menos unha das condicións de execución que se detallan na cláusula 27

3º) Declara:

3.1) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior en.... % , ao mínimo legal establecido)

3.2) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

3.3) Que a porcentaxe de contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación é de -----%

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

-
- 3 O incumprimento deste compromiso de adscripción considerarase incumprimento de obrigação esencial para os efectos dispostos no art. 211 e 192.2.LCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

Anexo VIII

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 do presente prego)



Non esixible neste contrato

Esixible neste contrato ☐ con arreglo ao seguinte cadro

UNIDADE DE OBRA	IMPORTE A PREZOS DE PROXECTO

5.- Aprobación da modificación do texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2020

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º.- **Non ter en conta**, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- **Aprobar a modificación** do texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2020, cunha achega provincial de **48.000,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/45390, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00% do orzamento, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021.

ANEXO

Número / 2020

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA XUNTO COS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS/AS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE OU NAS QUE COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E ADQUISICIÓN DO MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN. AÑO 2020

Na Coruña, a ___ de ___ de 2020

REÚNENSE

Dunha parte, **D. _____**, en representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, o Excmo. **Sr. D. _____**, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela NIF Q-1518001-A e representante legal desta segundo o establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 85.g dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro da Xunta de Galicia);

E doutra parte **D. _____**, en representación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela,

Ámbolos dous actúan en calidade de Presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tenor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre ambas institucións o 29 de novembro de 1.994.

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e a tal efecto.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade en colaboración cos Ilustres Colexios de Avogados e de procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría.

A Escola colabora nas labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua) e dos alumnos da licenciatura e do grao en Dereito (practicum), participando tamén no Máster universitario en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA de Santiago, e no programa Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

SEGUNDO.- A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

TERCEIRO.- Consideran as partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

CUARTO.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar lóxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos

os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

QUINTO.- Mediante este Acordo, a Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas da mesma, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas partes formalizan o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS:

I.OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local, para o ano 2020, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte ou nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

Como regra xeral, o número de alumnos/as que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/ mes durante un período ordinario de catro meses ao ano; período que se concretará en cada caso dacordo coas necesidades e as dispoñibilidades de cada concello. Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario de catro meses/ano, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno/a non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario ou xeral.

II.ORZAMENTO

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2020, o que representa un

coeficiente de financiamento do 100%. Dacordo co seguinte detalle desagregado:

- **A. GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,... DOS ALUMNOS: 36.000 €**, para o ano 2020, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2020	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE ALUMNO/MES	IMPORTE max. TOTAL
MES UNO	20	450 €	9.000 €
MES DOS	20	450 €	9.000 €
MES TRES	20	450 €	9.000 €
MES CUATRO	20	450 €	9.000 €
TOTAL			36.000 €

A Indemnización de 450 € ao mes, que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as , en función da quilometraxe.

- **B. GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURA E XESTIÓN: 4.000 €** para o ano 2020, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2020	DURACIÓN	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
Ano 2020	4 MESES	1.000 €	4.000 €

- **C. GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 5.000 €** para o ano 2020, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2020	MATERIAL	IMPORTE TOTAL
Ano 2020	Material necesario para desenvolver a ctividade, tal como fotocopiado para o alumnado de material didáctico e de material necesario para a realización das prácticas, bibliografía, códigos lexislativos, material informático funxible, papelería, material de escritura, etc.	5.000 €

- **D. COSTES DE FORMACIÓN: 3.000 €** para o ano 2020.

TOTAL GASTOS: 48.000 Euros

III.FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000 euros para o ano 2020, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/453.90 partida na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Para a anualidade 2020 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.
5. En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte da Universidade da Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.

V.DESIGNACIÓN DE ALUMNOS, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, os alumnos máis idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

VI.COORDINACIÓN.

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o

seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu Director e a profesional colaboradora D^a María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

VII.DESENVOLVEMENTO.

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas a realizar polos alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán as mesmas e a labor concreta que desenvolverán, estableceranse de mutuo acordo polas partes asinantes.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, a súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola.

VIII.COMPROMISO DAS PARTES.

A. GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN, DOS ALUMNOS:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas que imparte ou nas que colabora, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes,etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de **36.000 €** en concepto de gastos de desprazamentos, manutención..... dos alumnos. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización /gastos de desprazamentos e manutención) de 450 € ao mes; indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as , en función do quilometraxe.

Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da dispoñibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao final da anualidade a cifra

resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente a de 20 alumnos x mes x 4 meses x 450 €/alumno/a, isto é, a 36.000 €. De superarse a dita cantidade en cómputo anual a Deputación non satisfará as cantidades a maiores, e de resultar inferior a Deputación ingresará a Escola a cantidade realmente certificada.

Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na conta da Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, sendo necesaria, asemade da xustificación do Director da Escola, unha certificación expedida polo xefe do correspondente servizo da Universidade para acreditar que as ditas cantidades foron trnsferidas ás contas dos alumnos (detallando cantidades concretas percibidas por cada alumno).

A Deputación abonará anualmente dito importe á Universidade de Santiago - Escola de Práctica Xurídica, previa xustificación da actividade realizada en cada mes. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no periodo correspondente.

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario **de catro meses/ano**, poderase acordar realízalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar polo alumno durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2020 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses, no período establecido durante un mínimo de tres días laborales á semana é un máximo de cinco, a razón dun mínimo de cinco horas ao día e un máximo de sete. O número mínimo de días de prácticas durante o período total de catro meses non poderá ser inferior a 50, nin o número de horas inferior ás 250.

B.GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURAS E XESTIÓN:

Así mesmo establécese a cantidade de 1.000 € ao mes, durante un período de catro meses, como contribución aos gastos de coordinación, apoio a administración e material funxible (4.000 €) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe abonarase pola Deputación á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, tras xustificación da actividade realizada.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, xunto os correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados de xeito que poidan comprobarse os gastos directamente relacionados coas prácticas, que se distribuirán da seguinte maneira:

- a. Compensación económica aos coordinadores do convenio por parte da Escola, polas horas investidas nas tarefas específicas de publicidade do convenio, selección do alumnado, reunións co alumnado seleccionado, acompañamento do alumnado á presentación das prácticas, seguimento da

opinión dos titores e dos alumnos, resolución de posibles incidencias, lectura diaria dos informes dos alumnos e mensual dos informes dos titores, organización e seguimento das actividades de formación específica, etc.

b. Compensación económica ao persoal administrativo, encargado de recoller diariamente os informes dos alumnos relativos á asistencia e contidos das prácticas, comunicar incidencias á coordinación, elaborar (baixo a dirección da coordinación) e enviar diferentes documentos a titores e alumnos, control da formación.

c. Uso de instalacións e servizos correntes, na proporción correspondente.

C. GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

A Deputación financiará cunha cantidade anual (2020) de 5.000 €, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como gasto de fotocopiado e as prácticas do alumnado, adquisición de bibliografía de consulta e de coleccións de códigos normativos tanto para uso colectivo como individual do alumnado, material informático funxible como discos duros, memorias USB, fundas e cableado de alimentación de ordenadores portátiles e outro para uso do alumnado, papelería, axendas e material de escritura, e outro material específico destinado a ser utilizado polo alumnado nas prácticas que redunden no seu beneficio; **o material terá obrigatoriamente carácter funxible, non inventariable.**

No suposto de que os gastos xustificados foran superiores, a Deputación aportará ata a cantidade máxima de 5.000 € para o ano 2020.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do Director da Escola de Práctica Xurídica.

D. GASTOS DE FORMACIÓN:

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000 € unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da Universidade e coa ahega dos correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados, de xeito que poida comprobarse que se trata de gastos relacionados coas prácticas.

Acreditarase, asemade do anterior, que os gastos son específicos para a realización das prácticas en virtude deste convenio e que non se trata de formación incluída no mestrado de avogacía do que proceden os alumno que se seleccionan para as prácticas e polo que xa aboaron o prezo correspondente. Para os criterios de selección e as condicións de formación rexerán os apartados que seguen:

a. Que os alumnos poder ser seleccionados do mestrado oficial en

avogacía no que participa a Escola ou de calquera outra formación que imparta ou na que colabore a Escola, dependendo das circunstancias de cada momento, conforme permite o convenio.

- b. Que os alumnos seleccionados reciben unha formación específica para afrontar nas mellores condicións posibles as tarefas que se indican na manifestación quinta do convenio.
- c. Que esta formación específica é impartida por profesionais de prestixio e ampla experiencia profesional, en aulas e con medios materiais e informáticos destinados especificamente para a formación destes alumnos.
- d. Que esta formación é independente da que reciben nas ensinanzas das que proceden e de onde son seleccionados.
- e. A xustificación farase por medio de certificación do director onde se indiquen os contidos impartido, os docentes que os impartiron, os alumnos asistentes, e o pagamento realizado aos docentes; así como unha xustificación efectuado polo xefe do servizo correspondente da universidade das transferencias realizadas a cada docente en compensación da docencia impartida.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será a cargo da Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas continxencias.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de práctica xurídica comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores da mesma para as labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado, co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcional coa Universidade de Santiago, co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

IX.COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora

do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución. Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e mais polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

X.TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia a efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte párrafo e na cláusula DÉCIMOCTAVA.

Polo que se refire a anualidade correspondente ao ano 2020 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin posteriores ao 31 de decembro de 2020, debendo estar xustificadas antes do 28 de febreiro de 2021.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá **presentar a xustificación** documental á que se refire a cláusula OCTAVA antes do **28 de febreiro de 2021**.

A xustificación poderá tamén facerse fraccionada en dous períodos, un antes do 15 de decembro de 2020 e outro antes do 28 de febreiro de 2021; en tal caso, a Deputación realizará o aboamento da subvención conforme as cantidades xustificadas en cada período.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo improrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ó aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se

devenquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XI.RESPONSABILIDADE.

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade das labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice a súa labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña, Universidade de Santiago, Colexio de Avogados de Santiago, Escola de Práctica Xurídica, Director da mesma e profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideren xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

XII.ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

XIII.DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou

sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XIV.CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consorte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XV:REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño de 2015)
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 1116 de data Luns, 22 de xuño de 2015).

XVI.INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de xuño, de Subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XVII.NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

XVIII.VIXENCIA

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin os posteriores ao 31 de decembro de 2020, debendo estar xustificadas antes do día 28

de febreiro de 2021 e conservando a súa vixencia ata o 31 de marzo de 2021.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións intervintes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Por acordo expreso da ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes preceptivos do Servizo de patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIX.CUMPRIMENTO DO CONVENIO.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a resolución do mesmo.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data ____de de_____.

En proba de conformidade, ambas partes asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio."

6.- Aprobación da rectificación anual do Inventario da Deputación Provincial da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a rectificación anual do Inventario da Deputación Provincial da Coruña. "

7.- Ratificación do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Arzobispado de Santiago de Compostela para financiar o remate da restauración da obra pictórica a "Inmaculada Concepción" da parroquia de San Nicolás na cidade da Coruña e a achega provincial

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1º.- Exceptuar o establecido na Base 53ª.6º das de execución do orzamento de 2020, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión das subvencións otorgadas ó Arzobispado de Santiago de Compostela, por unha parte, para o remate da restauración do cadro da Inmaculada Concepción da parroquia de san Nicolás na cidade da Coruña, de carácter nominativo e por importe de 4500,00 € e aprobado por Acordo Plenario de 29 de maio de 2020, e por outra, en réxime de concurrencia competitiva, unha subvención por importe de 14.000,00 €, aprobada por Resolución da presidencia 2020/24904 de 24 de agosto de 2020, e que ten por obxecto, o proxecto de catalogación da colección do fondo antigo de impresos no Archivo Histórico Diocesano. 3ª Fase s.XX, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento das subvencións.

2º.- Ratificar o texto e a formalización do Convenio de colaboración entre a

Deputación Provincial da Coruña e o Arzobispado de Santiago de Compostela para financiar o remate da restauración da obra pictórica a "Inmaculada Concepción" da parroquia de San Nicolás na cidade da Coruña cunha achega provincial de 4.500,00 euros, supoñendo unha porcentaxe do 100 % do total do orzamento.

3º Ratificar a Resolución da presidencia 2020/24904 de 24 de agosto de 2020, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO200, en concreto ao Arzobispado de Santiago de Compostela por importe de 14.000,00 € e que ten por obxecto, o proxecto de catalogación da colección do fondo antigo de impresos no Archivo Histórico Diocesano . 3ª Fase s.XX

4º Aprobar o pago da achega provincial, correspondente o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arzobispado de Santiago de Compostela para financiar o remate da restauración da obra pictórica a "Inmaculada Concepción" da parroquia de San Nicolás na cidade da Coruña, por importe de 4.500,00 € con, cargo á aplicación orzamentaria 0612/3342/481."

8.- Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto "Conservación e restauración do parque histórico o Pasatempo de Betanzos - Fase I"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da esta subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. As actuacións consisten fundamentalmente en levar a cabo a rehabilitación de elementos do Parque enciclopédico do Pasatempo de Betanzos e colaborar na recuperación tanto do parque como dos seus elementos máis deteriorados cuxa perda é inminente. Por iso as obras van comezar coa recuperación do estanque do Retiro e o seu templete. Trátase de dous dos elementos máis representativos do parque do Pasatempo, mais tamén dos máis deteriorados e que precisan dunha urxente intervención para evitar a súa destrución.

O estanque do Retiro conta con case 700 metros cadrados, e está escavado a 5 metros de profundidade. No seu centro ubícase o templete, de forma oriental, que conta cunha ornamentación única, na que destacan elementos tan eclécticos e representativos como a Torre de Hércules, imaxes de indios remando e mulleres baleirando os seus cántaros. Os dous elementos conforman un conxunto diferenciado que traslada ao visitante a un espazo asiático, punto de partida ou encontro para un percorrido polo parque.

Este impresionante conxunto sufriu un derrumbe no ano 2018, e desde entón o xardín tivo que ser pechado para evitar calquera tipo de incidente. É por iso que o convenio busca, ademais de evitar a perda total dos elementos, a mellora da súa seguridade co obxectivo de que poida seguir sendo visitable nunhas condicións óptimas. E é por esta razón pola que as intervencións de recuperación e mellora deste espazo debe comezar por este conxunto artístico, que está a impedir a apertura do espazo e que xera un punto de inflexión para a recuperación do resto de elementos únicos do parque.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE BETANZOS con CIF P1500900D para financiar o proxecto "CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PARQUE HISTÓRICO O PASATEMPO – FASE I" cun orzamento total de 524.929,71 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 419,943,76 € euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BETANZOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO "CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PARQUE HISTÓRICO O PASATEMPO DE BETANZOS-FASE I"

Na Coruña, a __ de _____ de 202__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **Concello de BETANZOS**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de BETANZOS considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **PROXECTO "CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PARQUE HISTÓRICO O PASATEMPO DE BETANZOS-FASE I"**, xa que o Concello de BETANZOS considera de primeira necesidade as actuacións sobre o parque enciclopédico do Pasatempo. O chamado Parque do Pasatempo foi a comezos do século XX un enorme Parque privado (de uso público) promovido polos betanceiros Juan Garcia Naveira e Jesús García Naveira. O Parque comeza a andar en 1893 cando estes ilustres cidadáns retornan de Arxentina e comeza a compra de terreos na zona do Carregal. Nunha fase inicial e ata 1910 vanse conformando varias partes do Parque, estando nesa data executados e conformados os elementos fundamentais. Está en pleno funcionamento, pero sempre con ampliacións e obras contínuas, ata o ano 1933 en que a morte do promotor e principal impulsor deixa o parque nun certo estado de abandono. O Parque permaneceu abandonado durante toda a Guerra Civil e os anos seguintes ata que a partir do ano 1980 comezan os primeiros tanteos por parte do Concello por mellorar as condicións do mesmo, realizándose ao longo dos anos unha serie de intervencións para conservar o mesmo, que non conseguiron frear totalmente o deterioro do recinto. A relevancia histórica, patrimonial e turística do recinto para o Concello de Betanzos motiva a elaboración do presente convenio, dentro do esforzo realizado pola Sección de Turismo da Deputación da Coruña por poñer en valor o patrimonio artístico e monumental, arqueolóxico, costeiro e natural, co obxecto de fomentar, promocionar e dar a coñecer a oferta e riqueza turística da provincia, e para iso realiza actuacións concretas que serven de apoio a esta competencia da institución provincia.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar o **PROXECTO "CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PARQUE HISTÓRICO O PASATEMPO DE BETANZOS-FASE I"**, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BETANZOS ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente **CONVENIO DE COOPERACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de BETANZOS, con CIF P1500900D, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras do **PROXECTO "CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PARQUE HISTÓRICO O PASATEMPO**

DE BETANZOS-FASE I", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo estudio do arquitecto XAN CASABELLA

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

1 Capítulo 1: Elementos arquitectónicos do Estanque do Retiro

1.1 Borde pavimento superior	1.256,26
1.2 Pavimento inferior	7.841,63
1.3 Varandas de protección	15.450,97
1.4 Fondo	5.478,84
1.5 Escaleiras	4.288,73
1.6 Túneles de acceso á Illa	3.149,97
1.7 Ponte de acceso á Illa	1.164,23
1.8 Gruta do estanque	1.275,84

Total Capítulo 1: Elementos arquitectónicos do Estanque do Retiro: 39.906,47

2 Capítulo 2: Elementos arquitectónicos da Illa do templete

2.1 Templete	12.212,03
2.2 Banco-varanda	4.601,70
2.3 Barco de guerra 1	2.910,23
2.4 Barco de guerra nº 2. Torre cilíndrica. Barco nº 3. Canoa	2.151,75

Total 2 Capítulo 2: Elementos arquitectónicos da Illa do templete	21.875,71
--	------------------

3 Capítulo 3: Baixorrelevos pictóricos do Estanque do Retiro	6.011,30
4.Cap 4: Mosaico mural de cunchas e mos.pavim cantos rodados	109.866,08
5 Capítulo 5: Altorrelevos adosados ao paramento de cunchas	43.062,20
6 Capítulo 6: Elementos decorativos da Illa do templete	94.342,21
7 Capítulo 7: Mosaico pavimental de teselas da Illa do templete	7.854,14
8 Capítulo 8: Xestión de residuos	1.718,80
9 Capítulo 9: Seguridade e saúde	6.636,19
10 Capítulo 10: Proxectos finais	3.000,00

Orzamento de Execución Material (PROXECTO INICIAL)	334.273,10
Orzamento de Execución Material (ANEXOS COMPLEMENTARIOS)	
30.286,74	
Orzamento de Execución Material FINAL	364.559,84
13% de gastos xerais	47.392,78
6% de beneficio industrial	21.873,59
SUMA	433.826,21
21% IVE	91.103,50
Orzamento de Execución por Contrata	TOTAL
	524.929,71

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **419.943,76 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3339/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario

para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Base 53 das de execución do Orzamento para o ano 2020, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- . Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- . Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- . Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- . Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- . Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula

QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- . Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- . Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- . Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- . Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- . Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- . Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- . Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de

cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de DECEMBRO do 2022**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e

presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de OUTUBRO de 2022**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____**

**O ALCALDE -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE BETANZOS**

Asdo.:_____

Asdo._____

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo._____ "

9.- Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excma. Deputación da Coruña e o concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras da fase I-Proxecto básico e de execución e rehabilitación do edificio "Casa das máquinas"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora do patrimonio provincial.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto supón a mellora do patrimonio histórico das nosas vilas e cidades, concretándose o presente proxecto na execución

da rehabilitación do edificio Casa das Máquinas , fase I en Santiago de Compostela. A Casa das Máquinas, deseñada polo arquitecto compostelán Xesús López de Rego, foi construído en 1919, encóntrase catalogado patrimonialmente debido as súas características tipolóxicas e compositivas de especial significación arquitectónica e ambiental. Trátase dun notable exemplo de arquitectura industrial da cidade.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE SANTIAGO con CIF P1507900G, para financiar a Fase I- Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Edificio "Casa das máquinas" cun orzamento de 252.056,73 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 201.645,38 € euros, o que supón porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/76201, onde existe crédito suficiente.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA FASE I - PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO "CASA DAS MÁQUINAS"

Na Coruña, a __ de _____ de 202__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, en representación do Concello de Santiago de Compostela

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Santiago de Compostela considera de primeira necesidade as actuacións sobre, a Fase I - Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Edificio "Casa das Máquinas":

A Casa das Máquinas, deseñada polo arquitecto compostelán Xesús López de Rego, foi construído en 1919, encóntrase catalogado patrimonialmente debido as súas características tipolóxicas e compositivas de especial significación arquitectónica e ambiental. O edificio, que estivo albergando un transformador eléctrico, ten unha cualificación urbanística de dotación con uso previsto sociocultural. O edificio presenta un notable deterioro nos seus muros exteriores, e risco de desplome do tellado. Trátase dun notable exemplo de arquitectura industrial da cidade. Os recursos patrimoniais de referencia, ademais de supoñer parte da herdanza común dunha sociedade, adoitan representar unha oportunidade para o desenvolvemento. Os bens materiais protexidos e ben conservados, son considerados de gran interese de cara á permanencia da identidade dunha cultura a través do tempo, e precisamente por iso, afondan no feito de permitir posicionamento de destino. Unha planificación turística que pretenda dar lugar á preservación do atractivo cultural e un correcto progreso debe poñer especial atención sobre o patrimonio, reafirmando o papel da conservación e rehabilitación. Isto redunda positivamente, como vemos, a nivel de identidade. Pero tamén dende o punto de vista social, turístico e económico. O reforzo destas distintas dimensións sitúanos próximos ao concepto de desenvolvemento equilibrado e integral e, polo tanto, máis preto de acadar un destino turístico sostible. O contrario a todo isto, é dicir, unha condición ruínosa dun punto transcendente nun destino turístico, ocasiona nefastas consecuencias a nivel de respecto polo propio e de proxección de imaxe. Un elemento patrimonial relevante ten un estreito vínculo coa cultura e, en consecuencia, coa conciencia colectiva dos referentes compartidos por unha comunidade, algo que se relaciona tamén co feito de cómo nos ven dende fóra.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar a Fase I - Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Edificio "Casa das Máquinas" , motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Santiago de Compostela, con CIF P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras da Fase I - Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Edificio "Casa Das Máquinas", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Arquitectos Terán y Blanco. Taller de arquitectura S.L.P

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, incluíndo uns Gastos xerais do 13 %, un Beneficio industrial do 6 % e un IVE do 21 %, ascende a un total de 252.056,73 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 201.645,38 € o que representa unha porcentaxe de 80,0000%. A contía restante, ata conseguir o importe total do

orçamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,000 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3339/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo

os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na Base 53 das de execución do Orzamento para o ano 2020, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- . Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- . Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- . Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- . Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- . Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte

documentación:

- . Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser diligenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
 - . Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
 - . Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - . Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - . Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías diligenciadas no reverso).
 - . Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
 - . Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar rematadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13

de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de novembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2020 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 28 de febreiro do ano 2021. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 30 de decembro de 2020, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE/SA-PRESIDENTE/TA DO
CONCELLO DE _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

10.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de agosto de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña. "

11.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a agosto de 2020 e proxección a 31/12/2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de agosto de 2020, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2020 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

12.- Aprobación do convenio marco entre a Deputación Provincial da Coruña e as comunidades de usuarios de augas da provincia para a encomenda da xestión recadatoria dos seus ingresos de dereito público.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar o seguinte convenio tipo para as Comunidades de Augas:

CONVENIO MARCO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA PARA A ENCOMENDA DA XESTIÓN RECADATORIA DOS SEUS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

Na Coruña, a de de

REUNIDOS:

Don/Dona, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/Dona, en representación da Comunidade de Usuarios de Augas da provincia da Coruña.

EXPOÑEN:

As Comunidades de Usuarios de Augas son entidades de dereito público de base corporativa, adscritas ao organismo de conca, debendo adecuar as súas actuacións ao establecido nos seus estatutos ou ordenanzas, así como ao Real decreto lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de augas (en adiante, TRLA), ao Real decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), á Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia (LAG), á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC) e á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

O artigo 209.1 do RDPH en relación co artigo 83.2 do TRLA dispón que *"as Comunidades poderán executar por sí mesmas e con cargo ao usuario os acordos incumpridos que impoñan unha obriga de facer. O custo da execución subsidiaria será esixible pola vía administrativa de constrinximento. Quedarán exceptuadas do réxime anterior aquelas obrigas que revistan un carácter personalísimo"*

Así mesmo, o artigo 212.1 do RDPH en relación co artigo 83.4 do TRLA establece que *"as débedas da Comunidade de Usuarios para gastos de conservación, limpeza ou melloras, así como calquera outra motivada pola administración e distribución das augas gravarán a finca ou industria en cuxo favor se realizaron, podendo a Comunidade de Usuarios esixir o seu importe pola vía administrativa de constrinximento e prohibir o uso da auga mentres non se satisfagan, aínda cando a finca ou industria cambiase de dono. O mesmo criterio se seguirá cando a débeda proveña de multas ou indemnizacións impostas polos Tribunais ou Xurados"*.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran do maior interese asinar un convenio de cooperación coas seguintes

CLÁUSULAS

CLÁUSULA PRIMEIRA.– OBXECTO DO CONVENIO.

A Deputación Provincial da Coruña (en diante a Deputación) asume, por encomenda de xestión, as competencias en materia recadatoria que se concretan máis adiante, en relación cos ingresos propios de dereito público dos que son titulares as Comunidades de Usuarios de Augas (en diante a Comunidade), aos que se refire o artigo 83 do Real decreto legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de augas, mediante a sinatura do correspondente convenio particular, sometido aos termos deste convenio tipo, entre cada Comunidade que o desexe e a Deputación.

CLÁUSULA SEGUNDA.– RÉXIME XURÍDICO.

O exercicio das competencias en materia recadatoria encomendadas pola Comunidade rexerase, en primeiro termo, polo disposto neste Convenio e ademais por:

- a) O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- b) A Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.
- c) A Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- d) O Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.
- e) A Ordenanza fiscal xeral da Deputación Provincial da Coruña.
- f) As normas específicas de cada recurso, se as tivera.

g) As normas que desenvolvan, complementen ou modifiquen as anteriores.

h) As demais normas de obrigada aplicación á materia.

CLÁUSULA TERCEIRA.– CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACIÓN.

1. Contido.

A Comunidade encomenda á Deputación o exercicio das seguintes competencias en materia recadatoria respecto dos ingresos propios de dereito público dos que é titular a Comunidade, aos que se refire o artigo 83 do Real decreto lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de augas:

a) Recadación en período voluntario e executivo dos que se liquiden e recaden mediante padrón anual.

b) Recadación en período executivo dos que non se inclúan en ningún padrón, cuxa recadación en período voluntario corresponderá á Comunidade.

2. Alcance.

A encomenda supón que a Deputación asume a totalidade das funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias de recadación en cada caso.

En particular, será competencia da Deputación o exercicio das seguintes funcións:

1) Tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e fraccionamentos de pago.

2) Declaración de insolvencias e de créditos incobrables.

3) Representación da Comunidade nos procedementos concursais nos que resulte afectado algún expediente executivo.

3. Avocación.

A Comunidade poderá avocar para si mesma, mediante comunicación escrita e razoada dirixida á Deputación, a tramitación de determinados expedientes recadatorios en curso.

Neste suposto, a Deputación formulará data por baixa das débedas afectadas e quedará eximida de calquera responsabilidade que puidese producirse no futuro con respecto ás mesmas, que non poderán ser cargadas de novo á Deputación para a continuación do procedemento.

CLÁUSULA CUARTA.– COLABORACIÓN DA COMUNIDADE.

Co obxecto de facilitar o exercicio das competencias encomendadas á Deputación, a Comunidade asume as seguintes obrigas:

- 1) A elaboración e aprobación dos padróns anuais de recibos en voluntaria.
- 2) Respecto das liquidacións non incluídas nos padróns anuais e cuxa recadación en período voluntario realice a propia Comunidade, a emisión das providencias de constrinximento por parte do órgano competente da Comunidade, de acordo co que se estableza nas ordenanzas e regulamentos da mesma e, no seu defecto, polo Tesoureiro desta. Nelas deberán figurar os datos esixidos polos artigos 104 e 105 do Regulamento Xeral de Recadación.
- 3) A utilización dos canais e formatos establecidos pola Deputación para o envío de información por parte da Comunidade.
- 4) A colaboración na identificación e localización dos obrigados ao pago ou debedores.
- 5) A posta a disposición do Servizo de Recadación da Deputación dos seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese recadatorio, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.
- 6) A exposición pública, nos lugares de costume, dos edictos e anuncios que se emitan pola Deputación no exercicio das competencias delegadas

CLÁUSULA QUINTA.– SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN Á COMUNIDADE.

1. Estados Demostrativos.

No primeiro semestre do exercicio seguinte, a Deputación enviará á Comunidade os Estados Demostrativos da xestión recadatoria do exercicio anterior, para a súa conformidade ou reparos. Dado o elevado volume da documentación, a facturación e xustificantes que dan orixe aos Estados Demostrativos será posta a disposición da Comunidade, para o seu exame, nas oficinas centrais do Servizo de Recadación; non obstante, a petición da Comunidade interesada, poderanse facilitar copias en casos concretos.

2. Información sobre o canon da auga e o coeficiente de vertedura.

Nos primeiros quince días de cada cuadrimestre, a Deputación enviará á Comunidade a información, referida á súa xestión no cuadrimestre anterior, necesaria para que a Comunidade presente a autoliquidación do canon da auga e do coeficiente de vertedura unha vez completada coa información referida á xestión da propia Comunidade no dito período.

3. Acceso ao sistema.

A Deputación establecerá un procedemento informático que permita á Comunidade facer un seguimento global da xestión que realice o Servizo de Recadación da

Deputación, así como o acceso ás bases de datos de dito Servizo para obter a información individualizada que a Comunidade precise para o exercicio das súas funcións, sempre dentro do marco definido pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, das normas xerais que a desenvolvan e da normativa específica que no seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

CLÁUSULA SEXTA.– TAXAS POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DELEGADOS.

As taxas a aboar pola Comunidade polos servizos encomendados serán recollidas na Ordenanza fiscal número 5 da Deputación.

O presente convenio non supón repercusión económica algunha para a Deputación Provincial da Coruña, e si o ingreso das citadas taxas.

CLÁUSULA SÉTIMA.– LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS E DEFINITIVA.

Da recadación en período voluntario mediante padrón, practicarase liquidación provisional no trimestre seguinte ao remate do correspondente período.

Da recadación en período executivo, practicaranse liquidacións provisionais de periodicidade trimestral.

No primeiro trimestre de cada exercicio practicarase a liquidación definitiva do exercicio anterior.

Ao practicar as liquidacións, o importe líquido a entregar a cada Comunidade delegante calcularase deducindo da recadación íntegra os seguintes importes:

- 1) Devolucións de ingresos indebidos.
- 2) Taxas por prestación dos servizos obxecto deste Convenio.
- 3) Outros importes que procedan, relacionados coas competencias delegadas, debidamente xustificadas.

CLÁUSULA OITAVA.– FORMALIZACIÓN E VIXENCIA DO CONVENIO.

A encomenda de xestión formalizarase nun convenio asinado polas dúas partes e que entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia ou na data que no mesmo se sinale. Tamén se publicará no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento.

O convenio terá un período inicial de vixencia de CATRO anos, contados dende a data de entrada en vigor. Este período inicial de vixencia poderá prorrogarse tacitamente por un período igual, se ningunha das partes comunica á outra, cun mínimo dun ano de antelación ao seu vencemento, o seu desexo de deixalo sen efecto.

CLÁUSULA NOVENA.– NORMAS DE DESENVOLVEMENTO.

Facúltase ao Presidente da Deputación para aprobar, mediante Resolucións, as normas que resulten necesarias para o cumprimento e desenvolvemento do convenio.

CLÁUSULA DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

A presente cláusula incorpórase en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais y garantía dos dereitos dixitais.

Como queira que as competencias de recadación quedan encomendadas á Deputación, é esta quen ostenta a condición de responsable dos ficheiros xerados en virtude da encomenda de xestión, sendo a Comunidade a responsable do tratamento daqueles ficheiros precisos para o desenvolvemento da colaboración descrita neste convenio, non considerándose comunicación de datos a un terceiro o acceso aos mesmos da asistencia técnica da Comunidade, ao tratarse dun acceso necesario para a prestación dun servizo ao responsable do tratamento, segundo dispón o artigo 13 da devandita Lei.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para coordinar as actuacións e resolver as dúbidas que resulten do presente convenio, constitúese una comisión de seguemento formada por dous representantes designados por cada unha das institucións, sendo un total de catro membros.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

A modificación do presente convenio requerirá informe da comisión de seguemento e aprobación dos órganos competentes de ambas as dúas institucións e, no caso da Deputación, informe favorable da Secretaría Xeral e da Intervención.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será causa de resolución do convenio o incumprimento, por parte da Comunidade de Usuarios de Augas da provincia da Coruña, da súa obriga de facilitar a información necesaria para o desenvolvemento das funcións previstas no presente convenio, en cuxo caso serán esixidas as correspondentes indemnizacións por danos e perxuízos.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de... de... de .

En proba de conformidade, ambas partes asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DA COMUNIDADE DE
USUARIOS DE AUGAS DE PROVINCIA DA
CORUÑA

Asdo.:

Asdo.:

2º) Facultar ao Presidente da Deputación para aprobar, mediante Resolucións, as normas que resulten necesarias para o cumprimento e desenvolvemento do convenio, entre elas as normas de adhesión ao convenio marco, garantizando a igualdade de acceso del calquera Comunidade de Usuarios de Augas da provincia da Coruña que reúna os requisitos esixidos."

13.- Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Carballo para financiar o proxecto "Deseño e creación dun espazo colaborativo no Concello de Carballo", dentro do PEL EMPRENDE 2018

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar a prórroga do convenio 103/2018, de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo, para financiar o proxecto "Deseño e creación dun espazo colaborativo no Concello de Carballo", dentro do PEL Emprende 2018, nos seguintes termos:

Período de vixencia, ata o 30 de abril de 2021.

Data límite para a execución de actividades, o 21 de febreiro de 2021.

Presentación da xustificación, antes do 31 de marzo de 2021.

2º Modificar as cláusulas VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 21 de febreiro de 2021.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Carballo deberá presentar a

xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguera os gastos devengados dende o 1 de novembro de 2018 ata o 21 de febreiro de 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o 30 de abril de 2021, sempre e cando exista crédito para tal fin..."

3º Condicionar o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento."

14.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para cofinanciar o Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: Para unha transición ecolóxica.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co "Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)", Cif V-15653298, para regular a achega de 150.000 € para cofinanciar o "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA", cun orzamento subvencionado de 187.500,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 %.

4 Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220200032321, da Partida 0520/17221/46701, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de agosto de 2021.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA”

Na Coruña a ... de de 2020

REUNIDOS

D. José Ramón Rioboo Castro, en representación da Deputación Provincial da Coruña
D. Carlos Vales Vázquez, Director Xerente do CEIDA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración subscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

- * Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.
- * Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.
- * Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **“Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: Para unha transición ecolóxica”** que a través da Deputación de A Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración daccordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: Para unha transición ecolóxica”**, no que se integran as seguintes actividades:

I. Programa de Educación Ambiental para os centros educativos:

* Programa de Visitas guiadas:

- O mar e a costa, recursos valiosos para todos/as
- A illa de Santa Cruz, un rico patrimonio natural e histórico

* Programa de obradoiros presenciais nos centros de ensino sobre os principais retos ambientais do planeta:

- Emerxencia climática
- Resíduos (Lixo mariño)
- Conservación, posta en valor e sensibilización do patrimonio natural do Parque Natural das Fragas do Eume, Parque Natural de Corrubedo e da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

II. Programa de capacitación para a transición ecolóxica centrado nas seguintes temáticas:

- * Conservación, posta en valor e sensibilización do patrimonio natural do Parque Natural das Fragas do Eume e do Parque Natural de Corrubedo
- * Reservas de Biosfera e as oportunidades para o territorio
- * Emerxencia climática
- * A problemática do lixo mariño

III. Programa de divulgación ambiental:

- * Nova exposición sobre Emerxencia Climática
- * Itinerancias das exposicións do CEIDA:
 - Coidando o noso mar
 - O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción
 - Áreas Mariñas Protexidas
 - Patrimonio Marítimo de Galicia
 - Operación Monarca
 - Reservas da Biosfera
 - Berros no roncar das ondas

IV. Programa de asesoramento e documentación ambiental

V. Elaboración de materiais

VI. Plan de comunicación

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula

anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO			IMPORTE
PERSOAL	Director Programa	32.000,00 €	96.000,00 €
	2 Educador/a ambiental	28.000,00 €	
	Documentalista	20.000,00 €	
	Administrativa	16.000,00 €	
Seguro accidentes e R.C.			750,00 €
Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencia, etc.)			78.000,00 €
Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.)			12.750,00 €
TOTAL			187.500,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **150.000€**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á vinculación xurídica na aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

e. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 72, do 15 de abril de 2019).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 72, do 15 de abril de 2019).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2021 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

2. Para o caso de que o CEIDA non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2021, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2021. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN,

O REPRESENTANTE DO CEIDA,

D. JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO

D. CARLOS VALES VÁZQUEZ"

15.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2020"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, Cif G15620651, para regular unha achega de 72.000 € para cofinanciar o Proxecto "VOZ NATURA 2020", cun orzamento subvencionado de 144.874,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 49,69836 %.

4 Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220200000441, da Partida 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 30 de xuño

de 2021, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “VOZ NATURA 2020”

Na Coruña, a de de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en representación da Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,

Doutra parte, Don Santiago Pérez Otero, con DNI 32.431.250-P, como representante da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE.

Os comparecentes interveñen en uso das atribucións que, por razón dos seus cargos, teñen conferidas, e

MANIFESTAN

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e refundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Según recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica".

As actividades da Fundación se encamiñan á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor se realiza nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e se concreta en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.

Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é a execución do proxecto “VOZ NATURA”, que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade, e co que a Deputación da Coruña ven colaborando dende hai anos.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre”, para o cofinanciamento do proxecto “Voz Natura 2020”.

Aínda que o proxecto “Voz Natura” se desenvolve en toda a Comunidade Autónoma de Galicia coincidindo coa duración de cada curso escolar, a achega provincial está referida ás actividades que se desenvolven na Provincia da Coruña durante o presente ano 2020, dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro, polo que abrangue parte das actividades xa realizadas durante o curso escolar 2019-2020 e parte das que se realicen no curso escolar 2020-2021.

II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á Provincia da Coruña ascende a 144.874,00 €, e ten o seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios	58.000,00 €
Material de oficina, mensaxería e promoción Voz Natura	4.623,00 €
Premios colexios e actos Voz Natura	12.609,00 €
Asistencia técnico-ambiental e informativa aos proxectos	20.174,00 €
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.236,00 €
Coordinación e seguimento do proxecto	41.188,00 €
Plan de comunicación proxecto Voz Natura	5.044,00 €
TOTAL	144.874,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,69836 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,69836 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou

axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia

sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes da finalización do prazo de vixencia indicado na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.
4. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.
5. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contabeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das

infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2020, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2021.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 30 de xuño do 2021, poderá solicitar a prórroga do prazo inicial de xustificación cunha antelación dun mes a esta data, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar el convenio variando sustancialmente el obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,

O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN
SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE

D.

D. SANTIAGO PÉREZ OTERO"

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre centros educativos.

O día 12 de marzo, no contexto de emerxencia sanitaria da Covid19, a Xunta de Galicia anunciaba a suspensión das clases presenciais en todos os centros de educación, que se facía efectiva catro días despois e mantiña a súa vixencia ata o final do curso escolar.

Durante todos estes meses, persoas e administracións tivemos que aprender e reinventar o noso cotián, o xeito de traballar, preparar protocolos e, en xeral, innovar ante a gravidade da pandemia, a incerteza da súa evolución e a falta de experiencia previa.

No sector do ensino, a emerxencia sanitaria supuxo un reto xa non só para un profesorado obrigado a improvisar a docencia telemática sen contar cos medios técnicos suficientes. Tamén para as familias, que en moitos casos viron como as desigualdade socioeconómicas se acentuaban ante a falta de acceso a materiais informáticos, internet, imposibilidade de conciliar a vida laboral coa familiar, teletraballo, etc.

Xa pasaron varios meses, e aínda que contamos con máis experiencia, os medios e recursos necesarios para iniciar o curso escolar en condicións aceptables de seguridade e de igualdade non están nin moito menos garantidos, tal e como denuncia de xeito unánime a comunidade escolar. Profesorado, direccións dos centros, ANPAS e sindicatos levan meses amosando as súas inxerencias, pero tamén facendo propostas, pedindo mesas de diálogo institucional para seren escoitadas como parte directamente implicada no ámbito educativo. A resposta dende a Xunta de Galicia, depositaria principal das competencias en Educación, ten sido escasa ou nula.

Debemos garantir un ensino presencial por moitas razóns, entre elas, polo acceso igualitario a un dereito básico, pola propia calidade da educación, pola atención as crianzas, por paliar a desigualdade económica e social. O que non é realista nin viable é facelo a custe cero, sen investir os medios e recursos necesarios, desviando a responsabilidade da Xunta cara a comunidade educativa ou os concellos ao custe de pór en risco a saúde dos nenos e nenas, do persoal docente e resto de profesionais que traballan nos centros escolares, así como das familias, e en consecuencia, de toda a sociedade.

Así mesmo, tal e como indica no seu informe a Asesoría Xurídica da Deputación da Coruña ao respecto, a Lei de Sanidade Galicia establece, no seu terceiro artigo que lle corresponde á Xunta de Galicia o mantemento e garantía da saúde pública no territorio da Comunidade Autónoma Galega. Mentres que no seu artigo 48 establece que é competente tamén na prevención e control das doenzas transmisibles. Conclúe o devandito informe que “de ningún xeito se lle pode encomendar ás entidades locais novas funcións e responsabilidades na conservación e mantemento dos centros escolares de titularidade autonómica sen a correspondente consignación orzamentaria e a correspondente delegación de competencia”, dándolle así sustento xurídico á moción presentada polo Grupo Provincial da Marea Atlántica na sesión plenaria celebrada o pasado 31 de xullo.

A deixación das súas propias funcións por parte da Xunta de Galicia tivo xa efectos directos sobre persoas usuarias e o persoal traballador no ensino secundario no noso, país que viu como se suspendía o inicio de curso ao careceren os centros dos medios precisos para garantir a seguridade e a saúde da comunidade educativa.

Polo exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a:

-pór en marcha o proceso de diálogo social coas ANPAS e os equipos educativos co fin de establecer as medidas necesarias para asegurar un comezo do curso seguro.

- dotar os centros do persoal e os investimentos necesarios para reducir as ratios de nenos e nenas por aula.

- dotar os centros dunha enfermería con persoal cualificado e remunerado destinada a atender diariamente a situación sanitaria de alumnado e profesorado

- crear unha mesa de diálogo coa comunidade educativa para avaliar o proceso e implementar as medidas necesarias segundo a evolución da pandemia ao longo do curso

- ante o posible peche de aulas por rebrotes, ampliar os recursos de conciliación, como canguraxe ou ludotecas.

2.-Moción dos Grupos provinciais PSdG-PSOE e BNG instando á Xunta de Galicia a exercer as súas competencias para garantir o desenvolvemento dun curso académico presencial, seguro e de calidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de xuño finalizaba un curso escolar atípico, bruscamente interrompido coa suspensión das clases o 13 de marzo de 2020 dando paso a un ensino "non presencial" para o que nin profesores, nin centros, nin familias estaban de ningún modo preparados e que xerou novos e importantes focos de desigualdade.

A inacción inicial da administración competente foi suplida pola colaboración do profesorado, alumnado, familias e por moitos concellos desta provincia, de diferente cor, que máis pegados aos problemas dos cidadáns, puxéronse ao servizo da comunidade educativa para aportar o seu gran de area, na medida das súas posibilidades.

O 15 de xuño de 2020 a Comunidade Autónoma de Galicia foi a primeira das comunidades autónomas en saír do estado de alarma. A tarefa máis urxente que tiña riba da mesa a Consellería de Educación, unha vez finalizado o curso, coa experiencia acumulada nos meses de confinamento e agora con tempo suficiente, era a de organizar, en coordinación coa comunidade educativa e as autoridades sanitarias, o próximo curso escolar, prevendo diferentes escenarios epidemiolóxicos para o mes de setembro.

Non foi así, levantado o estado de alarma a Xunta de Galicia centrouse na campaña electoral. Así é que o borrador do Protocolo de Adaptación ao contexto do Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021 non foi dado a coñecer á mesa sectorial ata dous días despois da celebración das eleccións. Este protocolo, que deriva a responsabilidade nos centros educativos e concellos, suscitou as protestas de sindicatos, ANPAS e entidades locais, demostrando unha nula capacidade de diálogo do Goberno galego. O Protocolo, que xa foi reformado en tres ocasións, está presidido por un único principio rector, o custo cero, demostrando unha vez máis a falta de compromiso do goberno do señor Núñez Feijoo coa educación pública.

Outras comunidades autónomas elaboraron plans ambiciosos que priorizan a educación e a saúde de alumnos e profesores. Así, por exemplo, a Comunidade Autónoma de Valencia contratou 4.374 profesores, garantindo que cada centro contara como mínimo cun profesor de reforzo este curso e rebaixou a ratio de

alumnos por aula a 20. Do mesmo xeito a Comunidade Autónoma de Asturias destinou 30 millóns a reducir o tamaño dos grupos coa contratación de 850 novos docentes.

Pola contra a Comunidade Autónoma de Galicia, que acaba de recibir 93 millóns de euros do fondo estatal para educación, négase a rebaixar as ratios de alumnos por aula en educación primaria, ESO e bacharelato, a contratar profesores ou desdobrar aulas buscando espazos en coordinación cos concellos e outras administracións, ata no caso de que se incumplan as distancias de seguridade establecidas polo Ministerio de Sanidade. Tampouco dispuxo ningunha medida extra para atender aos comedores xestionados polas ANPAS, garantindo así que a conciliación familiar chegue a todos os centros educativos da comunidade.

O fracaso da organización do curso escolar 2020-2021 foi recoñecido de xeito indirecto polo propio Feijoo coa substitución da conselleira de educación Carme Pomar e o seu equipo á fronte da Consellería de educación e polo atraso "in extremis" do inicio do curso escolar en secundaria e bacharelato.

Por todo o anteriormente exposto, os grupos asinantes da moción propoñen ao pleno da corporación a adopción dos seguintes ACORDOS

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Que se estableza un metro e medio de distancia de seguridade para todo o alumnado galego e que a dita distancia de seguridade sexa uniforme en toda a actividade escolar, incluso a de carácter non lectivo que se desenvolva dentro dos centros educativos, independentemente do emprego doutras medidas de protección.
- 2.- Que a Consellería solicite aos concellos a cesión dos espazos públicos dispoñibles que poidan ser necesarios para desdoblar as aulas nos centros en que non sexa posible manter a precitada distancia de seguridade.
- 3.- Que se contraten todos os docentes que sexan necesarios para o desdoblamento das aulas, alí onde non poida garantirse a distancia de seguridade e suplir as baixas.
- 4.- Que asuma as competencias e proceda á desinfección profesional dos centros educativos, ou ben proceda a dotar aos concellos dos medios materiais, persoais e económicos para levar a cabo a desinfección.
- 5.- Que planifique a atención dos alumnos en situación de risco que non poidan asistir a clase por esta causa, así como a dos alumnos que deban gardar cuarentena e que se prevea a súa atención domiciliar nas mesmas condicións que os que acoden ás aulas. Ademais diso, que tamén se teña en conta a presenza do alumnado con necesidades de apoio educativo como criterio para o desdoblamento, garantindo así o seu dereito a unha educación inclusiva e de calidade.
- 6.- Que invista en accións de dixitalización que garantan que en caso de prescindir nalgún momento do ensino presencial se poida contar cunha educación de calidade para todos os alumnos.

Sr. Presidente

Hai varias mocións, unha presentada por Marea Atlántica sobre os centros educativos, e outra presentada polo Partido Socialista e o BNG, sobre tamén o desenvolvemento dun curso académico presencial seguro e de calidade, entendo que as dúas mocións, se lles parece ben, imos tratalas conxuntamente, porque tratan sobre o mesmo, e hai tamén unha emenda presentada por Alternativa dos Veciños á moción de Marea Atlántica, e unha emenda presentada polo Partido Popular ás dúas mocións. Empezamos coa exposición de Marea Atlántica.

Sr. Lema Suárez

Moi boa tarde, presidente, moitas grazas. No Pleno anterior trouxeramos tamén unha moción para tratar sobre o protocolo, a circular emitida pola Consellería de Educación aos concellos, nos que estes eran obrigados a encargarse, facerse cargo dos labores de desinfección e limpeza nos centros que son de titularidade pública autonómica, de responsabilidade e competencia autonómica, esta moción foi aprobada e con posterioridade a Deputación da Coruña elaborou, os servizos xurídicos da Deputación da Coruña elaboraron un informe no que ademais establecían, baseándose tanto na cuestión do estatuto de autonomía, como nas leis de sanidade de Galicia, establecían que esta competencia é unha competencia de titularidade económica e que, polo tanto, non é posible delegala en terceiras administracións, neste caso nos concellos, e moito menos facelo sen dotala de recursos.

Por suposto agradecemoslle á Deputación e aos seus servizos xurídicos que lle deran sustento legal á moción política aprobada do Pleno anterior, e tamén dalgún xeito seguimos nesta moción denunciando dalgún xeito o mesmo, que é o desleixo, a falta de planificación e a falta de actividade e de interlocución dos axentes que están comprometidos coas tarefas educativas no noso país. Todos sabemos que tivo que adiarse o comezo do curso en Galicia e todos sabemos que se está dando unha moi ampla casuística de denuncias por faltas de recursos, por improvisación e, en definitiva, falta de garantías sanitarias e de saúde nos centros educativos do noso país.

Estas son denuncias permanentes que están facendo practicamente todos os sectores sociais relacionados coa educación, desde as ANPAS aos sindicatos, insisto, hai unha unanimidade na denuncia de que non houbo dilixencia, non se fixeron, non houbo o labor necesario de dirección e de prevención e de planificación por parte da Xunta de Galicia neste asunto. Basicamente entón, o que solicitamos na nosa moción é que se estableza ese imprescindible diálogo social entre a Xunta de Galicia e os axentes, as ANPAS, sindicatos e outros relacionados coa materia da educación no noso país, que se garantan ou que se mellore a proporción de alumno por aula, que se garantan tamén as cuestións relacionadas coa seguridade e a saúde das persoas que traballan e tamén da rapazada que asiste ás aulas e, en definitiva, que a Xunta de Galicia asuma as competencias que lle son propias nesta materia.

Aceptamos a emenda proposta polo Grupo de Alternativa dos Veciños, non aceptamos a emenda proposta polo Grupo do Partido Popular.

Sr. Presidente

Hai, como digo, outra moción presentada polo Grupo Provincial Socialista e o BNG.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Na mesma liña que comentaba o voceiro da Marea temos tamén presentada unha moción, como ben sabedes todos e todas, que repito, incide que vai nesta mesma liña, tendo en conta que se detectou un número considerable de deficiencias neste inicio do curso, que incluso comezou con atraso, ademais de que nalgúns casos a Xunta négase ademais a rebaixar as proporcións dos alumnos, incluso chegando a incumplir o distanciamento establecido polo propio Ministerio de Sanidade, etc., etc., moitas cuestións que comentaba o voceiro da Marea na súa intervención, que pode ser perfectamente asumidas por quen fala neste momento.

Ademais cremos que a constatación e o recoñecemento de forma implícita por parte da Xunta de que as cousas nesta materia non se fixeron ben, foi o cesamento ou o cambio da propia conselleira, que levaba esa Consellería e de todo o seu equipo, nese caso dos distintos directores xerais que estaban por debaixo dela nese organigrama, polo tanto, si que entendemos que de forma indirecta o propio presidente da Xunta cando reconfigurou o seu Goberno asumía a mala xestión, porque é innegable neste senso por parte da Consellería. Como digo, negábanse a rebaixar as proporcións de alumnos por aula na educación primaria, ESO e bacharelato. Non se contrataban profesores de reforzo senón que se contrataban profesores nalgún dos casos para cubrir algunhas baixas, e noutros como algúns centros que coñecemos, algún deles na miña vila, sen ir moito máis lonxe, no CEIP de Andrade, nin sequera nese caso se cubre a xubilación dun deses profesores, como dicía antes tampouco en moitos dos casos ao non permitir reducir a proporción de alumnos por aula se pode cumprir en moitas delas o distanciamento establecido polo Ministerio de Sanidade.

Ademais diso a Xunta fixo algo que si que vimos demandando e denunciando xa hai moito tempo, que é descolgar novamente, ou imputar novamente aos concellos, competencias que son totalmente da Xunta de Galicia, da autonomía, en materia educativa. Xa falamos en plenos precedentes no que se refire á desinfección das aulas que, repito, non ten nada que ver co mantemento e conservación, que son as competencias que os concellos temos actualmente nos centros educativos, senón é unha cuestión sanitaria que a Xunta deriva directamente nos concellos, e como dixeran xa noutro Pleno, non só deriva o gasto que producen esas desinfeccións, senón tamén deriva o máis importante, que son as responsabilidades, é dicir, seguramente cando pase algo nalgún centro, que pasará, porque todos sabemos que iso vai ser inevitable, a Xunta de Galicia nese caso responsabilizará, por un lado ben á dirección dos centros, a quen tamén lle conferiu certas competencias que tiñan que ser da propia Consellería e non deles, ou ben aos concellos. Polo tanto, xa non é que non asuman a súa competencia desde o punto de vista económico, sufragando os gastos derivados desas desinfeccións, senón que a responsabilidade que poida haber sanitaria nos centros tamén lla deriva a outras administracións, como neste caso aos concellos, ou as direccións dos centros que non temos ningunha competencia nesa

materia. Polo tanto, elude unha vez máis as súas responsabilidades, e ademais nos carga, como digo, aos concellos duns gastos que nalgúns dos casos triplican o que viñamos dedicando a eses labores de mantemento e conservación aos que agora debemos sumar as de desinfección.

É por iso que tendo en conta tamén o malestar de amplos sectores da educación, tanto do profesorado, como das propias ANPAS e tendo en conta que somos tamén parte afectada como representantes do municipalismo galego e de moitos e moitos concellos, elaboramos esta moción cos puntos e cos acordos que vostedes xa teñen á súa disposición. Vounos ler porque considero que é importante que consten neste Pleno e que todos aqueles que nos ven os poidan escoitar.

O primeiro deles é que se estableza un metro e medio de distancia de seguridade para todo o alumnado galego e que a dita distancia de seguridade sexa uniforme en toda a actividade escolar, incluso a de carácter non lectivo que se desenvolva dentro dos centros educativos, independentemente do emprego doutras medidas de protección.

Acordo número dous: Que a Consellería solicite aos concellos a cesión dos espazos públicos dispoñibles que poidan ser necesarios para desdobrar as aulas nos centros en que non sexa posible manter a precitada distancia de seguridade.

Punto tres: Que se contraten todos os docentes que sexan necesarios para o desdoblamento das aulas, alí onde non poida garantirse a distancia de seguridade e suplir as baixas.

Número catro: Que asuma as competencias e proceda á desinfección profesional dos centros educativos, ou ben proceda a dotar aos concellos dos medios materiais, persoais e económicos para levar a cabo a desinfección.

Punto número cinco: Que planifique a atención dos alumnos en situación de risco que non poidan asistir a clase por esta causa, así como a dos alumnos que deban gardar corentena e que se prevexa a súa atención domiciliaria nas mesmas condicións que os que acoden ás aulas. Ademais diso, que tamén se teña en conta a presenza do alumnado con necesidades de apoio educativo como criterio para o desdoblamento, garantindo así o seu dereito a unha educación inclusiva e de calidade

E punto sexto e último: Que invista en accións de dixitalización que garantan que en caso de prescindir nalgún momento do ensino presencial se poida contar cunha educación de calidade para todos os alumnos.

Sabedes ben, e moitos dos alcaldes que están aquí presentes, que durante a pandemia os concellos tivemos que asumir incluso a entrega de equipos informáticos e de conexións a internet de moitos rapaces e rapazas para que puideran así recibir ese ensino obrigatorio, e non así por parte da Xunta que nalgún dos casos transfería cinco ordenadores a algún centro cando a necesidade podería ser de vinte ou trinta. Podemos entender que incluso naquel momento e dado que foron causas sobrevidas e ninguén contaba cunha pandemia, non houbera tempo a ter prevista esta situación, e polo tantos os medios materiais ou que contaba a Consellería non eran suficientes,

pero entendemos que xa transcorridos varios meses nesta nova normalidade na que estamos instalados, tendo en conta que ademais a situación sanitaria, quizais se pode dicir que non estea nos termos nos que estaba no mes de marzo, pero si se pode dicir que non está ben, e polo tanto é previsible que vaíamos ter problemas de escolarización, ou polo menos de poder asistir ás aulas a determinados rapaces e rapazas, que se poidan infectar ou que estean en corentena porque algún compañeiro o poida estar. E, polo tanto, a Consellería si que ten que ter prevista esa posibilidade, esa conxuntura, e dotarse a esas persoas dos medios necesarios para poder garantir, como digo, un dereito básico e que ademais é unha obriga, como é o ensino. Polo tanto, ben, tamén incidir nesa cuestión, e como dicía antes, e a modo de resumo, por un lado que a Xunta asuma as súas competencias nesta materia, ou ben, se quere que colaborem os demais para poder colaborar con eles, valla a redundancia, na súa prestación, que achegue os fondos necesarios para que non teñan que ser sufragados polos concellos, pola outra que cumpra con todas as demandas dos distintos sectores educativos, en canto a garantías das medidas de seguridade, e tamén que dote os centros e, polo tanto, os rapaces e rapazas, dese profesorado cando sexa necesario reforzalo naquel centro no que así o demanden, e ademais, como acabo de comentar agora dos medios tecnolóxicos, se se pode dicir así, para garantir esa educación independentemente de que os rapaces nese momento poidan estar a recibila de forma presencial ou telemática. Moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todas. Efectivamente, como xa comentou tanto Alberto como Bernardo, non é a primeira vez que vén a Pleno o debate sobre o inicio do curso e as condicións nas que, tanto centros educativos, comunidade educativa en xeral, e tamén os concellos, temos que afrontar o reto dun curso que considero que alá desde marzo, día 11, cando o alumnado galego tivo que abandonar as aulas por mor da pandemia mundial ata que finaliza o curso, cunha experiencia que se puido valorar para facer unha diagnose de necesidades do que sería necesario para fortalecer o sistema educativo galego e como obriga das administracións que teñen competencia material de educación de garantir o exercicio do dereito a unha educación de calidade para todo o alumnado, sería de obriga, cando menos, ter en conta aquelas conclusións que penso que a esta altura todos temos claro. Por un lado, que o ensino presencial é garante de igualdade de oportunidades, e que deberían darse as medidas e a planificación necesaria para poder garantilo con seguridade; dúas, que para facilitar esa seguridade había que tomar medidas organizativas, pero tamén económicas, porque todos os cambios aos que había que facer fronte non se poderían facer a custo cero, que parece que é o reto que ten por diante esta Consellería e garantir a seguridade do alumnado a custo cero. E por outro lado está o dereito á educación, coidar a parte pedagóxica do ensino que co conxunto de medidas, co escaso investimento e cun ensino con medidas altamente restritivas para a participación entendemos que a esta altura para nada está garantido, entón si parece de urxencia e importante dedicar o tempo a expresar a nosa preocupación e trasladar aquelas cuestións nas que consideramos que debe ser mellorable.

En materia de seguridade, efectivamente, garantir a distancia social entre o alumnado é importante, incidir en medidas esixentes de limpeza e desinfección tamén o é, parece que naqueles centros nos que a limpeza a están levando a cabo os concellos, evidentemente, como administración máis próxima á veciñanza, aos que

nos toca, estamos preocupados por ter que ampliar este servizo e dar resposta axeitada, o que resulta rechamante é que naqueles outros centros nos que se está ocupando a Consellería de facer os labores de limpeza non se invista nin un só euro a maiores para reforzar os servizos de limpeza, senón que o que está facendo é reorganizar o persoal que xa se ocupaba da limpeza dos centros, o cal a min tamén me xera dúbidas de que a limpeza e desinfección que se está levando a cabo a través de contratos que xestiona directamente a Xunta sexa garantía de seguridade. Eu podo poñer o exemplo do que está sucedendo no centro do meu concello, a limpeza do CPI de San Sadurniño levábana a cabo tres persoas que entendo que foi no que se estimou o persoal mínimo para limpar este centro, a día de hoxe, contemplando o reforzo de limpeza en horario de mañá, seguen a facelo esas tres persoas, deixando a dúas persoas para limpar os dous edificios que antes limpaban tres, e unha encargada de realizar as tarefas de limpeza e desinfección pola mañá nos dous edificios. Se este é o modelo que a Xunta pretende que apliquemos os concellos para limpar os centros educativos onde nos toca, evidentemente é lóxico entender que non estea disposta a poñer un só euro para respaldar o esforzo que van facer os concellos. A cuestión é que as entidades locais non imos actuar desa maneira, iso desde logo.

En materia de calidade educativa hai tamén deficiencias en relación a desdobres, a iniciativa que se debe de esperar por parte da Consellería para dispoñer doutros espazos, que sexan garantistas dunhas condicións nas que se poida levar adiante a actividade docente, con seguridade e tamén atendendo a criterios pedagóxicos.

As *máscaras*, estar nunha aula con escasa distancia, mantendo unha actitude que é difícil para moitos nenos, vaino ser aínda máis para aqueles nenos que teñan calquera necesidade de apoio ou dificultade, o cal tamén condiciona o exercicio do dereito ao ensino dos nenos e nenas.

En relación a investimentos tamén non me quixera esquecer que tanto xeles, *máscaras*, soportes, papel, estanse mercando con cargo aos orzamentos dos que dispoñían os departamentos dos centros, sen recibir un só euro a maiores para acondicionar os centros e facer fronte ás medidas de seguridade. Entendo que isto vai ir en detrimento doutras actividades complementarias que desde logo poden facer o que é o ensino máis accesible e máis próximo para nenos e nenas, rapaces e rapazas, que se incorporan a un curso logo dunha situación altamente complexa e que merecen todo o coidado e atención. Eu entendo que no seu conxunto o que foi a xestión e planificación deste inicio de curso non se fixo coa preocupación e co coidado que merece, e o que se pide é que se reconsidera e se amplíen os esforzos e se poña o foco na seguridade si, pero tamén na calidade do ensino.

Sr. García Seoane

De entrada, agradecer á Marea a aceptación da emenda que presentamos, nós imos votar as dúas mocións, pero quería facer un comentario.

Sempre nos acordamos de Santa Bárbara cando trona. Esta situación que se está vivindo pola peste esta que nos meteron está descubrindo moitas carencias, que non só son da Xunta, a Xunta é responsable da educación en Galicia, e por tanto é a

responsable destas cousas que estamos a falar nas mocións, pero por exemplo nós en Oleiros temos máis de trescentos nenos da comarca da Coruña, de Cambre, Sada e A Coruña e Culleredo, en colexios de Oleiros, porque neses municipios ao longo desta democracia que xa leva corenta e un anos, non se fan edificios escolares, e non é só culpable quen goberna de arriba, senón que aquí se fixeron oito edificios de EXB e tres institutos e cinco escolas infantís, porque nós puxemos a infraestrutura, puxemos os terreos. Entón agora claro, hai que separar, e non hai sitio para separar nenos. Na comarca da Coruña a inspección da Xunta quere meternos trinta nenos da comarca nos colexios nosos e vai infrinxir a normativa de vinte e cinco por aula, porque claro, son nenos que teñen dereito ao tema escolar, pero son doutros lugares, e temos trescentos máis. Polo tanto, recordarlles a obriga que teñen de demandar colexios pero poñendo o solo para que se fagan, porque non é válido que non se fagan en anos colexios aquí na comarca, non só porque o Goberno, tanto o bipartito no seu día, non se abordara, senón porque os concellos non puxeron a disposición os terreos suficientes, iso é unha realidade, hai alguén que lle está dando á cara, pero impórtame ben pouco, esta é unha puñeteira realidade que cando veñen os problemas é cando se notan, pasa na sanidade agora. Vemos carencias tremendas que hai, por que?, porque non se abordaron no seu momento polos responsables en cada caso de eliminar esas carencias.

Polo tanto, é simplemente un recordatorio, somos moitos os culpables, eu non son culpable de nada neste caso, pero recordar que os problemas cando veñen, cando vén unha peste destas é cando vemos todos o que está acontecendo. Por tanto, zapateiro aos teus zapatos, e a cada un o que lle corresponde, aos concellos tamén nos corresponde unha parte, e vou votar as dúas mocións sen dúbida ningunha.

Sra. Gallego Neira

Imos ver, non podemos estar de acordo con ningunha das dúas mocións porque o que é unha realidade é que a Xunta está a facer o seu traballo para iniciar o curso coas máximas garantías, e quen deixou de facer o seu traballo é o Goberno do Estado que se desentendeu ata o 27 de agosto, non só de Galicia senón do resto de comunidades autónomas.

Entón o que presentamos é unha emenda de substitución ás dúas mocións, que paso a ler:

Punto un, instar ao Goberno central a dotar de xeito definido e real de fondos específicos para a aplicación das medidas contempladas no documento aprobado na conferencia sectorial de educación do xoves 27 de agosto, tanto a nivel da Xunta de Galicia, como a nivel dos concellos. E punto dous, instar á Xunta de Galicia a seguir poñendo en marcha todas as medidas acordadas cos Ministerios de Educación e Sanidade para garantir a maior normalidade nas aulas e para establecer a mellor situación posible para a consecución dos obxectivos académicos marcados para o curso 20-21, con especial énfase no coidado do benestar emocional de todo o alumnado na volta ás aulas.

Imos ver, vou empezar polo tema da limpeza dos centros. A Deputación, os concellos asumen competencias, como o emprego, que non é unha competencia

propia, e obviamente teñen que implicarse en que os seus veciños teñan traballo e axudarlles, e nun momento como o de agora moitísimo máis, pero a limpeza dos centros, por moito informe que se faga desde a Deputación é un informe máis, hai outros doutros organismos, pero o que si que é certo é que nos últimos anos hai un acordo coa FEGAMP, os concellos son responsables do mantemento, da conservación e limpeza dos centros de infantil e primaria, e a Xunta é competente nos centros de secundaria e formación profesional. A Xunta está a facer o seu traballo, a Xunta está, pois, material de hixiene e protección está a facilitalo nos centros educativos, todo o que é a materia de sinalización, de protección, e tal. Que pasa?, que claro, con cargo aos presupostos de cada centro pois si, compraranse xeles, compraranse *máscaras*, material de limpeza, que non van ir en detrimento, nin moito menos, doutros servizos que non teñen nada que ver, seguirá incrementándose o orzamento como se está facendo, porque agora vou pasar a ler unha serie de cuestións que aprobou a Xunta de Galicia nestes últimos tempos. Eu creo que estamos nun momento no que a colaboración de todos é fundamental e un esforzo de todas as administracións. Eu non quero ser pesada, pero quero recordar o remanente que ten a Deputación e o superávit, pois só falta que non se faga cargo da limpeza dos seus centros, porque eu xa repito, que xa o dixeran moitas veces, non sei para que serven as deputacións como dicía o BNG.

Estamos ante un inicio de curso complicado, que é distinto, pero non en Galicia, nin nesta provincia, senón en toda España, é así, e que van xurdir problemas, e que van xurdir inconvenientes, e que vai haber contaxios, pois vai ser aquí e vai a ser en toda España, e hai que solucionalo do mellor xeito posible entre todos, pero dicir que o Goberno non fixo nada para preparar o novo curso é mentira, e ademais é inxusto. En xullo Galicia xa tiña o seu protocolo, primeiro de toda España, para iniciar o curso 2020-2021, foi a primeira Comunidade Autónoma en adaptalo ao establecido conxuntamente para toda España tras a reunión dos ministros de Sanidade e de Educación o 27 de agosto, aí si que era para cesar os ministros, polo menos á de Educación neste caso, non é por nada, 27 de agosto logo das longas vacacións que tiveron. Modificou Galicia o seu protocolo o 16 de setembro, con achegas novas do comité clínico, e con reunións con sindicatos, coas ANPAS, cos directores e con todo o sector. Está a contratar a máis de 2.000 profesionais de reforzo, así un 6%, 6,2% máis do que xa había. Este vai ser o curso escolar con máis profesores da historia, Galicia xa era a Comunidade con máis profesores por alumno, e agora sube un punto máis.

Levou a cabo un cribado de detección de Covid para 40.000 docentes e con test serolóxicos, iso pioneiro tamén en Galicia, logo empezouse a facer no resto, e onte o goberno Feijóo aprobou o Plan de continxencia para a educación non presencial e semipresencial con máis ordenadores, 55.000 dispositivos dixitais, máis formación e máis medios, que permitirá aos alumnos no caso de que, que oxalá non sexa así, porque entendemos que a educación presencial neste momento é necesaria para os nenos e nenas, pero hai que estar preparados para calquera situación que obrigue a suspender as clases, e 55.000 dispositivos que vai facilitar a Xunta de Galicia.

O fácil é o que se fixo en marzo, que había que facelo, que é suspender as clases, o difícil é o que se está facendo agora, que é iniciar o curso escolar. Aquí temos plenos e comisións telemáticas por non poñer unhas mamparas no salón de

Plenos, eu non me quero imaxinar se tivesen que xestionar o que son as clases dos colexios de toda Galicia.

Por iso parécenos case unha broma que o Partido Socialista fale do curso escolar, e o BNG, cando o Goberno central desatendeu os problemas que teñen as comunidades autónomas durante a pandemia, e a volta ás aulas. Un goberno, quero recordar, que quitou a Galicia trinta e seis millóns de euros no reparto de fondos Covid para a educación, dos que corresponden para material escolar e para comedores, de facerlle caso ao Partido Socialista, iso díxoo o outro día o presidente da Xunta no Pleno do Parlamento e ten toda a razón, de facerlle caso ao Partido Socialista e ao BNG, agora estaríamos ou ben preparando unhas eleccións sen Goberno, ou cun goberno en funcións, ou con folgas alentadas antes de coñecer os protocolos. Eu insisto en que é un inicio de curso moi complicado, que é diferente, que hai que remar todos no mesmo sentido e que todas as administracións teñen que poñer o seu gran de area, e nós, como responsables políticos tamén. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, quería comentar un par de cousas unicamente. En canto ao labor da Xunta de Galicia en materia de educación no contexto desta crise, eu creo que o cesamento encuberto, ou a non renovación nas súas funcións da anterior conselleira de educación, de Carmen Pomar, fala por si mesmo, creo que se a mensaxe que queremos enviar é a dunha consellería eficiente que fai un moi bo traballo, entón non se entende a súa non renovación, ou a súa desaparición da nómina de conselleiros do novo goberno da Xunta de Galicia, creo que é o propio presidente quen asume, polas vía dos feitos, que non está conforme coa xestión da conselleira de Educación.

Falabamos o mes pasado aquí desa circular remitida aos concellos para que se fagan cargo da desinfección dos centros, foi aprobada por unanimidade e, efectivamente, esta Deputación elaborou un informe, a súa asesoría xurídica, sustentando de xeito legal con argumentos técnicos esa posición política. Evidentemente, pódese facer multitude de informes, pero eu penso que é un informe elaborado desde a obxectividade e desde o rigor que caracteriza a esta institución, e teño que recordar que desinfectar non é sinónimo de limpar, é distinto, entón esa circular da Consellería de Educación, da exconselleira de educación, Carmen Pomar, dáballe aos concellos unhas responsabilidades en materia sanitaria, porque limpar non é unha cuestión sanitaria, desinfectar si, que non lle corresponde, e iso era algo que definía tamén negro sobre branco no seu informe os servizos xurídicos desta Deputación.

Por último, en cuestións que teñen que ver cos fondos, eu creo que no mes de xuño, xullo deste ano, cando o Goberno aprobou o seu fondo de reconstrución de 16.000 millóns de euros para as comunidades autónomas, para actuar en tomar medidas relacionadas coa crise, unha das primeiras voces críticas que xurdiron nese momento, ademais por suposto da de Díaz Ayuso, á que hoxe atopamos clamando axuda para que por fin o Goberno interveña ante o desastre absoluto da súa xestión, pero unha das primeiras voces críticas que houbo naquel momento foi a do Sr. Núñez Feijóo criticando que eran subvencións finalistas, que eran fondos finalistas, e que tiñan que destinarse, entre outras cousas, a investimentos en educación.

Atopámonos, iso foi no mes de xuño-xullo, tres meses despois que a Xunta de Galicia non mobilizou eses recursos, entre outras cousas porque a Xunta de Galicia, e permítame que amplíe aquí a posición ao Partido Popular, en xeral, non ten entre as súas prioridades o investimento en servizos públicos universais, como son a educación e como son a sanidade. Falaba antes o compañeiro Gelo que esta crise supón un test de moitos servizos públicos do Estado, sen dúbida eu creo que unha das cuestións que se están poñendo en evidencia é que tal vez necesitemos investir máis que ata agora no mantemento tanto da sanidade como da educación pública, e que cando o Sr. Núñez Feijóo tivo a oportunidade de recibir fondos do Estado para esta finalidade, foi o primeiro precisamente en criticar que fora un fondo finalista que se destinase á educación. Eu creo que aquí se expón claramente os perfís ideolóxicos de cada parte, eu non digo que sexan ilexítimos, digo simplemente que non os comparto. E tamén dicir, senón lembro mal, no mesmo acto o que propuña o Sr. Feijóo era unha rebaixa fiscal, de maneira bastante semellante á que como a Sra. Díaz Ayuso intentaba tamén desviar a atención da súa xestión, pois tamén digamos cunha cortina de fume ideolóxico que é, coma sempre, a mesma da rebaixa fiscal.

Eu creo que chegamos á hora da verdade, que houbo moi pouco traballo feito, pouco traballo, xa non digo de investimento, digo de coordinación, digo tamén de interlocución, de diálogo cos axentes sociais, e que para demostrar esta declaración, esta afirmación miña, fago referencia aos propios actos do presidente da Xunta de Galicia cando releva ou non renova, escollemos o verbo que máis nos gusta, á conselleira Carmen Pomar do novo organigrama da Xunta de Galicia.

Polo tanto, sinceramente, as cousas non se fixeron ben nesta materia, creo que é clamoroso, creo que é público, e creo que a Xunta de Galicia debe canto antes asumir as competencias que lle son propias e mobilizar recursos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Sra. Gallego, a verdade, non me sorprende que a culpa sexa do Goberno do Estado, e non me sorprende que volva vostede a sacar outra vez os remanentes, si me sorprende que non falara do bipartito, que é outro dos tres mantras que utiliza de forma constante neste Pleno. Está claro que neste caso non lle interesa falar do bipartito porque o bipartito tiña algo que se chamaba pacto local para que a Xunta asumira precisamente os gastos derivados e neste caso o mantemento e conservación dos centros educativos, e que o seu Partido cando chegou ao Goberno deixou no conxelador, polo tanto, hoxe si que non falamos do bipartito, pero ben, si que o traio eu a colación.

Sobre que a culpa é do Goberno do Estado, xa sabemos que a Xunta en todo o que fai ben é grazas á súa marabillosa xestión, e todo o que fai mal é culpa dos demais. Non sei se coñece vostede o Estatuto de autonomía que establece que as competencias en materia educativa son da Xunta de Galicia, non son do Estado. Non sei se sabe vostede que a Xunta de Galicia recibiu 93 millóns de euros do fondo estatal para a educación, desde logo aos concellos non lle transferiu ningún céntimo, e aos centros non lle incrementou o orzamento, quixera saber en que os vai investir.

Di vostede que a Xunta contratou dous mil profesores, claro, o que pasa é que,

primeiro, non sei se esa cifra é certa, pero o que si que é certo é que a Xunta o único que fixo é cubrir baixas e xubilacións con esas contratacións. A Xunta só vai sacar duascenas novas prazas do Plan Arco, Plan Arco das cales despois os centros teñen que decidir se as van facer a través de pedagogía terapéutica, ou de profesorado de primaria, das listaxes que ten a Xunta, é dicir, no mellor dos casos só haberá douscentos profesores novos que van ser para o Programa Arco, que o Programa Arco é un programa que está pensado para que nas aulas poida haber unha persoa de reforzo para o profesor que xa está alí, que non ten nada que ver co que estamos a falar. Polo tanto, nin sequera esas duascenas, pero ben, xa lle concedo que vai contratar duascenas persoas máis, pero para algo que non ten nada que ver co que estamos a falar aquí, senón que é para reforzar dentro da aula, incluso non só para primaria, senón tamén para secundaria, esas duascenas prazas, nas que ademais os centros decidirán un pouco o que lle acabo de comentar, sobre todo tendo en conta se hai algún alumnado dentro desa aula que necesite unha educación especial por calquera problema que poida ter ese rapaz ou esa rapaza.

Eliminar o Plan Pro que tiña outras catrocentas prazas, ou que contemplaba a contratación doutras catrocentas prazas. Polo tanto, repito, no mellor dos casos, duascenas. As outras que se contrataron foron para cubrir xubilacións, que é obrigatorio, ou baixas do persoal, pero con motivo da pandemia non se está a contratar máis persoal por parte da Xunta de Galicia, como si por certo fixo a Comunidade Valenciana, con máis de 4.000 profesores novos. Entón, non intente enganarnos, non xogue coas cifras cando vostede sabe que non é polo que estamos a falar, e non está vostede sendo sincera nesa cuestión.

E despois hai unha cousa que por moito que lle deamos voltas, unha desinfección non é unha limpeza, porque eu se teño unha infección nunha ferida non vou a unha compañía de limpeza da miña vila que se dedica a limpar portais, vou ao centro de saúde. Polo tanto, se é unha desinfección é unha cuestión sanitaria, e non ten que ver nin con mantemento, nin conservación, nin limpeza dos centros. Porque antes da pandemia se había un brote de leixionella, por exemplo, nun centro educativo, non ía o concello a limpar, ou un brote de calquera outra enfermidade vírica ou bacteriana que nos poidamos imaxinar, facíao a consellería. Polo tanto, imos ser un pouco serios.

E defender isto, Sra. Gallego, que quere que lle diga? é como predicar no deserto, é que non vai a ningunha parte, e eu o que lle pregunto, xa que vostede non comparte ningún dos acordos desta moción, gustaríame saber se vostede, defensora a ultranza nos últimos tempos da economía municipal e da dotación de máis fondos públicos aos concellos para poder prestarlle mellores servizos aos seus cidadáns, comparte que os concellos teñamos que asumir gastos impropios que non son da nosa competencia, triplicando, como xa dixeran antes, nalgúns dos casos, os orzamentos que temos dedicados a uns centros educativos, que xa non son nosos, e que non deberíamos de ter ningún tipo de responsabilidade, nin no mantemento, nin na conservación, pero ese é un tema que tratamos noutras ocasións, e que vai aparte do que estamos a tratar hoxe aquí.

Entendo que vostede, defensora a morte desde hai un tempo, nada máis da economía municipal, só a defende cando se fala de remanentes e de superávit pero non a defende cando os concellos asumimos competencias impropias e os gastos

derivados destas, por iso chámame a atención que comezara hoxe vostede a súa interpretación dicindo "A Xunta está facendo o seu traballo", non, iso non é verdade. A Xunta está facendo unha parte do seu traballo e outra parte nola está cargando aos demais, por tanto, tirando do símil que utilizaba, ou da metáfora que utilizaba vostede, temos que remar todos na mesma dirección, na barca ou no caiuco no que imos remando a Xunta non tocou un remo, o remo estámolo movendo os demais, e case sempre somos os concellos, neste caso hai outro paria neste drama que son as direccións dos centros, ou a comunidade educativa dos centros, neste caso, profesorado, que asumen outra parte, pero a Xunta non rema absolutamente nada. E como ben dicíamos antes, e agora referendaba o voceiro da Marea, a constatación de que as cousas non se fixeron ben, ninguén dixo que non se fixera nada, senón que non se fixo ben e se tiña que ter feito moito máis, foi o cesamento da anterior conselleira, e iso sabémolo todos, Sra. Gallego, e vostede que é da casa, sábeo mellor ca min, a conselleira e todos os directores xerais. E ese protocolo que fala que fomos dos primeiros, tamén é certo que se modificou tres veces, Sra. Gallego, e que o curso comezou con atraso, polo tanto, ben de todo non se debeu facer.

E sobre o informe da Deputación, que di "a Deputación fixo ese informe como pode haber outros informes máis", claro, cando os informes da Deputación, xa sexan da área de Intervención, Secretaría ou de Asesoría Xurídica apoian os seus postulados son lei, os dez mandamentos, cando non lle gustan, informes pode haber máis, claro que pode haber máis informes, pero esta casa réxese polos que redactan os técnicos desta casa, neste caso a Asesoría Xurídica, que non é sospeitosa de ser un instrumento político da Deputación Provincial da Coruña ao servizo dos distintos gobernos, senón que ten criterio propio, e neste caso ten en materia xurídica, di o que todos sabíamos, se tampouco vén dicir nada que fora unha sorpresa, e que iso non é unha competencia municipal, neste caso tampouco da Deputación, senón que é autonómica.

Polo tanto, faga vostede gala desa defensa do municipalismo dos últimos tempos e inclúa tamén esta parte porque os gastos que asumimos de competencias impropias tamén reducen as posibilidades investidoras e de gasto dos concellos naquilo que é da nosa competencia, e dicir o contrario é facer o ridículo, porque non se pode manter a coherencia dicindo unha cousa un día e outra cousa ao día seguinte, unha cousa nun Pleno e outra cousa noutro Pleno, e incluso unha cousa nun Pleno e no mesmo Pleno outra cousa distinta. E as emendas que presentan vostedes é de mofa, "...que o Estado cumpra con non sei que e que a Xunta siga facendo...", por favor, se nin sequera son capaces vostedes de asumir que non se estivo a xestionar ben, incluso eu podería entender que o intentara xustificar, dicindo, pois mire, realmente o escenario é moi voluble, isto cambia dun día para outro, a situación sanitaria evoluciona e despois involuciona, e polo tanto a toma de decisións é complexa, iso compraríallo, e daríalle a vostede credibilidade, porque eu que son alcalde e moitos dos que estamos aquí sentados tamén nos vemos nesas circunstancias en moitas ocasións nos nosos concellos porque a toma de decisións é complexa tendo en conta o cambiante do escenario que estamos a vivir. Pero non, non sei dicir iso, a Xunta esta facendo todo ben, iso é unha marabilla, que os concellos sigan pagando, aínda que non sexa da súa competencia, porque a iso vostede chámalle remar na mesma dirección, e despois a culpa é, de quen?, do Estado e sobre todo de Pedro Sánchez, a culpa é de Pedro Sánchez. E cando haxa infectados nos centros educativos tamén será de Pedro Sánchez, ou do alcalde de

quenda, sempre que non sexa do Partido Popular, ou da dirección dos docentes dese centro, nunca, xamais, o vai ser da Xunta de Galicia, que todo o fai ben, e de forma marabillosa.

Polo tanto, imos ser realistas, se aquí debatemos en moitas ocasións nestes Plenos cuestións que afectan aos distintos Gobernos que están o meu Partido e o seu, e desde o meu Partido cando houbo que recoñecer erros e cando houbo que reclamar fíxose, fixémoslo recentemente cos remanentes, eses que tanto lle preocupan a vostede en base á autonomía local e esa economía dos municipios que, repito, só lle aplica cando fala dos remanentes, no resto, que pague o que teña que pagar, aí si remamos todos na mesma dirección. É unha mágoa que non apliquemos o mesmo criterio noutras mesmas cuestións que traemos a estes Plenos, as derivadas de competencias impropias ou aquelas que teñen que ver co reparto de fondos públicos, nos que o remo sempre cae do mesmo lado, ou babor ou estribor, pero nunca dos dous. Moitas grazas.

Sra. Muiño Filgueira

Realmente ter que escoitar que a Xunta fixo o seu traballo e que realmente cara a onde teríamos que mirar, e a quen lle temos que reclamar que chega tarde é ao Ministerio, a min paréceme que non é o que realmente, a comunidade educativa, o alumnado e os docentes, non é o tipo de resposta que espera. Realmente creo que forma parte dese partido de tenis ou de ping pong de escudarse en culpas para tratar de camuflar as malas decisións. Alégrome de que isto fose unha carreira de a ver quen quitaba primeiro o seu protocolo, e que telo quitado de primeiros sexa digno como para colocarse un premio, pero realmente cando se presenta o protocolo, que se presentou no mes de xullo, que está redactado desde unha visión completamente lonxana ao que é a práctica docente ou a vida nun centro, que espertou o rexeitamento da amplitude da comunidade educativa e que, desde logo, se o fixo foi con razón, un protocolo que colocaba toda a responsabilidade nos equipos docentes, que sobrecargaba de tarefas e que, seguindo criterios bastante economicistas, ía ao mínimo de investimento, non considero eu que sexa facelo ben. Ese primeiro protocolo foi redactado segundo criterios da Xunta de Galicia, da Consellería de Educación, a que tiña xa as competencias para decidir como se ía iniciar o curso.

Neste sentido, eu creo que a quen lle toca, quen ten as competencias, merece ter o coidado e a sensibilidade de planificar ben. Logo, había datos para facer un bo diagnóstico de necesidades, e se había que esixir máis financiamento ou maior respaldo por parte do Estado, ben feito estaría, pero un ten que chegar cunha proposta que realmente estea aliñada coa defensa dunha calidade e dunha educación de calidade.

En canto ás cifras eu, agardo, paréceme ben os 55.000 dispositivos e outro alarde de cifras. Eu realmente agardo que eses 55.000 dispositivos que se mercan, ao reparto por centros toquen a algo máis daqueles tres equipos por centro que se repartiron mentres os rapaces e rapazas e os docentes estaban na casa durante o tempo de pandemia, que a pouco tocaba por centro coas necesidades que había de apoio para a conectividade.

En relación a estes 55.000 dispositivos, entendo que falando de que a esta

altura sabemos que a presencialidade e o rol docente é importantísimo á hora de dar unha boa atención educativa, entendo que tamén terá que entrar nese paquete de medidas unha plataforma que garanta realmente ter un contacto cun docente que che permita ter aulas que impida que os docentes teñan que dar clases particulares, que foi o que sucedeu na etapa anterior, en vez de poder dar a súa aula, e atender dúbidas do seu alumnado. Polo que sei, a día de hoxe non está dispoñible esa plataforma porque se considera moi cara. Eu, nese sentido, entendo e coincido con que se hai un escenario de dificultades o honesto é trasladalo así, pero hai que partir dunha planificación que realmente tome en serio a importancia da educación. A educación é un dos piares fundamentais no futuro dun país, é o futuro dos nenos e nenas, dos mozos e mozas, e eu creo que é normal esixir un chisco máis, un pouco máis de altura de miras. Nada máis.

Sra. Gallego Neira

Ben, eu sigo mantendo que a Xunta está a facer o seu traballo, obviamente, e o que segue mantendo tamén o seu ton é o Sr. Fernández, que eu non lle digo que o que vostede di ou o que vostedes suscitan é ridículo, non hai por que utilizar eses termos, eu defendo unha postura, e vostedes defenden a súa, e ben, pois eu creo que podemos estar de acordo ou non, e fala e sentenza, ademais, porque di, "2.000 profesores é mentira, eses datos son falsos", dío o Sr. Fernández, pero eu voulle dicir, pois mire, un 6% son exactamente 1.890 profesores para este curso, un 6% máis sobre o persoal total do profesorado existente en Galicia. 1.107 son novos profesores para as etapas de ESO, bacharelato e formación profesional, dos cales, 847 son para dar máis seguridade ás aulas, 260 son novos para atender o incremento da oferta, 240 son novos docentes de infantil e primaria, que xa se están incorporando desde a semana pasada, e 543 novos docentes de apoio, que é ao que vostede se refería dun xeito bastante parcial, 221 para primaria e 322 para a ESO, a través do Programa Arco, iso é distinto, están dentro dos 2.000, pero iso é distinto, entón os datos que vostede dá, eu doulle os datos oficiais que ten a Xunta de Galicia, será fácil que vostedes no Parlamento comprobén, porque aínda teñen algunha representación, e comprobén alí se eses datos son verdadeiros ou son falsos.

Di que son desde hai pouco tempo defensora da economía local e do municipalismo, ben, vostede tamén fai a súa valoración desde canto tempo hai que son defensora de nada. O que si lle vou dicir é que aquí, falando de gastos propios e impropios, hai informes do secretario e do interventor, de convenios nominativos que propón o Goberno provincial con reparos, porque di que son competencias..... e aquí votáronse a favor. Ou sexa, non ten nada que ver, non mesture, ou sexa que hai informes que con informe en contra, con informe desfavorable, votáronse convenios a favor, porque hai que ver un contexto, e aquí hai un acordo coa FEGAMP, para que o mantemento dos centros de infantil e primaria o fagan os concellos, e a Deputación pode achegar algo porque ten bastante diñeiro.

E logo, para rematar, xa non vou entrar en máis discusións, eu creo que é bastante absurdo, a culpa non é do Estado, estamos ante unha pandemia mundial, obviamente, outra cosa é a xestión que faga o Goberno do Estado, que desde logo foi, mala non, o seguinte. Eu non dixen que a culpa sexa do Estado, o que digo é que algo terá que ver unha ministra de Educación no inicio dun curso escolar en toda España, non estamos a falar de Galicia, estamos a falar de toda España, porque

entón non sei para que nin o ministro de Sanidade nin a ministra de Educación convocaron a conferencia sectorial o 27 de agosto, logo de todo o verán de estar por aí, ben, ou estarían na súa casa, eu non sei onde estaban, pero de non dar sinais de vida. Algo terá que ver un ministro, unha ministra neste caso, de Educación nunha pandemia que, por certo, ten competencia en materia de saúde pública a este nivel o Estado, algo terá que ver e algo terá que dicir, de feito os protocolos hanse ir adaptando, obviamente o protocolo irase adaptando a medida que a situación sexa unha ou sexa outra, oxalá se vaia, desapareza a Covid, pero por desgraza témola aí, e oxalá haxa unha vacina e oxalá nos esquezamos dela o máis pronto posible, pero témola aí, co cal a situación e os protocolos irán variando a medida que a pandemia avance.

Que España ten os peores datos de Europa está claro, e do mundo, pois case. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

É curioso, cando estabamos nun estado de alarma e o Estado xestionaba a sanidade de todo o país, as autonomías pedían poder xestionalo eles dentro das súas competencias, a través das súas consellerías, porque o Estado non o estaba a facer ben, e había moitos contaxios. Resulta que unha vez levantado ou rematado ese estado de alarma as competencias volven de novo ás autonomías que, por certo, as tiveron ata o mes de marzo, a compra de respiradores, prepararse para o que estaba por vir correspondíalle ata o mes de marzo as consellerías das distintas autonomías, Sra. Gallego, en base aos estatutos de autonomía distintos e variados que hai neste país. Polo tanto, prepararse para o que estaba por vir non era só competencia do Estado senón de quen tiña, valla a redundancia, a competencia sanitaria que eran as autonomías. Vén o estado de alarma, digamos que o Estado centraliza a xestión sanitaria do país, e resulta que o fixo moi mal porque había moitos contaxios.

No mes de agosto, cando a competencia sanitaria volvía estar en mans da Xunta de Galicia e da Consellería de Sanidade resulta que volvemos estar en cifras anteriores ás da declaración do estado de alarma, é dicir, volvemos a estar no pico de contaxios, e a competencia é autonómica, por tanto, entendo que partindo do seu criterio se fixo fatal cando esa xestión se centralizou e a levou a cabo o Ministerio de Sanidade, e entendo que se estará a facer fatal agora mesmo cos mesmos datos de contaxio superando os cincocentos, o medio millar, agora que o xestiona a Xunta de Galicia, porque senón novamente sinto que sexa vostede tan susceptible, pero novamente diría que sería facer o ridículo dicir unha cousa aplicándolle a uns e a contraria aplicándolle a outros, eu non falto ao respecto, eu cualifico o que me parece que é un argumento ridículo, pero non é irrespectuoso en ningún momento, sabe vostede que lle profeso moito respecto a vostede como ao resto dos que estamos ou formamos parte desta Corporación provincial. O ton é o que teño, desgrazadamente será un defecto ou unha virtude, dependendo a quen lle preguntemos, pero loxicamente non o podo cambiar, como vostede comprenderá, nin vostede o seu.

Segue dicindo vostede que a Xunta o está facendo ben e está facendo o que ten que facer, ben, non sei se sabe vostede que as entidades de colectivos de nenos con distintos discapacidades están desde onte en pé de guerra porque a Xunta autoriza a poder reagrupar a todos eses nenos, o cal é un auténtico caixón de xastre,

se o podemos dicir así, con todos os nosos respectos, porque non ten nada que ver uns casos cos outros, e ata o de agora non se facía así. Polo tanto, esa optimización dos recursos que aplica a Xunta implica que persoas, rapaces e rapazas que teñen determinados problemas con distintas capacidades, poidan estar todos no mesmo lugar, cousa que ata o de agora non se facía.

E despois, eu non sei se é que vostede non me escoita cando falo, ou xa vén cunhas ideas prefixadas antes de empezar a falar eu. Di vostede que eu dixen que os datos dos dous mil profesores é mentira, e eses datos son falsos, non dixen iso en ningún momento, e pregaríalle, ou convídoa a que cando remate este Pleno poña vostede a mediateca, ou busque e escoite o que eu dixen, que foi, eu non sei se o dos dous mil profesores é verdade ou non ese dato, o que dixen é que o que se estaba contratando non eran novos profesores, vostede dicía que a Xunta de Galicia contrataba dous mil profesores, sen matizar, para que, para que dera a impresión de que a Xunta, ademais de todos os profesores que xa tiña, metía dous mil profesores novos, cousa que non é verdade e que vostede mesma, á vista de ser descuberta, foino matizando agora, dicindo que, efectivamente, dentro dos dous mil están os do Plan Arco, que os do Plan Arco son douscentos, polo menos iso é o que hai oficialmente, e outra cousa é a intención que poida ter a Xunta, pero non estamos a falar de futuribles, Sra. Gallego, esta moción fala dunha realidade actual, e a realidade actual é que non hai, non sae máis profesorado do que había, as prazas que se convocaron son para xubilacións e para cubrir baixas, e as únicas que había en tal caso son as do Plan Arco, duascentas, a repartir entre primaria e secundaria.

Por tanto, non digo que falsea os datos, pero si o que fai é utilizalos de forma que intenta respaldar unha idea que non ten nada que ver coa realidade, porque non hai dous mil profesores máis dos que había cando rematou o curso, e polo tanto non se están a cubrir as necesidades que teñen os centros e o conxunto da comunidade educativa, porque non se contratan máis profesores, e ínsto a vostede a que me diga onde e para que centro, para poder desdobrar as aulas e poder cumprir coas *ratios* e coas medidas de distanciamento social e sanitario que hai establecidas polo Ministerio, non se contratou, non se desdoubrou ningunha aula, é máis, algúns casos, xa digo, un centro educativo da miña vila, coñézoo ben, non teño por que inventar, póñolle un caso concreto, no CEIP de Andrade, hai unha xubilación que nin sequera se cubre porque din que como cumpre coa *ratio*, xa está, pero non se paran a pensar que esas *ratios* deberan ser reducidas para poder garantir dunha mellor maneira a saúde e a sanidade e a seguridade dos rapaces e rapazas e do profesorado que presta ese servizo.

Polo tanto, unha vez máis, manipula vostede un pouco os datos intentando levar a ascua cara ao seu lado, que me parece ben, é lícito, loxicamente nun debate un ten que facer esas cousas, o que pasa é que ao final os que estamos en fronte intentamos poder amosar como vostede queda en evidencia con esa manipulación que fai dos datos.

E cando eu digo que vostede se descubriu agora como a gran defensora da economía municipal, dígoo pola súa traxectoria neste Pleno da Deputación, eu non sei vostede no pleno da Coruña ou no Concello da Coruña non teño coñecemento de cal é o seu labor, ou como o desenvolve, pero si nesta Deputación, e nesta Deputación sei o que votaba vostede e o que dicía vostede cando aprobabamos un Plan único

que repartía os fondos con criterios obxectivos, que dicían que se roubaba, que era inxusto, sei o que facía vostede cando demandabamos da Xunta que repartir eses fondos con criterios obxectivos, votando vostede en contra, por tanto en contra do municipalismo, e sei o que dicía vostede da Lei Montoro antes do xuño de 2018 cando gobernaba Mariano Rajoy e despois de xullo de 2018 cando comezou a gobernar o Sr. Pedro Sánchez. Polo tanto, digo que é dun tempo a esta parte, porque antes de 2018 nunca xamais lle escoitei a vostede nin ao seu Grupo neste Pleno propoñer a utilización dos remanentes, e xa lle estou dicindo que no ano 2015 a situación económica era moito mellor que no ano 2012 cando se aprobou esa lei, e en 2016 e en 2017, e ata xuño de 2018, e non dicía vostede nada a ese respecto, díxo agora, pero só no caso dos remanentes, no caso dos remanentes fai vostede unha defensa a ultranza dos municipios, e das súas competencias, e da súa capacidade investidora e do seu dereito a poder gastar naquilo que eles consideren oportuno, pero cando presentamos aquí unha moción para que a Xunta de Galicia, gobernada polo seu Partido, reparta os fondos con criterios obxectivos para que os concellos os poidamos gastar igual que os remanentes, naquilo que consideremos oportuno, vostede vota en contra. Por iso poño de manifesto e reafirmo que vostede hai pouco tempo que se manifestou como unha gran defensora do municipalismo e da economía municipal, e por desgraza esa defensa tardou pouco tempo en abandonala, porque agora que xa deixamos de falar de remanentes e empezamos a falar de competencias impropias e dos seus gastos derivados, vostede volve á situación precedente, que é defender os intereses da Xunta en detrimento dos concellos, e xustificar que os concellos esteamos a gastar fondos dos nosos veciños e veciñas que terían que ir destinados a outras cuestións da nosa competencia naquilo que é da Xunta de Galicia, é simplemente a iso ao que me estaba a referir, Sra. Gallego.

Polo tanto, xa lle dixen antes, podería vostede xustificar o feito de que a Xunta non fixera todo ben, e seguramente moitos dos aquí presentes iamos comprarllo porque somos conscientes das dificultades, pero non, non lle chega con iso, vostede ten que defendelo a ultranza, dá igual o que fagan, sempre o fai ben, e gustárame que me dixera se vostede comparte esa decisión anunciada creo que foi onte ou antonte, de que os colectivos de nenos con distintas capacidades estean todos reagrupados nunha mesma aula, porque ata o de agora non era así, e os profesionais sanitarios que se dedican a tratar ese tipo de patoloxías que pode haber ou de situacións, non o comparte. Gustárame que me respondera se iso lle parece que está ben e, polo tanto, isto redunda nesa idea que di vostede que a Xunta o fixo todo ben.

Sra. Gallego Neira

Simplemente dicirlle que mestura tantas cousas e fala de tantas cousas, de remanentes xa falaremos noutro momento, porque o Ministerio de momento e o seu Goberno Sánchez aínda non sabemos que vai pasar, nin coa regra de gasto, nin con nada.

Voulle poñer eu un exemplo, porque puxo un exemplo do seu concello, e eu voulle a poñer un, o da miña filla, o ano pasado, 4º da ESO, eran tres clases, este ano, mesmos alumnos, son catro. E nada máis, moitas grazas.

Vótase a emenda do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños á moción

presentada por Grupo Provincial de Marea Atlántica sobre centros educativos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

Aprobada a emenda, vótase a moción coa emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre centros educativos.

O día 12 de marzo, no contexto de emerxencia sanitaria da Covid19, a Xunta de Galicia anunciaba a suspensión das clases presenciais en todos os centros de educación, que se facía efectiva catro días despois e mantiña a súa vixencia ata o final do curso escolar.

Durante todos estes meses, persoas e administracións tivemos que aprender e reinventar o noso cotián, o xeito de traballar, preparar protocolos e, en xeral, innovar ante a gravidade da pandemia, a incerteza da súa evolución e a falta de experiencia previa.

No sector do ensino, a emerxencia sanitaria supuxo un reto xa non só para un profesorado obrigado a improvisar a docencia telemática sen contar cos medios técnicos suficientes. Tamén para as familias, que en moitos casos viron como as desigualdade socioeconómicas se acentuaban ante a falta de acceso a materiais informáticos, internet, imposibilidade de conciliar a vida laboral coa familiar, teletraballo, etc.

Xa pasaron varios meses, e aínda que contamos con máis experiencia, os medios e recursos necesarios para iniciar o curso escolar en condicións aceptables de seguridade e de igualdade non están nin moito menos garandios, tal e como denuncia de xeito unánime a comunidade escolar. Profesorado, direccións dos centros, ANPAS e sindicatos levan meses amosando as súas inquiredanzas, pero tamén facendo propostas, pedindo mesas de diálogo institucional para seren escoitadas como parte directamente implicada no ámbito educativo. A resposta dende a Xunta de Galicia,

depositaria principal das competencias en Educación, ten sido escasa ou nula.

Debemos garantir un ensino presencial por moitas razóns, entre elas, polo acceso igualitario a un dereito básico, pola propia calidade da educación, pola atención as crianzas, por paliar a desigualdade económica e social. O que non é realista nin viable é facelo a custe cero, sen investir os medios e recursos necesarios, desviando a responsabilidade da Xunta cara a comunidade educativa ou os concellos ao custe de pór en risco a saúde dos nenos e nenas, do persoal docente e resto de profesionais que traballan nos centros escolares, así como das familias, e en consecuencia, de toda a sociedade.

Así mesmo, tal e como indica no seu informe a Asesoría Xurídica da Deputación da Coruña ao respecto, a Lei de Sanidade Galicia establece, no seu terceiro artigo que lle corresponde á Xunta de Galicia o mantemento e garantía da saúde pública no territorio da Comunidade Autónoma Galega. Mentres que no seu artigo 48 establece que é competente tamén na prevención e control das doenzas transmisibles. Conclúe o devandito informe que “de ningún xeito se lle pode encomendar ás entidades locais novas funcións e responsabilidades na conxestión e mantemento dos centros escolares de titularidade autonómica sen a correspondente consignación orzamentaria e a correspondente delegación de competencia”, dándolle así sustento xurídico á moción presentada polo Grupo Provincial da Marea Atlántica na sesión plenaria celebrada o pasado 31 de xullo.

A deixación das súas propias funcións por parte da Xunta de Galicia tivo xa efectos directos sobre persoas usuarias e o persoal traballador no ensino secundario no noso, país que viu como se suspendía o inicio de curso ao careceren os centros dos medios precisos para garantir a seguridade e a saúde da comunidade educativa.

Polo exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- pór en marcha o proceso de diálogo social coas ANPAS e os equipos educativos co fin de establecer as medidas necesarias para asegurar un comezo do curso seguro.
- dotar os centros do persoal e os investimentos necesarios para reducir as ratios de nenos e nenas por aula.
- crear unha mesa de diálogo coa comunidade educativa para avaliar o proceso e implementar as medidas necesarias segundo a evolución da pandemia ao longo do curso
- ante o posible peche de aulas por rebrotes, ampliar os recursos de conciliación, como canguraxe ou ludotecas.

Vótase a moción dos Grupos PSdG_PSOE e BNG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

Moción dos Grupos provinciais PSdG-PSOE e BNG instando á Xunta de Galicia a exercer as súas competencias para garantir o desenvolvemento dun curso académico presencial, seguro e de calidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de xuño finalizaba un curso escolar atípico, bruscamente interrompido coa suspensión das clases o 13 de marzo de 2020 dando paso a un ensino "non presencial" para o que nin profesores, nin centros, nin familias estaban de ningún modo preparados e que xerou novos e importantes focos de desigualdade.

A inacción inicial da administración competente foi suplida pola colaboración do profesorado, alumnado, familias e por moitos concellos desta provincia, de diferente cor, que máis pegados aos problemas dos cidadáns, puxéronse ao servizo da comunidade educativa para aportar o seu gran de area, na medida das súas posibilidades.

O 15 de xuño de 2020 a Comunidade Autónoma de Galicia foi a primeira das comunidades autónomas en saír do estado de alarma. A tarefa máis urxente que tiña riba da mesa a Consellería de Educación, unha vez finalizado o curso, coa experiencia acumulada nos meses de confinamento e agora con tempo suficiente, era a de organizar, en coordinación coa comunidade educativa e as autoridades sanitarias, o próximo curso escolar, prevendo diferentes escenarios epidemiolóxicos para o mes de setembro.

Non foi así, levantado o estado de alarma a Xunta de Galicia centrouse na campaña electoral. Así é que o borrador do Protocolo de Adaptación ao contexto do Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021 non foi dado a coñecer á mesa sectorial ata dous días despois da celebración das eleccións. Este protocolo, que deriva a responsabilidade nos centros educativos e concellos, suscitou as protestas de sindicatos, ANPAS e entidades locais, demostrando unha nula capacidade de diálogo do Goberno galego. O Protocolo, que xa foi reformado en tres ocasións, está presidido por un único principio rector, o custo cero, demostrando unha vez máis a falta de compromiso do goberno do señor Núñez Feijoo coa educación pública.

Outras comunidades autónomas elaboraron plans ambiciosos que priorizan a educación e a saúde de alumnos e profesores. Así, por exemplo, a Comunidade Autónoma de Valencia contratou 4.374 profesores, garantindo que cada centro contara como mínimo cun profesor de reforzo este curso e rebaixou a ratio de alumnos por aula a 20. Do mesmo xeito a Comunidade Autónoma de Asturias destinou 30 millóns a reducir o tamaño dos grupos coa contratación de 850 novos docentes.

Pola contra a Comunidade Autónoma de Galicia, que acaba de recibir 93 millóns de

euros do fondo estatal para educación, négase a rebaixar as ratios de alumnos por aula en educación primaria, ESO e bacharelato, a contratar profesores ou desdobrar aulas buscando espazos en coordinación cos concellos e outras administracións, ata no caso de que se incumplan as distancias de seguridade establecidas polo Ministerio de Sanidade. Tampouco dispuxo ningunha medida extra para atender aos comedores xestionados polas ANPAS, garantindo así que a conciliación familiar chegue a todos os centros educativos da comunidade.

O fracaso da organización do curso escolar 2020-2021 foi recoñecido de xeito indirecto polo propio Feijoo coa substitución da conselleira de educación Carme Pomar e o seu equipo á fronte da Consellería de educación e polo atraso "in extremis" do inicio do curso escolar en secundaria e bacharelato.

Por todo o anteriormente exposto, os grupos asinantes da moción propoñen ao pleno da corporación a adopción dos seguintes ACORDOS

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Que se estableza un metro e medio de distancia de seguridade para todo o alumnado galego e que a dita distancia de seguridade sexa uniforme en toda a actividade escolar, incluso a de carácter non lectivo que se desenvolva dentro dos centros educativos, independentemente do emprego doutras medidas de protección.
- 2.- Que a Consellería solicite aos concellos a cesión dos espazos públicos dispoñibles que poidan ser necesarios para desdoblar as aulas nos centros en que non sexa posible manter a precitada distancia de seguridade.
- 3.- Que se contraten todos os docentes que sexan necesarios para o desdoblamento das aulas, alí onde non poida garantirse a distancia de seguridade e suplir as baixas.
- 4.- Que asuma as competencias e proceda á desinfección profesional dos centros educativos, ou ben proceda a dotar aos concellos dos medios materiais, persoais e económicos para levar a cabo a desinfección.
- 5.- Que planifique a atención dos alumnos en situación de risco que non poidan asistir a clase por esta causa, así como a dos alumnos que deban gardar cuarentena e que se prevea a súa atención domiciliar nas mesmas condicións que os que acoden ás aulas. Ademais diso, que tamén se teña en conta a presenza do alumnado con necesidades de apoio educativo como criterio para o desdoblamento, garantindo así o seu dereito a unha educación inclusiva e de calidade.
- 6.- Que invista en accións de dixitalización que garantan que en caso de prescindir nalgún momento do ensino presencial se poida contar cunha educación de calidade para todos os alumnos.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Hai unha serie de rogos, un primeiro rogo presentado polo Grupo Popular respecto á utilización das instalacións deportivas do IES Puga Ramón .

Sra. Gallego Neira

Nós temos un rogo e eu logo quero facer unha pregunta, non sei se despois do rogo ou ao final de todo.

Sr. Presidente

Cando queiras

Sra. Gallego Neira

Primeiro o rogo, a nome do Grupo Provincial Popular fágolle o seguinte rogo. A entidade deportiva de patinaxe Galicia Rollers é unha asociación da Coruña que fomenta o uso dos patíns en persoas de todas as idades, como forma de deporte, lecer e mobilidade sostible, con máis de catrocentos asociados. O 21 de setembro de 2020 dirixiuse vía correo electrónico á Presidencia desta Deputación e deu traslado tamén ao Grupo Provincial Popular para a realización da seguinte petición: "Por causa da Covid a instalación privada pola que apostamos no Polígono de Pocomaco témola que abandonar, xa que levaba meses sen actividade e dificilmente poderíamos facer fronte aos gastos, a todo isto súmase que a día de hoxe algunhas instalacións de xestión privada reducíronnos horas de alugueiro e a situación empeza a ser preocupante, ademais da situación sanitaria á que nos temos que adaptar. Tras facer unha chamada ao IES Puga Ramón para preguntar polo pavillón do instituto, estes remitíronnos á Deputación da Coruña e por iso preguntámonos se é posible que nos autorizasen o uso desta instalación fóra do horario das súas actividades, isto axudaríanos enormemente a que poidamos seguir desempeñando o noso labor e colaborando en aumentar o tecido deportivo da cidade".

Por todo iso, o Grupo Provincial Popular e, no seu nome, esta deputada, realízanlle o seguinte rogo, que se autorice o uso do pavillón do Instituto Puga Ramón fóra do horario das súas actividades escolares e lectivas á entidade deportiva de patinaxe Galicia Rollers da Coruña para a práctica da patinaxe co obxectivo de aumentar o tecido deportivo da cidade. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Vai contestar a pregunta a deputada da área de educación, Sandra.

Sra. González Castro

Bos días a todos e a todas. Dicirlle, aínda que é un rogo, que non é unha pregunta, pero dicirlle que si, que desde a Deputación temos a maior das disposicións en poñer os dous pavillóns, tanto o do Puga Ramón, como o do Calvo Sotelo, a uso e desfrute dos cidadáns da Coruña. Na nosa pretensión de fomento e de apoio das actividades deportivas estamos facendo todo o posible para poñer estas instalacións en mans das diversas entidades deportivas. Para iso, nestes momentos, estamos traballando para poñer todos os medios necesarios, estamos elaborando protocolos de uso que poidan garantir o cumprimento das medidas de seguridade pertinentes para que estas actividades poidan desenvolverse de xeito seguro.

Por outra parte quero dicirlle tamén que se está valorando a posibilidade de cesión do uso destas instalacións ao Concello da Coruña, esta é outra posibilidade que estamos valorando.

E con respecto á solicitude da que nos fala do 21 de setembro, unha vez recibida iniciouse un estudo sobre as posibilidades de atender esta demanda e desde a área de educación puxémonos en contacto co club deportivo de patinaxe Rollers e fixémoslle saber o que acabo de comentar. Estamos traballando para darlle solución o antes posible e permitir o uso do servizo. Nada máis.

Sr. Presidente

Hai un rogo de Alternativa dos Veciños sobre unha estrada provincial no Concello de Arteixo.

Sr. García Seoane

Eu teño un rogo e despois teño unha pequena pregunta, non sei se a podo facer seguidamente para non volver intervir.

O rogo refírese á estrada que está situada, da Deputación provincial, do Concello de Arteixo, para que se instalen pasos de peóns elevados con tecnoloxía luminosa led no treito desta estrada, que é a DP 0514. Esta estrada é a que vai desde Chamín a Sorrizo, está no Concello de Arteixo e non conta con ningún paso de peóns, e sumando todo iso coa cantidade de tránsito de vehículos que hai por aí, especialmente no verán, que como sabemos está a praia alí ao lado, converte Chamín nun auténtico perigo para os veciños e veciñas que cada día teñen que cruzar a estrada. O treito de maior perigo é o que se sitúa entre a escola de educación infantil, nesa estrada, e a zona de Sorrizo, en concreto o restaurante Pirixel. Nese treito, é un treito urbano, con rectas moi perigosas, e non hai un só paso, polo tanto, demándase que se faga desde a Sección de Vías e Obras da Deputación a instalación desta estrutura. Iso por un lado.

E logo, isto é moi grave, presidente, o que lle vou dicir, hai unha veciña de Fisterra á que lle se cobra o IBI, coma a outros veciños, porque a Deputación ten delegado polos concellos o cobro do imposto, e resulta que se lle pasa un recibo de 1.226 euros por un hotel que supostamente ten en Camariñas, xa o ano pasado pasoulle o mesmo, e xa denunciara o tema, pero agora é máis grave porque hai un embargo. Polo tanto, é un atropelo total, de embargarlle unha conta a unha cidadá que non ten ningún hotel en ningún sitio, que presentou un escrito ante a Deputación, e que ao final se lle embarga, isto case raía nun delito, case raía nun delito e por tanto rogo que se corrixa esa situación urxentemente. Eu presenteí onte na Deputación unhas copias do documento desta señora e paréceme que hai que corrixilo de inmediato, devolverlle os cartos e que estas cousas non se repitan. Nada máis.

Sr. Presidente

Bloquéase, pero en principio a contestación á última parte da túa intervención, referida a ese embargo a esa cidadán por un IBI dun hotel que aínda que non é propietaria, evidentemente é un erro, a pesar de que o Servizo de Recadación funciona francamente ben, este tipo de erros loxicamente son erros que hai que corrixir da forma máis inmediata.

Sr. García Seoane

Pero aconteceu o ano pasado, denunciouno, e vólvenllo facer este ano, pero este ano por riba embárgana, e ao parecer é un erro nunha cifra.

Sr. Presidente

En canto remate este Pleno poñémonos co Servizo para resolvelo. Non te preocupes.

E respecto da solicitude que fas para un paso de peóns elevado con tecnoloxía led na estrada DP 0514 ao seu paso polas parroquias de Chamín e Sorrizo, temos un informe de Vías e Obras que propón unha alternativa distinta, máis segura, require máis investimento, pero é máis segura, porque claro, por unha parte, hai limitacións, unha que para facer un paso de peóns ten que haber beirarrúas por ambas marxes, nese punto en concreto non ten beirarrúas, e por outra parte a pendente da estrada que supera o sete por cento, e as instrucións técnicas do Ministerio non permiten a colocación de pasos elevados en estradas con esa porcentaxe de caída.

Polo tanto, imos proceder a acometer a mellora nese espazo, conforme o informe que nos formula Vías e Obras que che trasladaremos hoxe mesmo.

Rosa, querías facer unha pregunta ademais do rogo.

Sra. Gallego Neira

Si, porque vemos na prensa e na web da Deputación que se van repartir *máscaras* facilitadas pola Subdelegación do Goberno, pois que *máscaras*, cal é o criterio de reparto, a que concellos, cantas a cada concello, e saber un pouco por que non se nos informou, porque nos están chamando alcaldes, durante o confinamento íasenos contando que se compraban *máscaras*, ou que se adquirían *máscaras* que facilitaba a Delegación do Goberno, e que se ían repartir e tiñamos unha listaxe de cantas ían a cada concello. Estannos preguntando e non sabemos que contestar, eu creo que non custaba nada informar á oposición antes de poñelo na web ou de publicalo na prensa. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Efectivamente hai un reparto de *máscaras* que corresponden ás deputacións provinciais e que o destinan aos concellos, que proveñen do Goberno do Estado, e a verdade pois si, podíase ter dado traslado dese reparto, que é un reparto poboacional, estritamente poboacional, tal e como viñeron sendo, e se non se lles deu traslado á

oposición ese reparto é porque xa non estamos loxicamente...., é un despiste evidentemente que asumo eu, porque non estamos no momento que estivemos na etapa do confinamento nin na etapa pos confinamento, onde a tensión polas máscaras era moito máis elevada. Xa non falamos diso practicamente. Por tanto é un despiste meu, non lle deas máis importancia a ese reparto de máscaras por parte da Subdelegación do Goberno, pero o criterio é o criterio de sempre, poboacional e en canto remate o Pleno damos traslado do reparto.

Sr. Calvelo Martínez

Presidente, eu quería facer tamén un pequeno comentario, ben, deixar aquí a miña perplexidade co tema da seguridade viaria da DP 0514, basicamente porque acabo de saber que a Deputación vai facer unha actuación de mellora nesa estrada sen contar con nós absolutamente para nada. Claro, eu agora xa non sei quen é o deputado de Vías e Obras, se é Gelo, ou é Pequeño, porque se, ao final, lle teño que pedir que os pasos de peóns que solicitamos na estrada da Deputación, que se nos denegan sistematicamente aquí en Arteixo por parte da Deputación, se llos pide Gelo ao mellor váiselles facer, pois agora quedo totalmente perplexo.

E o que quedo aínda máis alucinado e que leva a miña sorpresa é que o Concello de Arteixo está planificando o que é unha actuación da construción dun novo centro social na zona de alí de Lagoa a Sorrizo, que contempla facer as beirarrúas nos dous lados para solicitar un paso de peóns, que levamos nove anos solicitando e que sempre se nos denegou na Deputación, pero ben, se me fan vostedes as beirarrúas dunha vez xa aforramos nós o diñeiro.

Eu se os pasos de peóns os pide Gelo e os fan aquí en Arteixo, eu encantado de pedilos, se cando os pedimos nós non nolos conceden, quedo alucinado, e que o que ten tamén, que hai que ter un pouco de certa prudencia ao responder, todos sabemos que na DP 0514 a zona máis insegura, máis insegura que hai é xustamente á saída de Arteixo, que hai unha rotonda, onde hai un paso de peóns nesa rotonda en baixada cunha velocidade excesiva. Sabemos tamén que a recta de Barrañán totalmente hai unha velocidade complexa e que si que se deberían facer e levantamento de pasos de peóns, pero ben, eu acabo de saber que é iso, se me fan as obras porque as pide Gelo por parte da Deputación, e Vías e Obras fai as beirarrúas despois de nove anos solicitando un paso de peóns no centro social da Lagoa, contento. Tamén lle vou dicir, a denegación dos pasos de peóns na estrada de Uxes, a denegación dos pasos de peóns no que é a estrada de Armentón, a denegación dos pasos de peóns no que son as estradas que une coa AC552 por parte da Deputación, eu, claro, agora tamén un pouco poño en entredito quen é realmente o que ten a competencia neste tema. Creo que non son maneiras de proceder e menos de responder, sobre todo, imos agora a mesturar dúas actuacións, unha actuación municipal cunha actuación por parte da Deputación, sen coordinación ningunha, é máis, onde estaba planificado o paso de peóns non se pode poñer, que se debe de poñer un pouco máis atrás, pero ben, eu aí o deixo. Gelo, deputado de obras.

Sr. García Seoane

A min faime moita graza Carlos, eu non sei se Carlos denunciou isto algunha vez ou lle pediu á Deputación isto algunha vez.

Sr. Calvelo Martínez

Nove anos, nove anos levamos pedindo o paso de peóns en Sorrizo.

Sr. García Seoane

Déixame falar Carlos. A miña xente nese municipio, Alternativa dos Veciños nese municipio, anda polos barrios. Contéstame o presidente que analizan a situación e que en vez de poñer pasos de peóns van facer outra cousa, eu alégrome, e ti tiñas que alegrarte moitísimo, eu sinto que ti non te preocuparas diso antes, preocupouse a miña xente en Arteixo, a pesar de que o concelleiro que tiña me usurpou o cargo de concelleiro e está desfrutando del, e a ti vaiche moi ben non ter unha voz no concello que che dea candela. Pero ben, o tema é o que é, a ver se agora se me vai prohibir traballar na comarca da Coruña ou na provincia, eu son deputado provincial. Podo facer o que crea e, polo tanto, agradezo á Deputación que me conteste "non imos facer como pide Alternativa iso que dis aí por isto, por isto e por isto, estamos analizando...", e iso a ti non te tiña que enfadar nada.

Sr. Calvelo Martínez

Non é esa situación, Gelo, eu creo que, efectivamente, Alternativa dos Veciños pode perfectamente pedir e solicitar distintos pasos de peóns, é que nosoutros levamos tempo pedíndoos e sistematicamente se nos están denegando os pasos de peóns nas vías de titularidade da Deputación. O que máis me alucina é que, sobre todo no tema de Sorrizo, que diga o presidente que están formulando a construción de beirarrúas, nun tema, nunha contorna que levamos nosoutros e onde imos actuar coa construción dun novo centro social, parécenos totalmente descoordinado. É tan fácil como Pequeño chamarme a min e dicirme, "oe, Carlos, que ides facer no centro social da Lagoa?", porque é que é abraiante, porque estamos facendo beirarrúas seguidas nas estradas da Deputación, que Bernardo é a.... que diga que non ten competencias, gastando máis de dous, tres millóns de euros en estradas da Deputación, facendo beirarrúas, e agora sen comunicar co concello vannos facer unha beirarrúa onde non a pide nin o concello, onde leva nove anos coa actuación dun centro social, eu creo que é un pouco *cachondeo*. Eu o único que digo é, paréceme correcto, e Gelo fai ben en solicitar mediante o seu Grupo de Alternativa as melloras en distintos sitios, eu do que me queixo é que non se me comunique a min que se vai facer unha actuación no Concello de Arteixo, na estrada da Deputación, onde levamos nove anos pedíndoo e onde imos facer agora un centro social que implica facer as beirarrúas nese centro social, se as vai facer a Deputación, encantado, nós cartos que aforramos, pero polo menos que nolo digan, é o único que dicimos.

Sr. Presidente

Se me deixades responder. Aquí, Carlos, por non sacalo de contexto, o que hai exactamente é un rogo presentado por un deputado provincial sobre unha estrada concreta da Deputación, independentemente do concello no que estea, podía estar facendo un rogo no concello de Moeche, que non está representado aquí polo seu

alcalde, entón ti falas como alcalde, estás no Pleno da Deputación como deputado provincial. Entón, o que fai o departamento de Vías e Obras é contestar en automático, prepararlle unha resposta ao presidente ante unha solicitude ou un rogo que fai un deputado provincial, sen máis. E a contestación que explica o departamento é contradicir a proposta que fai Alternativa dos Veciños por imposibilidade material da súa execución, e por incumprimento normativo da súa proposta....

Sr. Calvelo Martínez

Iso é o que sempre nos responderon a nós, que non se podía colocar alí un paso de peóns porque incumpría a normativa, e levamos nove anos pedíndoo, nove anos pedíndoo, Valentín.

Sr. Presidente

Carlos, eu non levo tantos anos aquí, se me deixas acabar, despois volvo deixarte falar, non hai problema, porque senón pérdome.

Entón, o que quería dicir era que a contestación de Vías e Obras é unha contestación técnica, e fai unha proposta alternativa, e a alternativa é, nesa estrada hai unhas limitacións, que en pendente se denegan os pasos elevados, non só en Arteixo, senón que sabes perfectamente que se denegan en toda a provincia, onde non sabía eu a causa por que, pero exactamente agora entendo o porqué, a normativa que fala da pendente. Entón, a proposta que fai o Servizo de Vías e Obras, nós loxicamente, agora ten un percorrido, e o percorrido sábelo perfectamente, non vai iniciarse sen a conversa co concello correspondente, neste caso é Arteixo, e podía ser Moeche, como digo, ou podía ser Mañón, que non está aquí representado. Polo tanto, a forma de proceder da Deputación é esa, eu evidentemente non sei se se vai facer un centro social alí, nunca falamos diso. Por tanto, é unha contestación unicamente técnica, do departamento de Vías e Obras, en resposta a un rogo que fai Alternativa dos Veciños. Agora ten un camiño, é dicir, estás ti no Pleno e, polo tanto, defendes, sáche, digamos a camiseta de alcalde, e defendes loxicamente, normal, non somos o doutor Jekyll e Mr. Hyde, é normal que o fagas, eu tamén o faría, pero en calquera caso sabes que non se vai levar a cabo. Se se trata de recoñecer a defensa que fas dos veciños de Arteixo e da seguridade viaria dos veciños de Arteixo nas vías provinciais, eu son testemuña diso, nese sentido podes estar tranquilo, son testemuña diso, e se se trata de acreditar a cantidade de veces que levas pedido ao Servizo de Vías e Obras non só pasos peonís, non sei nesta estrada concreta, pero non só iso, senón a cesión de estradas para mellorar a seguridade viaria e facelo con máis dinamismo e axilidade e facer investimento vós como concello, dou eu crédito de que iso foi así. Agora, non saques de madre iso, porque é simplemente unha proposta que fai un partido político, que recolle de non sei quen do barrio, e nós tecnicamente respondimos, agora comeza un camiño, e ten unha parte técnica, unha parte económica, unha parte burocrática administrativa e unha parte política de xestión que loxicamente sabes que levamos sempre a gala.

Sr. Calvelo Martínez

Se eu o entendo e mira, vouche facer unha apreciación, efectivamente,

despois de moito pedilo autorizáronnos un paso sobreelevado na estrada da Deputación de Lañas, paso sobreelevado, estrada da Deputación, sobreelevado, e autorízano porque o paga o Concello.

Sr. Lema Suárez

É que parece que se debaten máis os rogos e preguntas que as mocións ás veces aquí na Deputación, pero ben.

Sr. Presidente

Rara vez, rara vez.

Sr. García Seoane

Ás mocións chégalles o tempo.

Sr. Lema Suárez

Si, pero é curioso porque nas mocións teoricamente débátese, nos rogos simplemente se expón unha parte pero ben, o debate nos rogos e preguntas é máis extenso que nas mocións ás veces.

O noso rogo é o seguinte. Nós no mes de abril soubemos do acordo definitivo entre o Concello de Sada e a Consellería de Infraestruturas para acometer as obras de canalización e saneamento do río Maior, co fin de evitar as enchentes que asolagaron no pasado recente o centro da vila. Así mesmo, o presidente desta Corporación, Valentín González Formoso, expresou tamén no pasado o compromiso da Deputación coa Corporación de Sada para este mesmo asunto e agora que estamos comezando a temporada outra vez de inverno e de choivas, polo tanto, rogámoslle á Deputación da Coruña que subscriba á maior brevidade posible o devandito convenio de colaboración co Concello de Sada e a Xunta de Galicia co fin de acometer as obras de canalización e saneamento do Río Maior. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Ao respecto dicirche Alberto que é certo, nosoutros cando houbo sempre inundacións no Concello de Sada visitamos a vicepresidenta Goretti máis eu o concello, creo que coincidimos incluso alí co delegado territorial da Xunta de Galicia e, efectivamente, nós asumimos un compromiso co Concello de Sada de complementar e suplementar o investimento que tiña que facer Augas de Galicia como responsable autonómica desas cuestións e o propio concello, sen falar de cantidades nin moito menos. Hai un tempo trasládannos que hai ese acordo coa Xunta de Galicia, nós imos subscribir ese convenio, estamos de acordo en facelo, unha vez que saibamos a cantidade, en calquera caso xa lle explicamos oficialmente ao alcalde en varias ocasións que estamos esperando un pouco ver as posibilidades de utilización de remanente da Deputación para poder cumprir ese compromiso.

Sr. Lema Suárez

Moi ben, moitas grazas.

Sr. Presidente

En calquera caso tamén recalcar que tivemos dúas achegas do POS este ano que superan bastante, case duplican a cantidade que a Deputación ten que achegar, en calquera caso se houbera algún problema de urxencia, que creo que non hai, desde o punto de vista burocrático, de prazo, refírome, podería terse recorrido a esas cantidades, pero en calquera caso o compromiso da Deputación vaise levar a cabo. Moitas grazas a todos e a todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:48 horas.